



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 101

IX lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 11 de marzo de 2015

Presidencia da Excm. Sra. D<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera

#### ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.5 33293 (09/PNP-002439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da redución por transmisión *mortis causa* da vivenda habitual, prevista no imposto sobre sucesións e doazóns

Publicación da iniciativa, BOPG nº 419, do 19.02.2015

4.6 33634 (09/PNP-002454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias ante o Goberno central para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de lexislación laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 419, do 19.02.2015

4.7 33834 (09/PNP-002469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante reforma do artigo 13.4 da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, solicitada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 422, do 25.02.2015

4.8 33915 (09/PNP-002478)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez Hernández, Berta, e Oubiña Solla, Rosa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso, abuso sexual e discriminación da muller no deporte e coa promoción do deporte feminino.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 422, do 25.02.2015

### Punto 5. Interpelacións

#### 5.1 29026 (09/INT-001058)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Díaz Pérez, Yolanda  
Sobre a política industrial prevista pola Xunta de Galicia  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 23.10.2014

#### 5.2 32591 (09/INT-001218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
García García, Pablo, e dous deputados/as máis  
Sobre as propostas presentadas polo Goberno galego ao Goberno central para a súa inclusión no futuro decreto referido ao denominado 'paquete lácteo'  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 411, do 06.02.2015

#### 5.3 33220 (09/INT-001237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Calvar, María Carmen, e tres deputados/as máis  
Sobre a política de persoal na xestión pública da discapacidade  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 11.02.2015

### Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

#### 6.1 34270 (09/POPX-000118)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez Romeu, José Luis  
Sobre a valoración dos resultados económicos do ano 2014  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

#### 6.2 34278 (09/POPX-000119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Jorquera Caselas, Francisco Xesús  
Sobre a asunción de responsabilidades pola defensa da venda de NovaGalicia Banco  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

#### 6.3 34293 (09/POPX-000120)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Díaz Pérez, Yolanda  
Sobre as razóns do lugar que ocupa Galicia nos datos económicos básicos estatais  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

### Punto 7. Preguntas ao Goberno

#### 7.1 34292 (09/PUP-000186)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Beiras Torrado, Xosé Manuel, e seis deputados/as máis  
Sobre a depuración de responsabilidades en relación co proceso de venda de NovaGalicia Banco  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

#### 7.2 32301 (09/POP-002907)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Gómez Alonso, Alejandro  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co grao de implantación do Plan de transporte metropolitano de Galicia para o ano 2015  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 05.02.2015

#### 7.3 33506 (09/POP-003055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre a intención do Ministerio de Fomento de restrinxir a circulación de tráfico pesado en determinadas estradas de Galicia e da súa derivación cara ás autoestradas de peaxe  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 419, do 19.02.2015

#### 7.4 34191 (09/PUP-000183) (corrección de erros doc. núm. 34195)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Vázquez Abad, Jesús e 7 máis  
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a limpeza, rehabilitación e posta en valor da ponte romana de Ourense  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

#### 7.5 33831 (09/POP-003095)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis  
Sobre os posibles efectos dos recortes anunciados pola empresa Pemex no tecido produtivo galego  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 422, do 25.02.2015

#### 7.6 34287 (09/PUP-000185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme  
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego ante a nova situación da petroleira mexicana Pemex  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

7.7 32954 (09/POP-003020)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas de apoio económico e material suplementarias que vai achegar o Goberno galego para fornecer, a través dun plan plurianual, os programas que está a desenvolver a asociación Aspa-neps

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 11.02.2015

7.8 34223 (09/PUP-000184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e sete deputados/as máis

Sobre o coñecemento pola Consellería de Traballo e Benestar da situación actual en que se atopan as persoas que están a ocupar unha praza na Residencia de Maiores das Gándaras, en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

---

*Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración dos resultados económicos do ano 2014.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a asunción de responsabilidades pola defensa da venda de Novagalicia Banco.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as razóns do lugar que ocupa Galicia nos datos económicos básicos estatais.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

---

**Proposición non de lei, do G.P. Popular de Galicia, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da redución por transmisión *mortis causa* da vivenda habitual, prevista no imposto sobre sucesións e doazóns.** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 20.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 20.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 22.) e *Sr. Sánchez Bugallo (S).* (Páx. 22.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 23.) e *Sra. Díaz Pérez (AGE).* (Páx. 24.)

*O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate.* (Páx. 24.)

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias ante o Goberno central para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de lexislación laboral.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 25.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Quintas Álvarez (S).* (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 29.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 30.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 31.)

*A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate.* (Páx. 33.)

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a reforma do artigo 13.4 da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, solicitada polo G.P. Popular no Congreso dos Deputados.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 36.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 37.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 38.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 39.)

*Nova intervención da señora Acuña do Campo (S).* (Páx. 41.)

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández e D<sup>a</sup> Rosa Oubiña Solla, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso, abuso sexual e discriminación da muller no deporte e coa promoción do deporte feminino.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Oubiña Solla (P).* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 44.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 45.) e *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 48.)

*A señora Oubiña Solla (P) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate.* (Páx. 49.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carme Iglesias Sueiro, sobre a solicitude do Goberno galego ao Goberno central respecto da rebaixa do IVE nas actividades culturais: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e D. José Javier Ron Fernández, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do tratamento con Sofosbuvir para os doentes con hepatite C: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de supresión de 130 postos de traballo na Consellería do Medio Rural e do Mar: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coas denominadas peaxes de respaldo do autoconsumo eléctrico e o desenvolvemento normativo do balance neto: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da redución por transmisión *mortis causa* da vivenda habitual, prevista no imposto sobre sucesións e doazóns: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias ante o Goberno central para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de lexislación laboral: *rexeitada por 16 votos a favor, 40 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 51.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a reforma do artigo 13.4 da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, solicitada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández e D<sup>a</sup> Rosa Oubiña Solla, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso, abuso sexual e discriminación da muller no deporte e coa promoción do deporte feminino: *aprobada por 39 votos a favor, 30 en contra e 2 abstencións.* (Páx. 51.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política industrial prevista pola Xunta de Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 52.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 53.)

---

*A señora Adán Villamarín (BNG) solicita unha intervención, en virtude do artigo 150.2 do Regulamento. (Páx. 55.) A señora presidenta concédelle a palabra durante un tempo de tres minutos e desde o escano. (Páx. 55.) A señora Adán Villamarín amosa o seu desacordo coa decisión da presidenta, e esta, logo de varias intervencións da señora Adán, chámala á orde en dúas ocasións, coa indicación de que unha terceira chamada á orde lle supoñería abandonar o hemiciclo. (Páx. 56.) O señor Jorquera Caselas (BNG) pide a palabra para intervir sobre esta cuestión. (Páx. 56.) Tras a invitación da señora presidenta á señora Adán Villamarín de que fíxese uso da palabra desde o escano e a negativa desta, chámala á orde por terceira vez e pídelle que abandone o salón de sesións. (Páx. 57.)*

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE) (Páx. 57.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López). (Páx. 58.)*

**Interpelación de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as propostas presentadas polo Goberno galego ao Goberno central para a súa inclusión no futuro decreto referido ao denominado `paquete lácteo` . (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. García García (S). (Páx. 59.)*

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar. (Páx. 62.)*

Réplica do autor: *Sr. García García (S). (Páx. 63.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar. (Páx. 65.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

#### **Alteración da orde do día**

*A señora presidenta comunícalles ás súas señorías dúas alteracións da orde do día consistentes, en primeiro lugar, en que a pregunta 7.1, co número de rexistro 34292, do señor Fajardo Recouso, se debaterá en último lugar, e, en segundo lugar, en que a pregunta 7.8, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, co número de rexistro 34223, se debaterá a continuación da seguinte interpelación. (Páx. 66.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de persoal na xestión pública da discapacidade. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Gallego Calvar (S). (Páx. 66.)*

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero). (Páx. 68.)*

Réplica da autora: *Sra. Gallego Calvar (S). (Páx. 70.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero). (Páx. 72.)*

**Pregunta de D. Juan Carlos González Santín e sete deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento pola Consellería de Traballo e Benestar da situación actual en que se atopan as persoas que están a ocupar unha praza na Residencia de Maiores das Gándaras, en Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. González Santín (P). (Páx. 73.)*

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero). (Páx. 74.)*

Réplica do autor: *Sr. González Santín (P). (Páx. 75.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero). (Páx. 76.)*

**Pregunta de D. Alejandro Gómez Alonso, do G.P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co grao de implantación do Plan de transporte metropolitano de Galicia para o ano 2015.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Alonso (P)*. (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 77.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Alonso (P)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 78.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a intención do Ministerio de Fomento de restrinxir a circulación de tráfico pesado en determinadas estradas de Galicia e da súa derivación cara ás autoestradas de peaxe.** (Punto sétimo da orde do día.)

*A señora presidenta comunícalle á Cámara que, dado que a señora Pontón Mondelo (BNG) non se atopa presente, e de acordo co artigo 75.1 do Regulamento, se entende que renuncia a facer uso da palabra e que, polo tanto, a pregunta decae.* (Páx. 80.)

**Pregunta de D. Jesús Vázquez Abad e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a limpeza, rehabilitación e posta en valor da ponte romana de Ourense.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Abad (P)*. (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 81.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Abad (P)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 82.)

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os posibles efectos dos recortes anunciados pola empresa Pemex no tecido produtivo galego.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 83.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 83.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 85.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego ante a nova situación da petroleira mexicana Pemex.** (Punto sétimo da orde do día.)

*A señora presidenta comunícalle á Cámara que, dado que a señora Adán Villamarín (BNG) non se atopa presente, e de acordo co artigo 75.1 do Regulamento, se entende que renuncia a facer uso da palabra e que, polo tanto, a pregunta decae.* (Páx. 85.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez e D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas de apoio económico e material suplementarias que vai achegar o Goberno galego para fornecer, a través dun plan plurianual, os programas que está a desenvolver a asociación Aspaneps.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. (Páx. 85.))

Contestación da Xunta: *Sr. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. (Páx. 86.))

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. (Páx. 87.))

---



**Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e seis deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a depuración de responsabilidades en relación co proceso de venda de Novagalicia Banco.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx.88.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 90.)

*Remata a sesión ás seis e quince minutos da tarde.*

---

*Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

**A señora PRESIDENTA:** Reiniciamos a sesión.

Antes de comezar co punto 6, de preguntas para responder o presidente da Xunta de Galicia, hoxe recordamos o décimo aniversario dun acontecemento triste para todos. Polo tanto, prego un minuto de silencio en recordo das vítimas do atentado terrorista do 11 de marzo.

*(As señoras e os señores deputados, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Comezamos, pois, o desenvolvemento da orde do día, coa seguinte pregunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración dos resultados económicos do ano 2014**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para formular a súa pregunta, don José Luis Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Moitas grazas, presidenta.

Señor presidente, supoño que coñece este libro; é unha publicación recente e fala de vostede. O autor, un coñecido periodista, Fernando Ónega, explica como, pouco despois de tomar posición da Presidencia, vostede foi posto ao corrente da situación das caixas galegas por medio dos máis altos representantes do Estado. E con esa información, vostede encargou un informe *ad hoc* para convencer este Parlamento de que a fusión era a única solución posible. Pouco tempo máis tarde, a entidade resultante era intervida polo Estado, capitalizada con 10.000 millóns de euros e cos activos transferidos á Sareb, e, posteriormente, foi vendida con perdas de 9.000 millóns de euros de fondos públicos. O comprador, primado con 2.200 millóns de créditos fiscais, desembolsou 400 millóns inicialmente para gañar 1.100 no primeiro ano.

Conclusións: un comprador sagaz, un vendedor torpe, un presidente da Xunta irresponsable. Seguramente moitos empresarios suspiran por axudas semellantes, e, dende logo,

se esa entidade tivera sido vendida máis tarde, ou mesmo hoxe ou nun próximo futuro, o interese público quedaría moito máis beneficiado.

Este grupo denunciou no seu momento o que era unha actuación nefasta para o interese público. Aínda descoñecemos unha explicación formal e documentada sobre o que ten ocorrido. O FROB rehusou acudir ao Parlamento e informar directamente e a Xunta paralizou a comisión de investigación, evitando, por exemplo, que puideran trasladarse ao Ministerio Fiscal algunhas actuacións.

Vostede pasou de defender a viabilidade da fusión das caixas, e a súa galeguidade, a defender a venda ao capital foráneo, pasando polo engano masivo a unha morea de investidores galegos, que pensaron que vostede tiña un compromiso serio. Eu comprendo que tivera que prescindir da conselleira Currás, a mesma que se negou a comparecer no Parlamento a dar explicacións e que agora anda explicando non se sabe moi ben que novo modelo produtivo.

Vostede non é moi fiable como agoreiro. Hai un ano nesta Cámara prognosticou un crecemento que foi na realidade a metade do que vostede ten anunciado, un punto menos que a media española. ¿Señor Feijóo, cando fai agoiros, equivócase deliberadamente? *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señora presidenta.

Como verá, as preguntas mudan en función da hora en que se formulan, porque tiña, con moito gusto, preparada a resposta ao BNG sobre a situación das caixas e o seu devir, e tiña unha resposta preparada para o Partido Socialista, que creo que coñece o Regulamento, sobre os resultados económicos do ano 14. Pode ser que o BNG me fale dos resultados económicos do 14 e a vostede lle conteste sobre a situación das caixas. A min gustaríame, señor Méndez Romeu, que por un momento me preguntara algo concreto.

Pero, en fin, como vostede pregunta –depende o momento–, sorpréndeme que colla, para iniciar a súa intervención, o

libro do señor Ónega, onde se acredita, claramente, que, efectivamente, a primeira noticia sobre a situación das caixas galegas a tiveron a través da súa maxestade o rei. O cal, que vostede, que formaba parte da comisión de traspaso entre o Goberno bipartito e este goberno, vostede non dixerá nada sobre a situación das caixas de aforro e me tivera que enterar en Madrid, no palacio da Zarzuela. *(Aplausos.)* É sorprendente, señor Méndez Romeu.

É sorprendente que, con tanta irresponsabilidade cando vostede estaba no Goberno, e con tanta irresponsabilidade cando pretende ser portavoz da oposición, fale sobre as caixas de aforro sen rubor. O Partido Socialista Obreiro Español en Galicia intentou, dende o principio, que os galegos non tiveramos ningunha entidade financeira radicada en Galicia. Ese era o seu obxectivo *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*, claro e preciso.

Entre o grupo maioritario e o BNG aprobamos unha Lei de caixas de aforro, sen mirar a outras comunidades autónomas, incluída Andalucía, e ¿que fixo o Partido Socialista Obreiro Español na oposición e no Goberno en Madrid? Recorrela. E ¿que fixo o Tribunal Constitucional en consecuencia? Suspendela. E ¿que acaba de facer o Tribunal Constitucional? Dicar que esa lei era conforme a dereito. E, polo tanto, unha vez máis, comprobouse que vostedes estaban torpedeando a posibilidade de que Galicia tivera unha entidade financeira solvente e radicada na comunidade autónoma.

Señoría, vostedes sacaron á rúa en Vigo miles de vigueses que de boa fe crían que non tiñamos interese... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* polas caixas, enganaron a todos eses vigueses de boa fe que saíron á rúa, enganaron os 4.500 traballadores... *(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señor Gallego!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
...das caixas de aforro e enganaron todos os depositantes...

**A señora PRESIDENTA:** Señor Gallego, ten unha chamada á orde.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
...e todos os galegos que tiñan os aforros nesas caixas. E por

iso vólvese sorprendido agora que vostede me diga, agora resulta que o Partido Socialista Obreiro Español é o defensor dos directivos das caixas. E agora resulta...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
...que o Partido Socialista Obreiro Español en Galicia me di a min por que en Galicia hai unha entidade bancaria domiciliada en Galicia que mantén 4.500 empregos e que aínda gaña diñeiro.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
Señor Méndez Romeu, a súa intervención creo que debe constar claramente neste *Diario de Sesións*.

Moitísimas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Réplica do señor Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Supoño que tivo a mesma tentación que o señor Rajoy, pero non se atreveu a chegar na descalificación tan lonxe. *(Murmurios.)*

Vostede si que ten un problema en Vigo, vostede si que ten un problema de engano en Vigo, reiterado, ademais, non soamente coa Caixa.

Señor Feijóo, vostede dixo que Galicia lideraría a recuperación española. Na realidade, terceiro peor comportamento das dezasete comunidades no ano 14. No pasado verán, aquí, a conselleira Muñoz elevou a previsión de crecemento en tres décimas. A realidade foi un terzo da previsión. Comprendo que fora cesada e enviada a ese ostracismo.

Señor Feijóo, é inasumible o seu discurso de satisfacción. Hai poucas datas, nada menos que o señor Juncker, presidente da Unión Europea, dicía que non se poderá falar de recuperación e dar a crise por rematada con estas cifras de paro. El é realista, vostede é irreal, vostede está vivindo nun mundo falseado.

No 2014 a economía galega tivo un crecemento negativo na agricultura e na construción, e na industria tamén foi negati-

vo, co maior retroceso de España. Só nos servizos hai unha tendencia mínima, e para iso coa máis que notable excepción do comercio, que tamén é negativo. Saldo comercial, en termos de PIB, negativo; comercio exterior, retrocedeu; comercio co resto de España, retrocedeu; investimento estranxeiro en Galicia, en cifras simbólicas, agás que vostede lle chame internacionalización á venda sistemática das empresas de referencia.

O diferencial con España increméntase. Vostede leva dous anos sen iniciativa, atento a outros intereses. ¿Vai seguir claudicando como presidente e atendendo só o seu medre persoal? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
Moitas grazas, señora presidenta.

Agradezo que teña dúas posibilidades de dúas preguntas formuladas polo Partido Socialista: a primeira, no primeiro turno, e unha pregunta totalmente distinta no segundo turno.

Señor Méndez Romeu, de momento en Vigo o Partido Popular gaña as eleccións. Lamento que o Partido Socialista as perda constantemente. (*Aplausos.*) O que si lle digo, señoría, é que un dos maiores enganados que houbo en Vigo nos últimos anos foi xustamente patrocinado polo Partido Socialista Obreiro Español: dicir que todo estaba ben na entidade financeira ubicada en Vigo e, despois, por exemplo, dicir que o hospital público de Vigo é privado. Pero, como iso a xente xa o sabe, sabe perfectamente os 4.500 traballadores de Abanca que teñen emprego, a pesar do Partido Socialista Obreiro Español, sábeno perfectamente, pois o tema do hospital saberano a partir deste segundo semestre deste ano, cando acudan ao hospital e cando se acorden de que o Partido Socialista dicía que era privado e que tiñan que pagar por acudir a ese hospital. (*A señora Acuña Docampo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Comprobarán que o Partido Socialista engana...

**A señora PRESIDENTA:** Señora Acuña, ten unha chamada á orde.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
...de forma continuada, en Vigo, e, lamentablemente, na maioría das cidades de España. (*Aplausos.*)

Pero, señoría, o que si lle digo é que por fin iniciamos un debate sobre o crecemento da economía galega, e o que queda moi claro é que a economía galega medra por primeira vez dende o ano 2010. Recordará vostede cando estaba no Goberno que, ademais de non informarme sobre a situación das caixas, deixaron a economía galega cun decrecemento do 3,4 %. Pois fronte aos decrecementos que nos atopamos, agora iniciamos o crecemento económico.

Señoría, lamento que non diga vostede que durante todo o período deste goberno, durante cinco anos de recesión económica, a economía galega se comportou mellor que a media da economía española. E, de feito, cada ano baixamos menos, tivemos menos decrecemento económico que o resto de España. Lamento que non o diga.

E tamén lamento que non diga, por exemplo, que o emprego, que é o efecto claro da economía, que o emprego en Galicia está comportándose mellor que no resto de España; que os datos de paro en Galicia están 8 % baixada de paro e en España 6 %, e que as afiliacións á Seguridade Social no último ano se incrementaran en 15.000. ¿Temos menos paro que o ano pasado? Si. ¿E menos paro que hai dous anos? Si. ¿E menos paro que hai tres anos? Si. ¿E temos máis afiliacións á Seguridade Social? Tamén.

Por iso sorpréndeme, señoría, que vostede non diga que se está recuperando o consumo, que se está recuperando a formación bruta de capital, que se están recuperando as exportacións, que se están recuperando os servizos, que recuperamos o sector primario. E ¿onde temos un problema? Témosto detectado: na industria. E é verdade que no sector do automóbil, mentres España crece o 8,5 %, Galicia decreceu un 1 %. E no sector naval, mentres estamos facendo contratos...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, presidente, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
...e non empezamos a facer barcos, iso non ten peso no PIB. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O que non di vostede, señoría, o que non di vostede é que a Xunta de Galicia cumpriu os seus deberes, e que, neste momento, PSA Peugeot Citroën ten un compromiso de 600 millóns de investimento en Galicia e en Vigo.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Por iso, señoría, agradezo que por primeira vez neste Parlamento acepte que a economía galega está crescendo.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a asunción de responsabilidades pola defensa da venda de Novagalicia Banco**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, señor Jorquera, para formular a súa pregunta.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, algunha vez me gustaría saber cales son as súas fontes, porque os datos oficiais o que indican é que o PIB medrou en España en 2014 un 1,4 % e en Galiza un 0,4, menos da metade do prognosticado polo seu goberno.

Mire, non llo reprocho, porque errar é de humanos. De feito, o Goberno que vostede preside é tan humano que leva cinco anos consecutivos errando por completo nas súas previsións.

Mire, pero brincadeiras á parte, ese é o resultado das súas políticas, políticas ao servizo das súas empresas amigas, a custa de arruinar este país.

Hai un ano, desde esta mesma tribuna, acusábo de fomentar a venda de Galiza por parcelas. Hoxe volvo facelo, señor Feijóo. Mire, o Tribunal Supremo sentenciou que o Plan acuícola do Goberno Fraga, ao que vostede pertencía, era nulo de pleno dereito. Pero vostede preferiu que a Xunta non contestase ás reclamacións de Pescanova, aínda que iso lle custase ao erario público o diñeiro de todos e todas, máis dun millón de euros.

Hai case un ano criticabamos a venda, a prezo de ganga, alentada por vostede, de Barreras a Pemex. Advertiamos que

Pemex o que pretendía era transferir tecnoloxía a México, transferir o coñecemento tecnolóxico de Barreras. Un ano despois Pemex anuncia que retira a carga de traballo de Barreras.

Outro grande éxito das súas políticas, señor Feijóo, e outro grande éxito das súas viaxes. Cada vez que vai vostede a Sudamérica é para botarse a tremar. Porque vostede tamén alentou a venda de Novagalicia Banco a un banco venezolano.

Hai un ano advertimos desde esta tribuna das consecuencias que tería para Galiza este proceso de venda e privatización. E agora xa sabemos os resultados: un auténtico pelotazo. Nun só ano os beneficios de Abanca superan o do prezo oficial de compra. E resulta que, para vostede, era pecado converter Abanca nun banco público galego, pero, en cambio, non tivo reparos en que un banqueiro venezolano fixese o negocio do século a custa de saquear as arcas públicas.

E ten vostede moi mala memoria, señor Feijóo, porque a Lei de caixas aprobada por este Parlamento foi logo desnaturalizada, froito dunha reforma pactada entre o Partido Popular e o Partido Socialista e froito de reformas pactadas no Estado para favorecer a privatización e bancarización das caixas.

E mire, e a consecuencia é que, mentres tanto, Galiza está á cola na concesión de crédito. Desde 2009 o crédito concedido en relación cos depósitos que teñen os bancos en Galiza caeu un 41 %. Desde 2009 o peso do noso crédito sobre o total do que se concede no Estado caeu un 20 %. O crédito concedido en Galiza representa xa só a metade do que nos correspondería en función da nosa poboación. Datos que falan do espolio do noso aforro.

Por iso, señor Feijóo, ¿vai asumir as súas responsabilidades...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor JORQUERA CASELAS:** ...por defender unha venda de Novagalicia Banco ruínosa para Galiza? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
Señora presidenta.

Infórmanme de que hai alumnos de orixe mexicana no Parlamento. Vostede ten o interese de falar mal de México e das súas empresas públicas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*) Si. E ten o interese de forma constante de calumniar a Pemex e dicir que Pemex vén facer negocios aquí e que vén incumprir os seus compromisos. Laméntoo por vostede, señoría. Se por vostedes fora, xa sei que non habería ningún barco de Petróleos Mexicanos facéndose en Galicia. Quere dicirse, polo tanto, señoría, que os floteis que se están facendo, despois de negalo constantemente, sobre todo o Partido Socialista, lamento que vostede agora se apunte. Eses floteis estanse facendo. Pregunte a Armón os remolcadores que están facendo, os comprometidos. (*Murmurios.*) Pregunte a Freire os barcos que están facendo.

Agora ben, se vostede quere seguir insistindo para que Pemex non cumpra os compromisos que está cumprindo en Galicia, alá vostede e a súa responsabilidade. Igual que a responsabilidade que me imputa sobre o comprador das antigas caixas de aforro.

Mire, señoría, dende sempre a postura da Xunta, deste goberno, foi clara. Nós pretendíamos manter en Galicia unha entidade financeira estable vinculada á Comunidade Autónoma, solvente e socialmente comprometida. Ese era o compromiso. E a oferta gañadora na subhasta do FROB, para nós a mellor oferta, sería a que cumprira eses compromisos: o compromiso de manter o emprego, o compromiso de manter a maior parte da rede de oficinas, o compromiso coa obra social, o compromiso con manter as empresas que antes traballaban para as caixas que mantiveran emprego en Galicia, o compromiso en definitiva con máis de 4.500 traballadores e boa parte dos aforradores galegos.

A oferta que gañou a subhasta cumpría eses requisitos, e vostede está intentando trasladar que eu adxudiquei algo ¿a quen?, señoría. Vostede sabe perfectamente que a bancarización das caixas foi unha proposta do Partido Socialista Obreiro Español, que a fusión das caixas foi autorizada polo Banco de España cun gobernador do Partido Socialista Obreiro Español e que a intervención se produciu noventa días despois de autorizar a fusión polo mesmo goberno.

E resulta, señoría, que agora ¿de que somos culpables? ¿Somos culpables, señoría, de que exista (*Murmurios.*) unha entidade financeira en Galicia? ¿Somos culpables, señoría, de que a proposta de compra fora superior en máis do dobre doutras propostas doutros bancos españois ou estranxeiros? ¿De que se nos acusa, señoría? ¿Acúsasenos quizais de defender, por riba de calquera crítica, unha coherencia de que, se era posible, se mantivera unha entidade financeira en Galicia –como se mantén– con máis de 4.500 postos de traballo directos, con máis de 1.000 postos de traballo indirectos? Señoría, ¿de que se nos acusa?

Agora acúsase de que ten beneficios esa entidade financeira. Mire, señoría, os resultados que coñecemos...,

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, presidente, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
...hai unha parte importante, máis de 500 millóns de créditos fiscais –non son beneficios–, e outra parte de 400 millóns de plusvalías xeradas pola venda de activos financeiros. Polo tanto, o negocio bancario está moi por debaixo desas cifras que vostede di, segundo os datos...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
...que acaba de concretar o propio banco.

Mire, señoría, defendemos Galicia antes, seguimos defendendo Galicia agora e lamento que vostede ás veces non defenda Galicia..., (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
...senón outros intereses.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Réplica do señor Jorquera Caselas.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Señor Feijóo, non temos nada en contra de México, o que temos é algo en contra de que vostede oficie de delegado de Pemex. (*Aplausos.*)

Mire, vostede vén a este Parlamento, polo que vexo, ao mesmo que foi a Arxentina, a facer campaña. Pemex, 21 barcos prometidos, 2 adxudicados. Esa é a realidade. Deixe de vender fume.

Pero falemos de Abanca. Voulle dicir de que o acusamos. ¿Sabe que non se vai recuperar un só euro dos 9.000 millóns de euros de recursos públicos destinados ao seu saneamento? Porque o prezo de venda, señor Feijóo, é ficticio, non é real. Se aos 1.003 millóns do prezo de venda descontamos as coberturas públicas polos litixios derivados da comercialización de preferentes, polos litixios abertos con compañías de seguros, polos litixios motivados pola comercialización de hipotecas con cláusulas chan; se descontamos as diferenzas de valoración nos activos traspasados ao Sareb, que as asume o FROB; se descontamos a liberación de provisiones e se descontamos os créditos fiscais, mire, non só non se vai recuperar un só euro, senón que, aínda por riba, despois de destinar 9.000 millóns de euros para saneala, pagouse por colocala, señor Feijóo. Ese é o problema. *(Aplausos.)*

¿Sabe cal é o problema, señor Feijóo? Que o FROB mentiu. O plan de reestruturación aprobado pola Comisión Europea di, no seu punto 76, que as garantías en favor do comprador ascenden a 2.322 millóns de euros, moito máis do prezo de venda, señor Feijóo. En definitiva, un pelotazo a custa de saquear as arcas públicas, un auténtico pelotazo. Diso o acusamos, señor Feijóo.

E, por se fose pouco, non sei se sabe que o Banco de España e o Ministerio de Economía autorizaron indemnizacións ao presidente e ao Consello Delegado de Novagalicia Banco por importe total de 1.200.000 euros, indemnizacións...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor JORQUERA CASELAS:** ...superiores, en relación co tempo de permanencia na entidade, que as que percibiron os ex directivos das caixas que agora están sendo xulgados, señor Feijóo.

Mire, xa sabemos por que teñen vostedes secuestrada a Comisión de Investigación das Caixas:...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor JORQUERA CASELAS:** ...porque non queren que se investigue este espolio. E o principal cómplice, o principal responsable é vostede, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Jorquera.

Réplica do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, a historia nunha se fai nunha réplica a unha pregunta parlamentaria, a historia está escrita. *(Risos.)*

Sabemos exactamente, señoría, que pasou coas caixas, quen estaba no Goberno cando había que supervisar as caixas e, lamentablemente, non puideron facelo –supoño sen mala fe, pero non se fixo–, e como o señor Méndez Romeu, nesa intelixente cita, me di que o Goberno que sucedín, do que vostedes formaban parte, non nos informou da situación que herdabamos das caixas, senón que tivo que ser nada máis e nada menos que a Xefatura do Estado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Co cal ¿que quere dicir? ¿Que, durante catro anos, señoría, cando as caixas en Galicia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señor Gallego, ten unha chamada á orde.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...o seu..., señoría, cando as caixas en Galicia tiñan un risco hipotecario de 3.500 millóns, cando nos fomos do Goberno no ano 2005 e nos atopamos con 17.000 millóns de euros, vostedes, exactamente, que propoñían?

Cando abrían oficinas e toda a expansión desas caixas se producía fóra de Galicia, 300 oficinas abertas durante o bipartito fóra de Galicia, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* cando o índice de morosidade, é dicir, de impagos durante o bipartito fóra de Galicia subía máis do 8 %, *(Murmurios.)* señoría, ¿a que se dedicaba vostede?

**A señora PRESIDENTA:** ¡Silencio, por favor!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Vostede que era o que defendía exactamente, señoría? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señor Gallego, segunda chamada á orde.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** A bancarización das caixas é unha decisión do Partido Socialista Obrero Español. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A venda das caixas, señoría, é unha exixencia da Unión Europea..., *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señora Pontón, unha chamada á orde.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...porque inxectou fondos europeos, non para estas caixas, senón para todas as caixas de España, salvo dúas ou tres.

¿E cal é a única comunidade autónoma, despois de ter intervidas as caixas, que mantén unha entidade financeira radicada en Galicia, con emprego en Galicia, con oficinas en Galicia e producindo efectos positivos en Galicia? Esta comunidade autónoma. O resto das comunidades autónomas quedaron sen entidades financeiras radicadas no seu ámbito territorial. *(Aplausos.)* Ningunha comunidade autónoma, salvo Galicia.

Pero mire, señoría, eu xa sei que hai un ano xa sabía que había dúas posibilidades de que nun día como hoxe o BNG me criticara porque Abanca tivera beneficios ou que o BNG me criticara porque Abanca tivera perdas. Sería responsable en todos os casos; se ten beneficios, son responsable, e se perde diñeiro, aínda sería dobremente responsable. Do que si non son responsable, señoría, é de apoiar un goberno que sacou a xente á calle para reivindicar o que fixeron os directivos coas caixas galegas. Diso non son responsable, señoría. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Lamentablemente, vostede si apoiou ese goberno na cidade de Vigo. Si, señoría, si. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, señoría, nós estamos de acordo en inxectar diñeiro ás entidades financeiras para...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, presidente, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...garantir o diñeiro dos aforradores, *(Pronúncianse palabras*

*que non se perciben.)* e estamos de acordo, señoría, en asegurar o emprego das entidades radicadas en Galicia. ¿Vostedes están en contra dalgunha das dúas cousas? ¿En inxectar diñeiro para garantir os aforros dos aforradores...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, presidente, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...ou que as entidades financeiras manteñan emprego en Galicia? *(Murmurios.)* Mire, señoría, nós, diñeiro público para os aforradores galegos, incluídos os preferentistas, si; diñeiro público...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...para facer de banqueiros, aí non, señoría, aí non.

Moitas grazas.

*(Murmurios.) (Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, presidente.

Pregunta... ¡Silencio, por favor!

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as razóns do lugar que ocupa Galicia nos datos económicos básicos estatais**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra para formular a súa pregunta dona Yolanda Díaz Pérez.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Bos días, presidenta.

Bos días, señor Feijóo.

Señor Feijóo, xa soubemos o que vostede fixo o pasado ano: fíxo pouco e, ademais, fíxoo mal.

Sen lugar a dúbidas, se a vostede lle aplicamos a lei que está en trámite nesta casa dende onte, a Lei de emprego público, esta que trata de avaliar o traballo que fai o persoal ao seu servizo, vostede estaría despedido, e despedido sen indemnización.



Fíxese, señor Feijóo: datos públicos. A economía galega sitúase 3,5 veces por baixo do crecemento da economía española, 3,5 veces menos. Gravísimo. A economía galega vaise facendo cada vez máis pequena, non temos capacidade produtiva.

Pero fíxese, aínda peor: o último trimestre do ano, que vostede sabe –supoño polos seus asesores–, coma min, que é o trimestre que marca o ciclo do vindeiro exercicio económico, é dicir, este ano, pecha o exercicio en termos aínda peores, sete veces por baixo da media estatal. Galicia crece ao 0,1 % e España ao 0,7 %, señor Feijóo.

E por se fora pouco isto, señor Feijóo, todo isto lévase por diante a destrución de emprego. Efectivamente, o que está dicindo vostede é falso, señor Feijóo. Mire os datos do INE, que non menten. Rematamos o ano 2014 tan só con tres autonomías que destrúen emprego. Por certo, a galega é a que máis destrúe emprego: 2.200 postos de traballo menos. Pero non soamente iso, señor Feijóo. Mentres que España, en xeral, vai crecendo e creando emprego, malo, precario, de mala calidade, vostede destrúe emprego, señor Feijóo. E vostede non só destrúe emprego, senón que lle vou dar algúns datos dos que nunca fala.

Hai 19.000 persoas menos na poboación activa. ¿A vostede isto preocúpalle ou non? Estar nunha economía que non soamente é que estea estancada, senón que retrocede, ¿preocúpalle ou non, señor Feijóo?

Mire, temos 6.500 persoas que deixan de ter contratos indefinidos. Temos 1.700 persoas que deixan de ter contratos a xornada completa. Vostede é responsable dunha cousa, señor Feijóo, do diferencial negativo que ten a nosa autonomía, o noso autogoberno, en relación coas medias estatais.

Señor Feijóo, ¿que está facendo vostede para colocar Galicia en tan mala situación? Eu voulle contestar. Vostede está pagando con destrución de emprego o seu currículo de mal xestor e as súas políticas de austeridade, iso é o que está facendo...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...no noso país. E díganos, por favor, como vai corrixir esta situación terrible para este país. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Díaz.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, iso de despedir a alguén sen indemnización non debe ser axeitado dende o punto de vista das súas bancadas. Pero non se preocupe que a min vostede non me despide, a min despídeme o pobo de Galicia, e de momento aínda non me despediu.

A vostede, lamentablemente, despediuna sempre que lle pediu a confianza. Pero ese, como é natural, é o seu problema. O meu problema é intentar que Galicia estea nunha situación mellor da que eu atopei. E como quedou claro nas respostas que lle puideren dar no turno de réplica ao Partido Socialista, estamos a falar de que a economía galega medra, dende o ano 2010, por primeira vez, e estamos a falar –porque vostede non o di– de que durante toda a recesión económica, durante cinco anos, a economía galega se resentiu menos que o resto da economía española.

Vostede non quere aceptar –pero eses son os datos– que, por exemplo, no ano 2013 a economía galega baixou un 1 % e agora subimos un 0,4 %; é dicir, nun ano fomos quen de incrementar o PIB un 1,4 %.

Señoría, os datos do emprego que vostede acaba de referir sabe que son datos falsos, porque temos 22.500 persoas menos nas oficinas de desemprego e porque temos 15.000 afiliados máis á Seguridade Social. Vostede sabe perfectamente que o sector de servizos, por exemplo, subiu un punto e medio e que o sector primario volveu subir un 1,1. E vostede sabe igual ca min –debería de sabelo– que na automoción, no naval e na produción enerxética é onde fallamos no ano 2014.

Se na industria, tan só no apartado da industria, tiveramos o comportamento da media de España, a economía galega subiría por riba do 1 %. Agora ben, señoría, igual tamén son responsable da situación de PSA Peugeot-Citroën, a multinacional francesa, de que perdera 4.500 millóns de euros en pasados exercicios e que neste ano volvera facer perdas por 500 millóns de euros. Igual tamén son o responsable de que PSA Peugeot non tivera a conta de resultados que nos gustaría a todos os galegos para que pesara e medrara no índice de produción industrial.

Supoño que non me fará responsable de que durante dous anos os estaleiros galegos non puideran producir barcos como consecuencia do contencioso da Unión Europea, o chamado *tax lease*. Supoño que non me fará responsable diso. Por iso toda a economía galega, cun comportamento similar na industria á media de España, estaríamos crecendo por riba do 1 %, vostede o sabe exactamente igual ca min. Co cal, ¿cal é o problema? O problema da automoción e o problema do sector naval, nunca os neguei, e por iso me puxen a traballar e por iso vou seguir a traballar, señoría. ¿Con que? Cun plan de internacionalización...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...para exportar, e levamos o segundo ano de maior exportación en todos os indicadores estatísticos.

Segundo, traballando con PSA Peugeot-Citröen para que os novos modelos de PSA Peugeot se fagan en Vigo, en Galicia, e conseguímolos.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Primeiro, polos traballadores da factoría. E segundo, porque creo que fixemos unha boa negociación. Xa sei que vostede está en contra, e votou en contra...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, presidente, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...de que en Vigo se poidan seguir facendo novos vehículos. Nós queremos seguir facendo novos vehículos. ¿Sabe por que, señoría? Porque a nós Galicia nos doe e porque traballamos por Galicia, como non pode ser doutro xeito.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Por iso, señoría, lle reitero que colla os datos...

**A señora PRESIDENTA:** Señor presidente, moitas grazas. Rematou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e, se quere facer algo razoable, fágao razoablemente, señoría. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Réplica da señora Díaz Pérez.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Señor Feijóo, eu parva son pouco. E mire, non manipule os datos. Vostede é responsable do diferencial negativo. Vólvolle dicir: 0,1 %, sete veces menos que a media española. Esa é a súa responsabilidade, señor Feijóo. Eu teño que recoñecer que cando lle escoitei nunha rolda de prensa, ás preguntas dos periodistas, dicir que isto era así, porque, das dúas cousas das que vostede se farta de presumir, que son a industria naval e a automoción, agora resulta que van mal, é para pedirlle a dimisión, señor Feijóo. Iso podo dicirllor eu, que lle estou dicindo permanentemente que o están a facer mal no sector naval, señor Feijóo, que temos as gradas baleiras, que temos pobreza e paro na comarca de Ferrolterra e que temos desmantelado, polas súas políticas, o sector naval público. Pero vostede non pode facer iso, salvo que rectifique as políticas ou que dimita, señor Feijóo, porque, se me permite, en termos políticos hai que ter, de verdade, bastante cara, señor Feijóo, para facer esas declaracións.

Pero fíxese, non minta cos datos: ¿baixa o paro?, baixa o paro. ¿Destruí emprego vostede polas súas políticas? Destruí emprego, señor Feijóo. E mesmo tamén perdemos 19.000 persoas na poboación activa. E vostede tamén, señor Feijóo, claro que é responsable en termos económicos da estafa de Novagalicia Banco, señor Feijóo. Vostede cometeu dous grandes erros: a fusión das caixas e, en segundo lugar, facer negocio con Novagalicia Banco. Porque sabía perfectamente, e llo estaban dicindo os corifeos económicos, que era o peor momento para vender Novagalicia Banco. Vostede sabía perfectamente que polos fluxos de beneficios Novagalicia Banco non tiña ese prezo, sabía que valía moitísimo máis, sen embargo, preferiu facer negocio, e hoxe é unha estafa máis...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...para o noso país.

Desas dúas cousas vostede é responsable. Dea a cara e díganos que é o que vai facer, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Díaz.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

Señoría, na industria naval en Galicia neste momento hai 1.300 millóns de euros de contratos en execución ou de contratos asinados. No ano 2014 dixen que, unha vez solventado o problema coa Unión Europea, co comisario socialista señor Almunia, se dedicaron a intentar contratar e o conseguiron. A vostede xa sei que non lle interesa a verdade...

**A señora PRESIDENTA:** Señora Sestayo, ten unha chamada á orde.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

...pero eu non teño a responsabilidade de que non lle interese a verdade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En segundo lugar, señoría, vostede sabe perfectamente que neste momento en Vigo e en Galicia hai un compromiso de PSA Peugeot-Citröen de volver facer en Vigo as novas furgonetas, e temos despexado o horizonte de automoción, a partir do ano 2017, por dez anos máis.

Pero creo que hoxe, no pleno que acabamos de ter, polo menos no control ao presidente, non é un pleno máis. En primeiro lugar, porque me preguntan por unha entidade financeira que xa non dá perdas. E, en segundo lugar, preguntanme por unha economía galega que xa deixou de decrecer, de baixar, e que empeza a crecer. Eu non vou dicir que isto é histórico porque non creo que mereza a pena. Histórica era, señoría, a *champions league* que vivía España no momento da recesión económica do Partido Socialista Obreiro Español. *(Aplausos.)* Non, señoría.

Digo que non é histórico, pero si me parece algo novo e algo inédito que a oposición en pleno empece a falar de que hai empresas que gañan diñeiro, e que a oposición en pleno empece a falar de que empeza a crecer a economía galega. ¿A vostedes parécelles que debería de crecer máis? ¡A min tamén! Supoño que o señor presidente do Goberno, o señor Rajoy, estará moi satisfeito de que o Partido Socialista, o BNG e Izquierda Unida digan que España vai moi ben, porque o obxectivo é crecer como a media de España.

Eu estou de acordo. España é o país que máis creceu no ano 2014 en toda a Unión Europea. ¿Por que non podemos compararnos cos mellores da Unión Europea? Ese é, sen dúbida, o noso obxectivo, señoría, compararnos cos mellores da Unión Europea. O que si digo, señoría, é que, no que depende da Xunta de Galicia, si que as contas están claras. Vostede omitiu un dato que aparece no PIB do ano 2014: que en Galicia o consumo das administracións públicas subiu seis veces máis que na media de España; en Galicia o 0,6 %, e en España o 0,1 %. É dicir, que a Xunta de Galicia e as administracións públicas investiron moito máis en Galicia que no resto de España; iso si depende da Xunta de Galicia.

Vostede non me di o dato de onte, de que en Galicia pagamos aos provedores un mes antes que no resto das comunidades autónomas de España. Vostede non me di que en Galicia os galegos debemos moito menos diñeiro que deben a media dos españois. E vostede non me di, señoría, que os galegos mantivemos os nosos servizos públicos sen acudir aos 90.000 millóns de euros que o resto de España puxo para as administracións públicas...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

...incluída a Xunta de Andalucía-Izquierda Unida e Asturias-Izquierda Unida. Vostede, señoría, o que quere é non admitir que Galicia durante a recesión económica tivo unha fortaleza superior ao resto das comunidades autónomas...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

...e que Galicia hoxe está nunha posición de optimismo en relación coa economía do ano 2015. Pero non se preocupe, señoría, os galegos non nos imos deter polos seus sermóns.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, presidente.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei, do G.P. Popular de Galicia, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da redución por transmisión mortis causa da vivenda habitual, prevista no imposto sobre sucesións e doazóns**

**A señora PRESIDENTA:** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Antonio Sánchez Bugallo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Na parte resolutiva da iniciativa, onde di: "... todo o que sexa posible ..., debe dicir: "... a modificación da redacción do artigo 3 apartado 1, en relación co artigo 7 apartado 3, do vixente Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo ...".)*

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Tereixa Paz Franco, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a que no marco das súas competencias impulse unha modificación do artigo 3.1. de definicións xerais do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, no sentido de recoller como excepción na obriga de residencia continuada do ou da causante durante tres anos consecutivos, á hora de aplicar a redución por transmisión mortis causa da vivenda habitual recollida no artigo 7.3 do mesmo texto legal, a necesidade do seu traslado por razóns médicas e/ou para procurar a súa asistencia e coidado á residencia dalgún terceiro ou a algún centro asistencial."*

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra don Pedro Puy Fraga, do Grupo Parlamentario Popular.

**O señor PUY FRAGA:** Bo día e moitas grazas, señora presidenta.

Presentamos unha proposición non de lei relacionada cun concepto fiscal relevante, que é o concepto de vivenda habitual, neste caso en relación coa súa aplicación no tributo de sucesións, é dicir, nas transmisións *mortis causa*, de acordo co previsto na normativa autonómica, incorporada ao Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que á súa vez incorpora a Lei do imposto de sucesións e doazóns tal e como quedou redactado na lei do ano 2007.

O concepto de vivenda habitual é un concepto fiscalmente relevante en múltiples tributos. Normalmente estes tributos o que fan é ter un trato máis favorable da vivenda habitual que a transmisión ou que a posesión de calquera outro inmovible, como consecuencia do mandato constitucional que temos en relación co dereito á vivenda.

En todos os casos, cando os distintos tributos manexan o concepto de vivenda habitual, enténdese que é o lugar habitual de residencia que é propiedade daquel que reside nel, pero fanse matices por causas, en xeral, que podemos cualificar de forza maior. Por exemplo, cando hai unha separación ou un divorcio, pódese considerar que é vivenda habitual do cónxuxe que abandona o domicilio familiar, con independencia de que realmente resida nel; ou, por exemplo, cando é por razóns de traballo ou por desprazamento a outra cidade por, precisamente, acceder ao primeiro traballo, ao primeiro emprego.

Polo tanto, estamos a falar dun concepto fáctico. A nivel habitual, é alí onde reside unha persoa, pero matizado en función de circunstancias, e sempre coa intención –insisto– de protexer o dereito ao acceso á vivenda das persoas, dos contribuíntes.

No noso imposto de sucesións, cando se transmite por razón de falecemento do causante aos herdeiros –e neste caso estamos a falar de fillos, de cónxuxes, de ascendentes en primeiro grao– a vivenda habitual, o tributo contempla unha serie de deducións en función do valor do inmovible transmi-

tido de entre o 95 % do total do valor do inmovible e o 100 % no caso do cónxuxe, que con eses límites permiten a transmisión da vivenda habitual de pais a fillos, ao cónxuxe ou incluso –como dicía– aos ascendentes.

O problema, que é un problema social relevante que se presenta en Galicia, é cando non se produce o feito fáctico de que a persoa que provoca a herencia, é dicir, cando falece unha persoa, resida na súa casa, tamén por causas de forza maior, porque non están contempladas na normativa vixente.

E isto pódese ver simplemente seguindo algunhas das resolucións dos tribunais económico-administrativos ou distintas resolucións do Tribunal económico-administrativo. Por exemplo, eu analice e vou reproducir o que di algunha sentenza do Tribunal económico-administrativo, todas elas recentes, do ano 2012, 2013 e mesmo do 2014, nas que os herdeiros, cando van liquidar á oficina xestora o imposto, se atopan con que consideran que a vivenda do pai, da nai, non é unha vivenda habitual e, polo tanto, non lles aplican a redución no imposto de sucesións.

Un exemplo, trátase dunha veciña de Vigo, enferma de alzheimer, que estaba empadroada no domicilio da súa filla debido a súa enfermidade, e o que di esta resolución é: *“Esa enfermidade la incapacitaba para realizar todo tipo de actividades básicas de la vida diaria, asistiendo a un centro de atención a mayores a jornada completa. La vivienda, situada en Vigo, única existente en la herencia, constituye el domicilio habitual de la causante hasta el momento en que, por razón de la enfermedad, se trasladó a la vivienda de su hija, y en consecuencia no pierde la consideración de vivienda habitual, razón por la cual procede aplicar la correspondiente deducción”*.

É un caso moi habitual en Galicia, cando os fillos acollen aos seus pais, á súa nai, precisamente para atendelos porque están cunha enfermidade grave coma neste caso.

Outro exemplo, un veciño de Pontevedra que, de acordo coa resolución do Tribunal económico-administrativo, da documentación existente no expediente infírese que no momento do seu falecemento o causante residía por razón de enfermidade nun centro asistencial no que recibía os coidados precisos á súa situación de dependencia total nas actividades

básicas da vida diaria. A vivenda, situada neste caso en Pontevedra, onde continuaba vivindo coa súa esposa, constituía o domicilio habitual do causante, polo que procede á redución demandada polo recorrente.

Outro exemplo, neste caso dun veciño de Cambre, incide nisto, ademais é máis recente, e mesmo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nunha sentenza que o propio Tribunal económico-administrativo non aceptara e os herdeiros recorreron ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nun caso moi específico, no que non só a persoa que falece reside co fillo, senón que incluso para poder acceder a tratamentos e a prestacións asistenciais, se empadroa na casa do fillo. Ben, neste caso o Tribunal Superior establece claramente que *“el traslado de la causante a la vivienda de su hijo para recibir los cuidados adecuados a su enfermedad non se puede considerar como un traslado efectivo y permanente que haga perder el carácter de vivienda habitual a aquella donde ha venido conviviendo con su esposa durante más de 50 años”*.

Si resulta indubidable que a determinación da fixación da residencia habitual é unha cuestión fáctica, como acabo de mencionar, e, polo tanto, o traslado á casa do seu fillo non foi co carácter permanente que se exige para impedir a aplicación da redución solicitada, senón que foi co único obxecto de poder ser atendida de forma adecuada pola súa enfermidade.

Ante estas circunstancias, e ante estas reiteradas resolucións, é evidente que por razóns de equidade, e por razóns de lóxica e de sentido común, hai que buscarlle unha solución. A solución pode vir por dúas vías basicamente. Primeiro. Simplemente que a Axencia Tributaria Galega dite as correspondentes instrucións para que nas oficinas xestoras se teñan en conta estas circunstancias. E segundo, pódese modificar a norma, para que claramente na norma, ademais de na súa aplicación, se inclúan estes casos na dedución do imposto de sucesións por transmisión da vivenda habitual cando quen falece reside por razóns de saúde e de asistencia noutro domicilio. Neste caso, este é o sentir das dúas emendas que recibe esta iniciativa. Nós estamos de acordo con explicitar exactamente como debe actuar a Xunta, e neste sentido eu, en canto remate este debate, pasareilles unha proposta de transacción que incorpore tanto a modificación da normativa autonómica como instar que, mentres non se realice esa modificación da normativa autonómica, a propia Xunta xa

dite instrucións para evitar estes problemas, e desa maneira nestes casos específicos, que, certamente, coñecendo a nosa realidade social, son frecuentes en Galicia, se corrixa esta eiva de equidade na aplicación da norma tributaria no imposto de sucesións.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Puy.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, persoas que nos acompañan desde a tribuna do Parlamento.

Como explicou xa o señor Puy cal é a problemática á que nos estamos referindo, non vou perder nin utilizar moito do tempo para xustificar nin para incidir na necesidade de proceder a unha modificación que lle dea unha solución –digamos– dentro da xustiza e da equidade tributaria a estas persoas que, por razón da súa idade e da súa situación de dependencia, teñen que abandonar o que viña sendo a súa vivenda habitual e que, polo tanto, non momento de producirse o seu falecemento, non cumprían os requisitos que a Axencia Tributaria do Estado establece para a consideración de vivenda habitual, que efectivamente é de vivir durante 3 anos consecutivos nesa vivenda, se ben a propia Axencia Tributaria xa establece algún tipo de excepción para o cumprimento dese criterio concreto, co cal cremos, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que non é en absoluto descabellado, nin vai en contra de ningunha filosofía da propia interpretación que fai a Axencia Tributaria desa obriga de residencia, se nós tamén incluimos unha excepcionalidade máis vinculada coa realidade social do noso país, das persoas, fundamentalmente, de máis idade.

Cremos que ademais, á vista das competencias neste caso, e tratándose dun tributo cedido polo Estado, nin sequera precisamos da concorrencia de ningunha outra soberanía diferente da que temos neste Parlamento, e polo tanto cremos que calquera das solucións que se están suscitando neste debate, ou ben mesmo as dúas como complementarias, a que se formula a través da emenda do Grupo Socialista e tamén

a emenda que formula o Grupo Parlamentario do BNG, que consiste en instar a Xunta a que nos remita a este Parlamento, ou senón nós tamén estaríamos en disposición se o resto dos grupos o consideran oportuno e nos parece a todos que axiliza moito máis a solución desta cuestión, a constituírmos unha ponencia conxunta dos grupos parlamentares, o cal, desde logo, podería resolver este problema en practicamente semanas, se así o quixeramos os grupos parlamentares, para modificar o artigo 3.1 do Decreto legislativo 1/2011, a través do cal se regulan, efectivamente, os impostos cedidos, e introducir simplemente na definición que fai ese Decreto legislativo de vivenda habitual, que a interpretación á parte do que establece a Axencia Tributaria, que é o que di actualmente na súa redacción, se contemplarán tamén excepcións vinculadas con aquelas persoas que por razón de saúde, por necesidade de atención, teñen que abandonar o seu domicilio cara ao dunha terceira persoa, ou cara a algún tipo de centro asistencial.

Tamén nos vale, por suposto, o que dixo o señor Puy, de que, mentres non se resolva isto, a Axencia Tributaria Galega dite unha norma a todas as oficinas que practican as liquidacións dos impostos de sucesións para que a interpretación que se faga sexa acorde con esta interpretación que creo –á vista das emendas presentadas– que vai ser o sentir unánime do Parlamento de Galiza.

Nada máis. Quero dicir que eu creo que non vai haber problema en aceptar a transacción que nos propoña o Grupo Popular, e simplemente manifestar que todos os grupos teñan en consideración a posibilidade de, en aras de ser máis áxiles, podermos constituír unha ponencia conxunta e resolver isto no menor tempo posible.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Sánchez Bugallo.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** Moi bos días, señor presidente. Moi bos días, señorías.

Hoxe traemos ao Pleno deste Parlamento un tema que aparentemente puidera pensarse que é un tema menor –ás veces veñen temas aparentemente dun contido moito maior–, pero

é un tema que afecta de forma moi importante á vida de decenas de miles e de centos de miles de persoas. Desgraciadamente, porque a natureza é así, cada ano hai aproximadamente 40.000 falecementos en Galicia, e máis de 30.000 deles son propietarios da súa vivenda habitual. Moitos miles deles, por razón da vida que hoxe hai, do incremento da lonxevidade, etc., os últimos anos da súa vida débenos pasar ou nunha residencia, na que, por certo, é obrigatorio empadroarse, ou débenos pasar na vivenda de algún familiar, máis ben fillo que filla, pasando alí os últimos anos.

Desde o punto de vista da redacción do artigo 3.1 do Decreto legislativo 1/2011, recóllese a fórmula que establece a lexislación do Estado para o IRPF relativa á definición de vivenda habitual. Como xa se dixo aquí, a definición de vivenda habitual no IRPF está vinculada á adquisición da vivenda a efectos de desgravación fiscal, pensando nunha persoa máis ben xoven que compra unha vivenda, que paga unha hipoteca a 25 anos e que desgrava ao longo deses 25 anos. En cambio, na transmisión de vivenda que se regula no artigo 7 apartado 3 do Decreto 1/2011, estamos pensando na transmisión dunha vivenda *mortis causa* en favor dos ascendentes, dos descendentes ou do cónxuxe da persoa que acaba de falecer. Son, polo tanto, circunstancias e casos completamente diferentes.

Nós valoramos, señorías, a proposta que formula o Partido Popular, e temos formulado unha emenda moi coincidente coa do BNG. Di a proposta do Partido Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que leve a cabo, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, todo o que sexa posible para logralo.”

Nós, señorías, entendemos que esta formulación, que, sen lugar a dúbidas, expresa un espírito de resolver o problema, nos parece insuficiente. Nós cremos que o Parlamento de Galicia é o sitio idóneo no que se pode e se debe facer máis, que é, xustamente, lexislar. Polo tanto, a nosa emenda o que propón é que todo o que sexa posible sexa substituído por outra fórmula que diga: “a modificación da redacción do artigo 3 apartado 1, en relación co artigo 7 apartado 3 do vixente Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, para lograr a aplicación da redución por transmisión *mortis causa*.”

Nós cremos que iso é o que pode e debe facer este Parlamento como órgano lexislativo de Galicia. Non nos parece

mal que se dite unha resolución, desde o punto de vista da Axencia Tributaria Galega, para resolver circunstancialmente este tema en tanto non se produza a modificación do Decreto lexislativo. Pero, señorías, pode haber un problema, é unha resolución que chocha coa letra do propio decreto, e que, polo tanto, é susceptible de que haxa alguén que interprete outra cousa distinta e que, polo tanto, incluso ata que quen dita esa resolución poida acabar tendo algún tipo de dificultade. O que podemos e debemos facer, o que dá plena seguridade xurídica, é que axustemos no Decreto lexislativo o seu contido á realidade que tratamos de protexer.

Nós quedamos á espera de que se nos presente o texto de transacción que ofrece o Partido Popular, pero, sen lugar a dúbidas, se vai nos termos aos que nos referimos na nosa emenda e que acaba de expresar a voceira do BNG, non teremos ningunha dificultade en aceptar esa transacción. E tamén nos unimos a manifestar a vontade a través da constitución dunha ponencia con carácter inmediato, ou como se vexa máis axeitado, co obxectivo de darlle a maior celeridade posible para modificar ese decreto lexislativo e, polo tanto, deixar, dende o punto de vista legal, plenamente cubertos a todos e a todas, para que a esas decenas de miles de familias galegas que cada ano se ven nesa situación tan difícil e tan dolorosa non lles engadamos un problema a maiores coa definición do que é vivenda habitual.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Grazas, presidente. Bo día aos poucos e poucas que estamos no hemiciclo.

O pasado día 25 de novembro xa nesta Cámara debatemos iniciativas relativas ao imposto de sucesións, doazóns e transmisións patrimoniais. Naquel momento presentei unha emenda a unha iniciativa do Partido Socialista onde se instaba o Goberno galego para que reclamara á Axencia Tributaria de Galicia que procedera a realizar as taxacións con arranxo aos valores de mercado, xustificándose as mesmas consonte o valor do mercado e non segundo módulos preestablecidos. E tamén que a Axencia Tributaria procedera á

revisión de oficio das liquidacións realizadas nos últimos catro anos que foran reclamadas polos contribuíntes, axustándoas ao valor do mercado, á legalidade vixente e ás sentenzas en materia de valoracións.

Ao ler a iniciativa do Partido Popular que estamos tratando, a min, aínda que vou votar a favor da mesma, se me ocorre preguntar se vostedes se deron conta agora do que significaba domicilio habitual, porque isto xa estaba naquela iniciativa que vostedes votaron en contra. Non sei que foi o que lles fixo reaccionar, se a algún familiar de vostedes, ou nunha situación de vostedes, lles ocorreu algo así e entón entenderon o que era o domicilio habitual. É a única explicación que atopo, pois a estas alturas hai máis problemas que o que vostedes plantexan que deberían atenderse na súa totalidade. Non está en xogo só a bonificación do cen por cento do imposto, senón tamén o que acabo de falar sobre as valoracións que se están facendo pola Axencia Tributaria en contra das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Unha actuación da Axencia Tributaria que ten un carácter unicamente recadatorio e que acaba arruinando e estafando a centos de cidadáns, a pequenas empresas e a pequenas explotacións agrarias.

Non é xustificable, por exemplo, que os módulos de valoración utilizados pola Xunta, derivados da Orde de xuño de 2011, manteñan coeficientes de mercado iguais na Gran Vía de Vigo que na avenida Ramón Nieto; no Cantón da Coruña que na Agra do Orzán; ou no Hórreo en Santiago e no polígono de Conxo. ¿Que lles parece que os coeficientes de mercado en Marín, O Grove, Boiro, O Barco, Ribeira, Ribadeo ou Padrón sexan para este ano un 1,3, o mesmo que Pontevedra, Lugo, A Coruña, Santiago, Ferrol, Vigo ou Ourense? ¿Que lles parece que o valor unitario de construción por metro cadrado sexa de 650 euros o metro cadrado ou de 550 euros metro cadrado, segundo o concello sexa de primeira ou de segunda? E eu me pregunto ¿que ten que ver o prezo de construción co concello onde se constrúa? Non ten ningunha explicación.

Vostedes teñen a responsabilidade de gobernar e teñen tamén a responsabilidade de dar as instrucións necesarias, a través da Consellería, á Axencia Tributaria para que comece a cumprir coas sentenzas; para que faga as interpretacións axustadas aos dereitos e deberes dos cidadáns; para que deixe de ter unha actuación arbitraria que está chegando á estafa con milleiros de galegos e galegas que non teñen a capacidade para poder preitear contra a Administración na

defensa dos seus dereitos. Un abuso que xera unha dupla estafa: a estafa económica e a de non ser tratados como iguais diante da lei. O que ten cartos, pode recorrer. O que non ten cartos, perde ante a Axencia Tributaria.

Votarei a favor desta iniciativa, pero é unha mágoa que non se aproveite para solucionar todos estes problemas que están empobrecendo a clase traballadora, as clases populares, con accións ilegais dende a propia Axencia Tributaria.

Nada máis. Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señora Díaz.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Bos días de novo.

Señor Puy, se me permite, por esta situación que teño vou explicitar que imos votar favorablemente —é que estou quedando fatal— a iniciativa por razóns de xustiza social, e semellaría conveniente que esta mesma razón se aplicase en casos semellantes, que habelos hainos.

Se se me permite, brevemente, si que sinalariamos que, de optar entre ambas as dúas opcións das emendas presentadas, quizais por rigor, establecer unha nova relación que pule por mudar a lexislación vixente, en particular, no artigo 3, se pode ser.

E déixoo aquí porque non podo falar máis.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** ¡Oxalá se recupere, oxalá se recupere!

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Eu xúntome aos desexos de mellora da voz da señora portavoz de AGE.

Eu o primeiro que quero agradecer é o apoio a esta iniciativa, e explicitar un par de cuestións en relación co dito. Coin-



cido coa portavoz do Bloque Nacionalista Galego en que, efectivamente, isto é unha competencia autonómica. Aquí estamos instando a Xunta a que actúe para evitar estas situacións que levan a recursos, e que certamente, como dixo –e non podo estar máis de acordo con iso, por iso precisamente presentamos esta iniciativa– o portavoz do Grupo Socialista, non é un tema menor, é un tema que afecta a moitas familias, e é un tema de xustiza intentar solventalo canto antes. Por iso na transacción vou propoñer –se estamos todos de acordo– actuar das dúas maneiras: insistindo en que se ditén xa as instrucións –que esperemos que as oficinas xestoras empecen a aplicar inmediatamente–, pero, ao tempo tamén, para que quede fixado na norma, unha precisión en relación co imposto de sucesións e doazóns. O que me leva, como verán na transacción que agora lles comentarei, a dicirlles que o artigo 3 –que é o que pon nas emendas dos dous grupos– refírese ao concepto de vivenda habitual para todos os tributos cedidos. Iso quere dicir que non só se aplica ao imposto de sucesións e doazóns senón tamén, por exemplo, ao imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Trátase de resolver o problema no imposto de sucesións, iso está no artigo 7 e non no artigo 3; polo tanto, digamos que do que se trata é de non afectar outros tributos, como o de transmisións patrimoniais, que teñen tamén algunhas rebaixas, prevendo outros supostos –como pode ser, por exemplo, o acceso dunha persoa nova á vivenda, etc.–, non alteralo para resolver o problema real que hoxe tratamos de resolver, que é o problema de transmisión *mortis causa*.

Eu quero agradecer, en todo caso, estas intervencións, incluso a do Grupo Mixto, que non se acaba de convencer de que os do Partido Popular non temos que ter ningún amigo nin ningún familiar que pase por isto. Eu citei sentenzas, e facémolo porque pensamos moitas veces no interese común. Certamente se pode pensar na gran cifra macroeconómica, pero tamén –como dixo moi acertadamente o portavoz socialista– en resolver os problemas pequenos que ten moita xente, que ademais coinciden cun momento especialmente duro para a vida das persoas, que é o falecemento dun familiar directo.

Vostede plantexou un tema que non ten que ver. Estamos falando da redución do imposto de sucesións, non da determinación da base, que é o que se establece a través duns prezos medios. Que, por certo, nos últimos tempos foron rebai-

xados, nos últimos anos, en torno a un 34 %, e sobre os que seguro que teremos que falar, precisamente polas sentenzas xudiciais que vostede mencionaba, pronto outra vez nesta Cámara.

Insisto, moitas grazas. Agora mesmo lles paso o texto da transacción. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Puy.

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias ante o Goberno central para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de lexislación laboral**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Quintas Alvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*“1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para levar a cabo as actuacións necesarias para configurar o seu marco propio de relacións laborais, adaptado a súa realidade produtiva e social, sen prexuízo das competencias que en materia de lexislación laboral corresponde ao Estado.*

*2.- O Parlamento de Galicia rexeita os substanciais recortes realizados nas dotacións orzamentarias nas políticas activas de emprego e insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións precisas para provocar un substancial aumento nas súas contías para os exercicios de 2015 e 2016, non inferior no seu conxunto aos 400 millóns de euros, establecendo unha “Axenda extraordinaria e urxente polo emprego”, co obxectivo de acadar a promoción mínima de 50.000*

*postos de traballo no próximo bienio, coa posta en marcha de medidas dirixidas, de xeito preferente, ao colectivo da mocidade, das mulleres e para as persoas maiores de 45 anos. Igualmente promoverase o establecemento dun subsidio para as persoas paradas de longa duración e outros colectivos especialmente vulnerables, ao tempo que deberá poñerse en marcha un “Observatorio de desprazamentos profesionais” co obxecto de facilitar o retorno as persoas desprazadas fóra de Galicia, especialmente mozas, e ter unha canle de intercambio entre a mocidade emigrada e as empresas con centros de actividade no noso país.”)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día a todos e a todas.

Onte foi 10 de marzo, día no que Galiza conmemorou o Día da clase obreira galega. Onte, centos de persoas saíron ás rúas de Galiza a conmemorar esta data. A conmemoración do 10 de marzo é unha data de referencia da loita da clase obreira galega, que no ano 1972 dou un exemplo de loita, especialmente en Ferrol e en Vigo, contra a ditadura franquista. O 10 de marzo de 1972 dous obreiros, Daniel e Amador, foron mortos en Ferrol a mans da policía fascista, no marco das loitas obreiras que se estaban a dar naquela altura en Galiza, especialmente en Ferrol e en Vigo.

Loita para ter dereito a negociar convenios en Galiza, loita para mellorar os salarios, loita para reducir a xornada de traballo de seis días á semana. Unha loita que rematou –como todos e todas sabemos– cunha dura represión que custou dúas vidas, ducias de feridos e centos de persoas detidas. Pero o que representan Amador e Daniel, a súa loita, infelizmente hoxe segue vixente en Galiza. Corenta e tres anos despois daqueles sucesos, en Galiza seguen vixentes as reivindicacións polas que foron asasinados. Amador e Daniel foron asasinados por defender os dereitos laborais, as liberdades, e por loitar por un convenio propio, e hoxe seguimos a ter que loitar por estas mesmas cuestións en Galiza.

En 1972 había unha ditadura do capital pero executada por unha ditadura fascista, e hoxe temos unha ditadura do capital executada por unha democracia deturpada. Hoxe vivimos nunha outra ditadura: a dos máis ricos, a dos capitalistas; a ditadura da banca e das grandes empresas; a ditadura dos

que defraudan máis de 80.000 millóns de euros ao ano a través de paraísos fiscais para os que logo se poñen en marcha rescates fiscais; a ditadura dos que teñen ao noso pobo nunha situación crítica de emerxencia.

No BNG temos moi claro que os galegos e as galegas necesitamos decidir por nós mesmos o noso futuro, ter soberanía sobre o que nos é vital para decidir unha vida digna. Temos o gran convencemento de que é preciso defender os nosos intereses como nación fronte a un estado español e fronte a unha Unión Europea que non conta coa nosa opinión, que nos usa como consumidores e consumidoras e como fonte de recursos e man de obra barata, que nos asimila ou pretende assimilar no seu idioma, atacando todo o que nos é propio.

Os datos do informe sobre os ingresos e rendas do traballo dos asalariados, feito pola Axencia Tributaria, desvela unha situación de precariedade extrema e de pobreza que se instala no mundo do traballo, co perigo de que isto non sexa un tema transitorio, por moito que se empeñen no Partido Popular de convencernos de que isto xa está superado; máis ben o risco é que se converta nun problema estrutural e definitivo.

Segundo ese informe da Axencia Tributaria, Galiza conta na actualidade con 969.000 asalariados, dos cales máis de 300.000 mil –é dicir, máis do 31 %– ingresan menos do salario mínimo interprofesional; é dicir, menos de 648 euros ao mes. E nese grupo –case a metade–, 177.000 persoas teñen un salario de menos de 200 euros ao mes. Esa é a realidade laboral en Galiza. O salario en Galiza perdeu o 11 % da capacidade adquisitiva en cinco anos. O único sector que medra é o que gaña menos do 50 % do salario mínimo interprofesional. O único sector que medra é o das persoas que apenas ganan 200 euros ao mes.

E a causa desta situación son fundamentalmente as sucesivas reformas laborais, especialmente a brutal reforma laboral do ano 2012. Reformas solicitadas polas grandes empresas e pola banca –que son os que realmente mandan nos gobernos do Partido Popular de Madrid e de Galiza–, que orixinaron esta multiplicación da precariedade, da temporalidade e da emigración masiva.

Practicamente a metade das persoas que non teñen traballo en Galiza, que están no desemprego, non cobran ningunha prestación. E esta é a mellor estatística da que hoxe presu-

mía o presidente do Goberno galego aquí nesta Cámara. Estes son os datos de redución do desemprego dos que el presume: desemprego precario, emprego de persoas que traballan unha ou dous horas á semana e xa non computan como asalariados. Esas son estatísticas das que pode presumir o Partido Popular.

As reformas impostas están, como é evidente, empobrecendo a clase traballadora galega dunha forma indigna. E a isto hai que sumarlle, igual que no 1972, a reforma, os recortes das liberdades públicas, a represión contra os movementos sociais, a represión contra a clase traballadora; modificación do Código penal ou Lei de seguridade cidadá, Lei mordaza.

Presentamos hoxe esta iniciativa porque estamos convencidos de que o noso futuro non pode estar en mans nin do Banco Central Europeo, nin do Fondo Monetario Internacional, nin da Comisión Europea; o que é o mesmo: non pode estar en mans nin da oligarquía financeira española, nin da banca alemá. O noso futuro temos que poder decidirlo libremente os galegos e galegas. E por iso é preciso ter un goberno e un Parlamento galego con competencias plenas e soberanas. Por iso presentamos iniciativas como esta, que o único que pretenden é que o Goberno galego teña instrumentos para actuar en beneficio da clase obreira galega; que teña instrumentos para iso na vez de aplicar políticas antisociais, que teñen xerado desemprego, proliferación da destrución do noso tecido produtivo, desigualdades sociais e, en definitiva, miseria para o noso país.

Defendemos no BNG que Galiza precisa autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precisa para o seu libre desenvolvemento e para mellor defender os intereses da clase traballadora galega. O Goberno de Galiza ten que asumir un papel activo nesa reivindicación. E por iso pedimos o apoio dos grupos desta Cámara para a iniciativa que presentamos, que non é outra que ter –insisto– instrumentos normativos que permitan a creación de emprego digno e a calidade, sobre todo, referente á negociación colectiva, no convencemento de que é preciso e imprescindible un marco galego de relacións laborais. Un marco galego de relacións laborais que contemple a especificidade da realidade laboral galega, que responda á realidade produtiva e social de Galiza, que garanta os dereitos laborais e sindicais dos traballadores e traballadoras galegas, que impulse unhas condicións laborais e salariais dignas.

Un marco galego de relacións laborais para un desenvolvemento normativo da negociación colectiva propia. Porque no BNG defendemos que convenios, como por exemplo o da conserva, onde o 70 ou o 80 % das persoas empregadas, fundamentalmente mulleres empregadas, que está en Galiza, que non poida ser un convenio estatal que se negocie en Madrid, onde practicamente non saben o que é a conserva, e moito menos das necesidades dos traballadores e traballadoras da mesma. Cremos imprescindible unha negociación colectiva propia galega para non ter que seguir dependendo de convenios estatais que abarcan sectores moi amplos e que nada teñen que ver coa realidade laboral de Galiza. Convenio como o de químicas, que afecta, por exemplo, un sector tan relevante en Galiza, como é o da automoción, que se teña que negociar en Madrid, e, sobre todo, nun sector onde as actividades son totalmente diferentes. Convenios como o do téxtil, que se negocien en Madrid, cando en Galiza ten unhas especificidades diferentes. Convenios como os do naval, onde no ano 72 estaban reivindicando un convenio propio para o naval, e hoxe temos que seguir reivindicando un convenio galego propio para o naval, para un sector tan estratégico para Galiza como é o sector naval.

Pedimos o apoio a esta iniciativa porque consideramos imprescindible un marco galego de relacións laborais para evitar que se asinen convenios de empresa por debaixo dos do sector; para que en Galiza o Goberno galego, os traballadores e traballadoras de Galiza, os seus representantes sindicais, teñan instrumentos para poñer en marcha medidas en defensa da clase obreira galega; para poder tomar as decisións das políticas pasivas de emprego, como a xestión das prestacións de desemprego e o recoñecemento e pagamento das prestacións; para a prevención de riscos e sinistrabilidade laboral –Galiza segue estando á cabeza da sinistrabilidade laboral–. É preciso que nós nos autorresponsabilicemos, para facernos responsables da intermediación laboral, entre outras cousas, que non estea en mans das axencias de colocación; para ter un servizo público galego de colocación con competencias para poder exercer de tal; para a ordenación e control das mutuas; para que o Fogasa no siga sendo ese instrumento do Estado que en Galiza ten as peores condicións.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** En suma, o BNG presenta hoxe aquí, un día despois do 10 de marzo, do Día da Clase Obrei-

ra Galega, unha iniciativa que pretende que nos autorresponsabilicemos e que Galiza, o Goberno galego, os traballadores e traballadoras galegas e os seus representantes teñan instrumentos para impulsar traballo e salarios dignos en Galicia, para impulsar convenios propios en Galiza. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Quintas.

**A señora QUINTAS ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Estamos ante un tema complexo, posto que quizais estariamos a falar dunha reforma constitucional e, dende logo, dunha reforma do Estatuto. Pero máis alá das cuestións de competencias, neste caso estamos a falar e a constatar a incompetencia do Goberno galego. Era alarmante ver a todo un presidente da Xunta en sede parlamentaria falsear os datos, cunhas mensaxes absolutamente trileiras, porque nas mensaxes o presidente da Xunta e a conselleira de Traballo teñen que coñecer –como non sería doutra maneira– os datos de desemprego en Galiza. É máis, incluso supoño que nun erro, o presidente da Xunta chamou ás oficinas de emprego “oficinas de desemprego”. Teno tan asumido que realmente é incompetente para xerar emprego que así as denomina.

O Goberno do señor Feijóo, máis alá do tema que estamos tratando, renuncia incluso a exercer as propias competencias que ten en políticas de emprego, é cómplice tamén das políticas de privatización aplicadas polo Partido Popular no Goberno do Estado. A combinación da ideoloxía dunha dereita absolutamente extrema e a incompetencia manifesta na xestión e na execución orzamentaria do Goberno de Galicia fan que Galicia se encontre cunhas cifras de desemprego moi preocupantes, fan que isto teña a consecuencia da emigración dos mozos galegos, que nin sequera pasan por esas oficinas que o presidente da Xunta denominou de desemprego.

Os recortes en dereitos básicos nesta comunidade lévannos a unha situación absolutamente alarmante se a estes datos de desemprego, se a estes datos de paro e déficit en afiliación na Seguridade Social, unimos o descenso de poboación. O Partido Popular está acadando converter Galicia nunha

comunidade non produtiva, que non é capaz de xerar futuro, e estaa despoboando. Condúcenos, polo tanto, a un país sen futuro.

A realidade que vivimos máis alá do ámbito competencial é o resultado do desmantelamento do Estado de benestar, avalado polas reformas laborais do Partido Popular. O aumento da desigualdade en España, no Estado español e en Galicia, é a maior ameaza para os cidadáns e cidadás galegas. O desemprego en Galicia aumenta proporcionalmente ás medidas adoptadas polo Partido Popular. Directamente, estamos ignorando o noso capital cualificado e non estamos facendo apostas reais por xerar emprego e oportunidades neste país.

O drama que nos ocupa neste momento é un asunto moi grave, porque estabamos a falar da supervivencia, da calidade de vida e das oportunidades das persoas. O Goberno galego non exerce as competencias que ten, limitáase a ser notario da dificultade, a buscar culpables noutras administracións, é dicir, a ser un goberno absolutamente inútil e ineficaz. Onde si exerce o Goberno galego as súas competencias é no presunto financiamento ilegal do Partido Popular a través da Consellería de Traballo, como queda patente no caso Zeta; aí si exerce claramente as súas competencias.

Por tanto, o Goberno galego aposta por un modelo no que quere reducir o público á mínima expresión, e busca rendibilidade económica alí onde debería encontrar dereitos sociais. Dubido de que o Partido Popular sexa consciente desa deixadez de funcións, porque está nunha carreira desenfreada cara á privatización e a favorecer os amigos do Partido Popular. A realidade é que as lexislacións laborais do Estado e as competencias que exerce o Goberno galego deterioran absolutamente o marco das relacións laborais e precarizan cada vez máis o traballo. As solucións que teñen adoptado dan como resultado unha elevada taxa de paro e unha rebaixa de dereitos nas condicións laborais e salariais.

A preocupación do Goberno galego, non soamente se amosa...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**A señora QUINTAS ÁLVAREZ:** ...–remato, señor presidente– neste aspecto, senón que, paralelamente dende o ano 2009, a medida que aumenta o paro, descende o orzamento en mate-

ria de emprego, pero o que é aínda máis grave: non soamente descende o orzamento, senón que non se executa o orzamento.

Diante deste panorama, a nosa primeira preocupación, por tanto, é exixir que se exerzan as competencias que temos e logo, efectivamente, tratar de obter as mellores competencias para que Galicia estea en pé de igualdade con outras comunidades autónomas e poida exercer o seu autogoberno. Para iso, presentamos unha emenda e para manifestar o que xa dixemos na frustrada reforma do Estatuto de autonomía de Galicia...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Quintas.

**A señora QUINTAS ÁLVAREZ:** Grazas a este PP recentralizador, o que temos é unha realidade realmente moi difícil e problemática...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Quintas, rematou o seu tempo.

**A señora QUINTAS ÁLVAREZ:** ...para o futuro deste país.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Quintas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Dende logo, é unha mágoa que unha iniciativa tan importante para o noso país coincida co tempo do recreo do PP, porque están case todos fóra. Entón, estaría ben, ao mellor, presidente, que os avisara de que se acabou o recreo, que temos algo importante que debater.

Eu quero empezar enviando a miña solidariedade cos traballadores e traballadoras de Povisa, en folga de fame por segundo día, en reclamación dunhas condicións de traballo dignas, en contra dos despedimentos e da represión sindical no hospital concertado, ante o que a Xunta, evidentemente, non actúa. E é certo, non actúa nin coas súas competencias, permite que a patronal massacre os traballadores e as traballadoras, incluso cando esa actuación sobre os traballadores

e as traballadoras repercute en algo tan importante como é o coidado da saúde dos galegos e das galegas.

Imos dar, evidentemente, o apoio a esta iniciativa, porque é fundamental que cousas como as que están ocorrendo en Povisa non ocorran e que Galiza teña competencias para loitar contra a sobreexplotación laboral. Por exemplo, para que no ocorra o que está a ocorrer neste hospital, con despedimentos por causas obxectivas, cando a empresa ten beneficios, e beneficios que proveñen do diñeiro público. Tamén para que termine a represión sindical que se está dando no noso país, onde se criminaliza a loita sindical, e onde esa Lei mordaza de inseguridade cidadá nos vai condenar os traballadores e as traballadoras ao cárcere. Como ocorre así, por exemplo, coa indecente espera de Carlos e Serafín por un indulto, simplemente, dous traballadores que secundaron unha folga do sector do transporte.

É importante esta iniciativa, señores e señoras do Partido Popular –os catro que están aquí para atender a este tema– porque Galiza necesita poder regular a súa propia negociación colectiva. Necesitamos convenios galegos, unha reforma laboral que facilite o camiño aos convenios de empresa, que para este país son criminais. E son criminais porque non temos grandes empresas, somos un país de pemes, e nun país de pemes non pode haber convenios de empresa porque sempre estarán subxugados ao poder da patronal. Necesitamos convenios galegos porque –como dicía a voceira do BNG– os convenios estatais son convenios de mínimos, de mínimos mínimos, pouco máis que o Estatuto dos traballadores, salarios mínimos. Por iso Galiza está empobrecida, porque non ten convenios galegos, porque se rexen moitos dos seus sectores produtivos, e –como dicía a voceira do BNG– sectores moi importantes en Galiza, como poden ser a automoción, téxtil ou conserva, por convenios que se asinan en Madrid, lonxe de onde están os traballadores e as traballadoras do sector.

Pero tamén para que non se dean abusos por parte da patronal, como o que se están dando en Povisa, onde os traballadores e as traballadoras descansan un día cada trece, segundo as quendas, pero ademais cambiando constantemente de quenda: de mañá, de tarde e de noite. Vostedes imaxínense, señoras e señores deputados, o que é traballar trece días seguidos nun hospital, cambiando a quenda de mañá, de tarde e de noite. ¿Que calidade pode prestar á asistencia ese

persoal cando chega ao día dez, once e doce?, ¿como está ese persoal? Pero a vostedes non lles importa, porque non lles importa nin a saúde dos galegos e das galegas, nin lles importan as condicións de traballo dos traballadores e das traballadoras galegas. Só hai que escoitar hoxe o señor presidente nas súas declaracións aplaudindo ata coas orellas a dobre escala salarial de Citroën. ¡Se ese é un triunfo para este goberno, mal imos!

Pero ademais é indecente que sexamos a Comunidade Autónoma que ten menos competencias en materia laboral. E, como xa me remata o tempo, vou poñer por exemplo Cataluña, que ten competencias nas relacións laborais e condicións de traballo, na intermediación laboral, na negociación colectiva e rexistro de convenios, nos procesos de regulación e ocupación administrativa, na prevención de riscos laborais, na potestade sancionadora das infraccións de orde social, no control da legalidade, na inspección de traballo. ¡Fundamental! Vostedes se realmente queren gobernar este país deberían non de votar a favor desta iniciativa, senón de ser vostedes os que trouxeran esta iniciativa ao Parlamento.

Desgraciadamente non o fixeron así, por iso, polos dereitos dos traballadores e das traballadoras galegas, polo ben do noso tecido produtivo e pola calidade de vida dos galegos e das galegas, esperamos que voten a favor desta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Bo día a todos e a todas.

Esta proposta é suficientemente importante porque trata das cuestións fundamentais para os traballadores e as traballadoras, e, sobre todo, nun momento onde os seus dereitos están non só en cuestión, senón que reducidos a mínimos. É tanto así que non vou falar xa da situación do desemprego, das prestacións... Vou falar, por exemplo, dun dato sobre o que se pasa sempre de puntillas nesta Cámara, e hai que dicilo: por mor da precariedade laboral en Galicia no ano pasado incrementaron os accidentes laborais un 3,79 %; 59 mortos

nos postos de traballo de Galicia por mor da precariedade laboral.

Pero, pese a isto, aquí non se fai nada. Non só non se fai nada, senón que incluso se incumpren cuestións tan fundamentais como a Carta europea dos dereitos sociais. O último informe do Comité Europeo dos Dereitos Sociais acusa o Estado e tamén Galicia de incumprimentos graves en materias fundamentais para os traballadores e para as traballadoras.

A primeira acusación que se fai dende este comité é a criminalización dos folguistas. Decenas de traballadores no cárcere por reclamar os seus dereitos, namentres que aqueles que utilizan as institucións públicas para enriquecerse, para encher os seus bolsillos, para recibir *“regalos de la hostia”* continúan incluso sentados nas cadeiras deste Parlamento. Esa é a realidade da nosa situación laboral.

E por iso tamén neste informe se fala da restrición do dereito de folga. Un dereito de folga que está por debaixo dos estándares europeos dos dereitos de folga. Un dereito de folga que os traballadores teñen que facer renunciando a dereitos fundamentais. E esa é unha das cuestións que teríamos que legislar neste Parlamento. ¿Como é posible que para acceder ao dereito de folga un traballador teña que renunciar a outros dereitos como, por exemplo, dar de comer á súa familia ou poder pagar o seu fogar? ¿Como é posible que para que unha empresa utilice un expediente de regulación temporal de emprego, que significa que vai cotizar menos á Seguridade Social, que significa que vai poder sanear unha situación económica complicada, os únicos paganinis desa situación sexan os traballadores e as traballadoras? ¿Como é posible que se utilicen as súas cotizacións por parte da empresa de forma unilateral, porque a última reforma do Partido Popular permite ás empresas utilizar expedientes de regulación temporal de emprego de forma unilateral, utilizando as cotizacións destes traballadores, que despois poden quedar sen ningunha cotización cando acabe este expediente? Porque o decidiu así o Partido Popular, que non ratificou aquel real decreto que en decembro de todos os anos dicía que o desemprego que se gastase nos expedientes temporais sería repostado aos traballadores. Estamos, polo tanto, ante unha continua xeira de recortes absolutamente lamentables que están empobrecendo a nosa cidadanía, pero tamén están eliminando os mínimos dereitos que custaron tanto tempo e tanta loita.

E aquí quero facer unha mención especial porque é lamentable o que aconteceu neste país no día de onte, 10 de marzo, Día da Clase Obreira. A clase obreira que utilizou o 10 de marzo porque ese día asasinaron dous compañeiros en Ferrol, asasináronos os policías fascistas. E resulta que na canle pública galega din que se reivindica a morte por disparos de dous traballadores en Ferrol, coma se foran dúas balas perdidas, coma se eles se puxeran diante dunhas balas que apareceron por alí sen dicir que foran represaliados e asasinados nunha folga reivindicando dereitos. Iso pasa neste país. É absolutamente inxusto que sexamos capaces de manipular a historia tan importante de Galicia utilizando ese tipo de afirmacións na canle pública galega. Unha canle pública galega que xa dixemos aquí e seguimos definindo como o órgano de expresión do Partido Popular. E para iso non queremos unha canle pública, a canle pública ten que ser para dignificar a nosa historia. E un momento importante para dignificar a nosa historia era onte deixando ben claro que dous traballadores foron asasinados durante ese réxime, simplemente, por reivindicar condicións xustas.

E é na situación na que estamos hoxe. Hoxe estamos nesa mesma situación, nunha situación onde os traballadores teñen que saír á rúa para reivindicar os seus dereitos, pero con esa nova Lei mordaza son detidos. Onte en Madrid foron detidas persoas simplemente por reivindicar o dereito a unha vivenda digna, e foron levadas á cadea. Namentres ninguén vai á sede do Partido Popular para coller e encadear a aqueles que facían obras en negro e se financiaban de forma irregular. Esa é a situación na que estamos neste momento.

Pero tamén ese informe fala dunha situación absolutamente fundamental: a insuficiencia do salario mínimo. O informe da Unión Europea di que neste país é imposible vivir con dignidade co salario mínimo, que os niveis de renda que garante o salario mínimo son insuficientes para ter unha vida digna. E non o di Alternativa Galega de Esquerda, non o din sequera en Venezuela, non o din en Corea do Norte, dino na Unión Europea sobre o Estado español, que é capaz de converter a maioría dos seus novos traballadores en traballadores pobres. Polo tanto, é o momento de dignificar o traballo, dignificar os postos de traballo e legislar para a maioría social e non para aqueles que pagan as facturas do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

Eu son de Ferrol e, polo tanto, eu o que lles podó dicir é que en Ferrol, dende hai xa bastantes anos, o 10 de marzo se celebra de forma conxunta, non só polas forzas sindicais, senón tamén por todos os partidos políticos que conforman o arco municipal. E, polo tanto, onte en Ferrol o que houbo é un acto institucional onde estaba presente a Corporación Municipal de Ferrol cos sindicatos Comisións Obreiras e UXT lembrando a Daniel e a Amador, nunha celebración institucional que todos compartimos. Polo tanto, eu creo que non é adecuado tentar patrimonializar absolutamente esta conmemoración, que é... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* ...compartida, señor Beiras, absolutamente por todos. Todas as corporacións municipais de Ferrol...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, señor Beiras, silencio.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...formadas por quen estean formadas, sempre conmemoraron e celebraron o 10 de marzo. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Por moito que a vostedes lles pese, lamentablemente é así. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Señor Beiras, señor Beiras... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* ...é mellor que marche, si. É mellor que marche para non ter que botalo. Marche, é o máis sensato, *(Murmurios.)* porque se vén para isto é mellor que se vaia.

¡Que pase un bo día! *(Murmurios.)* Que pase un bo día.

Prosiga... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vostede non se meta nisto. Vostede non se meta nisto que ninguén o chamou. Ninguén o chamou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, respecto a quen está no uso da palabra. Isto é o Parlamento, ¡eh! Respecto a quen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio, silencio. ¡Silencio a todos!

Prosiga, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Un grande exercicio democrático: escoitar a quen a un non o escoita, o exemplo do señor Beiras, si señor. En calquera caso, gústelle ou non lle guste ao señor Beiras o 10 de marzo é patrimonio de todos os demócratas, representados pola Corporación Municipal de Ferrol, e alí estabamos todos, por moito que lle pese ao señor Beiras.

Permítame que comece discrepando sobre os datos de desemprego que se plantexan na iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. É mentira, señora Prado, o paro non subiu en Galicia como afirman no texto da súa iniciativa, polo menos agora; si subiu no último ano do Goberno bipartito cando gobernaban vostedes. Pero o certo é que agora o paro en Galicia, por moito que lles moleste, o paro baixa. (*Murmurios.*) E o certo é que a evolución interanual entre febreiro de 2014 e febreiro de 2015... (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Hoxe hai en Galicia...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio. ¡Señora Martínez!, silencio.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...22.500 desempregados menos. O paro baixou en Galicia un 8 % no último ano, e eu lamento que a vostedes tanto lles moleste. Levamos dezaseis meses consecutivos de baixadas interanuais do desemprego en Galicia. E con ese descenso o paro vólvese situar en niveis de hai tres anos en Galicia, por moito que a vostedes lles moleste. É un dato que confirma, en calquera caso, a mellora progresiva no comportamento do desemprego en Galicia.

E Galicia está mellor que a media do Estado, onde a redución do desemprego foi do 6 %, en Galicia o paro baixou un 8 % no último ano. Sinceramente, non entendemos por que lles molesta tanto á oposición que o paro baixe, porque o certo é que no último ano... (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) ...baixou en 22.000 persoas, e no último ano...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Señora Martínez, ¡señora Martínez!...

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...do Goberno bipartito...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Perdón, perdón, señor Tellado. Perdoe un momento.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...o paro subiu en 51.000 persoas.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Señora Martínez, segunda chamada á orde, e advírtoa de que na próxima chamada ten que abandonar o hemiciclo. (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

Prosiga.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** E o paro non só baixa en Galicia, senón que tamén baixa en España, señora Quintas. O paro en España tamén baixou no último ano, 300.000 parados menos no último ano, señora Quintas, 460.000 afiliados máis á Seguridade Social no último ano. E o paro xuvenil baixou, señora Quintas, no último ano un 9 %, 88.000 mozos menos en situación de desemprego.

En relación coa proposta que hoxe o BNG trae ao Pleno, porque aquí se falou de moitas cousas, pero o certo é que sobre a proposta moi pouco, a proposta o que pide é pedir as competencias en materia de lexislación laboral e que sexan transferidas á Xunta de Galicia. Sobre iso a señora Quintas non falou, ela preferiu poñer o ventilador da porquería, algo moi habitual no Partido Socialista; nós, dende logo, estamos aquí para falar, (*Protestas.*) para falar da iniciativa.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, por favor.

Silencio, por favor. ¡Silencio!

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** En relación coa proposta o que temos que dicirlle é que a competencia normativa en materia de lexislación laboral é exclusiva do Estado, e así vén determinado na Constitución española, esa que tamén apoiaba o Partido Socialista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** ¡Silencio, por favor!



**O señor TELLADO FILGUEIRA:** A Carta Magna reserva para o Estado a regulación das relacións laborais, así como a lexislación básica e o réxime económico da Seguridade Social. Estas cuestións están fixadas no artigo 149.1.7 da Constitución española. A reserva ao Estado da competencia exclusiva en materia lexislativa e regulamentaria en asuntos de ámbito laboral garante a uniformidade na ordenación xurídica nas materias en todo o territorio do Estado, sen que haxa lugar polo tanto á súa disgregación en ámbitos autónomos. En definitiva, a Constitución asegura o principio de igualdade.

En calquera caso, señorías, (*Murmurios.*) xa que me deixaron moi pouco tempo para falar da iniciativa con tanta algarabía... en calquera caso, señorías, non cremos que a mellor forma para saírmos da crise sexa que neste país haxa dezasete lexislacións laborais distintas, que é un pouco o que propón o Bloque Nacionalista Galego nesta iniciativa, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) unha por cada comunidade autónoma. Non cremos que iso sexa o mellor para saír da crise e tampouco o creron os constituíntes...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...no ano 1978 cando redactaron o artigo 149 da Constitución española.

Posiblemente hoxe son vostedes os que utilizan a crise como escusa para defender as súas teses soberanistas, entendendo que o mercado laboral de Galicia sería máis eficiente cunha normativa que só sexa aplicable no territorio da nosa comunidade autónoma. Nós cremos que o efecto desta medida sería precisamente o contrario, que sería negativo para o mercado laboral de Galicia e para o mercado laboral de España, e en calquera caso a súa proposta sería, a todas luces, incompatible co artigo 139.1 da Constitución española, que recolle que:...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...*“Todos los españoles tienen los mismos derechos y obligaciones en cualquier parte del territorio del Estado”*. Algo que, nun momento normal, compartirían o Partido Popular e o Partido Socialista; agora –como o Partido Socialista xoga a ser Podemos– non se sabe, sinceramente, o que defenden.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Tello.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Podo falar sen micro.

Señor Tello, nós defendemos unha lexislación propia para Galiza, porque é o pobo galego ao que nos debemos no Bloque Nacionalista Galego, quen nos elixiu e para o que traballamos.

No 1972 tamén estaban todos en Ferrol, tamén estaban todos, pero uns disparaban e outros morrían. (*Aplausos.*) Uns reivindicaban –si, tamén estaban todos– e outros eran represaliados, eran reprimidos. Si, estaban todos alí en Ferrol.

Hoxe, esta iniciativa vai de clase obreira galega. Vostedes a clase obreira só a entenden para explotala, co cal... É que non... E galega, pois tampouco. Vostedes son *la España cañí*; entón, nin clase obreira nin galega; non, nin obreira nin galega.

No BNG non nos resignamos a que outros decidan por nós, non nos resignamos a ser gobernados por intereses alleos, non. Nós, no BNG, aspiramos a que Galiza teña un goberno merecente de tal nome. Aspiramos a que haxa un goberno galego que queira exercer de tal e que teña instrumentos para poder exercer de goberno galego, que queira exercer de goberno galego ao servizo dos galegos; que non sexan delegados, mandados de Madrid, nin dos poderes financeiros. Queremos que Galiza teña e tome as súas decisións. E para iso, fan falta instrumentos. Efectivamente, esta iniciativa vai de declaración política; vai de declaración política, de menos centralismo, de menos cesión de soberanía, de menos que decidan outros por nós e que decidamos nós o que nos interesa en beneficio dos galegos e das galegas.

Eu, sinceramente, non tiña ningunha esperanza en que vostedes foran capaces de entendela, porque vostedes só veñen aquí quentar a silla e a ser exclusivamente escravos e servi-

dores dos seus amos. Non están ao servizo do pobo galego, ¡non están ao servizo do pobo galego!

E a iniciativa tiña por obxectivo demandar que o Goberno galego quixera exercer de tal. Infelizmente, non temos un presidente que queira facelo, temos un presidente que prefiere ser comentarista de realidade, vir aquí a este Parlamento botar balóns fóra ou preguntarlle á oposición, ou a facer promoción exterior da súa persoa. Desgraciadamente, iso é o que temos aquí en Galiza.

Insístolle: no BNG non nos demandamos... Vostedes están vendidos a Madrid, á reforma laboral –que para iso a aprobaron–, á reforma que establece que as negociacións se teñan que facer en Madrid, que a conserva –que maioritariamente é galega– a decidan en Madrid. Para vostedes iso é a súa prioridade. Aparentan que fan algo cando non teñen nin a máis mínima intención, non fan nin un só movemento por cambiar un ámbito competencial que non sexa que o Goberno galego asuma as decisións que toman outros. Esa é a súa realidade. Moi ao contrario, o Goberno do Partido Popular, con Feijóo á cabeza, fai unha política de entreguismo total e absoluto: que Madrid decida e Galiza asuma, que a Unión Europea espolie e que Galiza decida, que haxa unha normativa laboral española que faga que en Galiza teñamos os peores salarios, as peores pensións, as peores relacións laborais. Mais o Partido Popular volve perder unha oportunidade de poñerse do lado do Goberno galego.

Eu agradezo o apoio expresado polo Grupo Mixto e pola Alternativa Galega de Esquerda. Non imos aceptar a emenda do Partido Socialista porque do que se trata hoxe aquí é de reverter a situación: que Galiza se autorresponsabilice, e nós queremos autorresponsabilizarnos. E que este Parlamento queira ser o Parlamento de Galiza; iso é do que vai a iniciativa. Polo tanto, as cuestións que plantexa a iniciativa teremos oportunidade noutra ocasión de debatelas.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Prado.

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a reforma do artigo 13.4 da Lei de saúde**

**sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, solicitada polo G.P. Popular no Congreso dos Deputados**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Non se presentaron emendas.

Para a defensa da mesma ten a palabra a señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O pasado domingo 8 de marzo, as rúas de Santiago enchéronse de feminismo, nunha xornada de festa reivindicativa que deixou moi claro que as mulleres galegas estamos en loita contra as políticas do PP.

E, por iso, a imaxe da mobilización foi esta, señorías: a dunha muller dura, forte, desafiante. Unha imaxe que, por certo, ten moi pouco ou nada que ver coa de Mucha e Nucha, que foi a utilizada polo Partido Popular para conmemorar ese día. E vouno deixar aí porque entendo que sobran as palabras.

Mulleres en loita e, ademais, xuntas, porque estabamos todas. Bueno, todas menos unhas: as mulleres do Partido Popular. Eu preguntome, señorías: ¿que máis nos ten que facer un goberno para que vostedes reaccionen? ¿Non lles parece dabondo, señoras do PP, a perda de 50.900 postos de traballo ocupados por mulleres dende que Feijóo chegou ao Goberno? ¿Non lles parece dabondo que, en Galicia, unha de cada catro mulleres teña un contrato obrigado a tempo parcial?, ¿que a fenda salarial no noso país se incrementase dous puntos por riba da media nacional?, ¿que o 28 % das mulleres esteamos en situación de risco de pobreza ou exclusión social? ¿Non lles parece dabondo, señoras do PP, a repercusión que os recortes e as privatizacións dos servizos públicos están tendo sobre as mulleres, os recortes na educación, na sanidade, na dependencia, nas prestacións sociais...? ¿Non cren, señoras, que debemos loitar todas xuntas polo mesmo salario, pero tamén polo mesmo coidado? ¿E non lles parece que teríamos que estar loitando todas xuntas contra a violencia de xénero, ese intolerable terrorismo machista? Entón, dígnanos, señoras do Partido Popular, onde estaban o día 8 de marzo, porque me temo que estaban con Mucha e Nucha.

¿E que opinan, señoras do PP, dos cambios legislativos dos seus gobernos: cambios retrógrados, reaccionarios, machistas e moi represores? Esas reformas educativas que nos volven á época franquista. Esas reformas na Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo que pretenden sacrificar as mulleres máis novas na pira da intolerancia da dereita máis reaccionaria, sector que parece ter moito peso tanto no Goberno do señor Rajoy como no Goberno do señor Feijóo, polo menos bastante máis peso do que temos as mulleres.

Resulta intolerable que, ao chegar as eleccións, o Partido Popular volva atacar a dignidade e os dereitos das mulleres, e ademais que o faga con esta covardía. Está claro que non se atreven a meterse con todas nós, despois da reacción tan contundente e tan masiva que houbo ante o anterior intento de modificar a lei. Así que, agora, pretenden facelo atacando só unha parte, a parte das máis novas e das máis débiles, e ademais pola porta de atrás: planteando, dende o Grupo Popular no Congreso, a reforma do artigo 13.4 da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo; nesta ocasión nin sequera se atreveron a facelo dende o Goberno.

Pero vexamos que di ese artigo e onde está a necesidade imperiosa de cambiálo. O artigo 13.4 di que “No caso das mulleres de 16 e 17 anos, o consentimento para a interrupción voluntaria do embarazo correspóndelles exclusivamente a elas”, ás propias mulleres; pero tamén lles pon unha condición: que polo menos un dos representantes legais terá que ser informado da decisión que tome a muller, ou sexa, elas deciden pero informan. Logo ese argumento *pepero* de que non pode ser que a miña filla aborte sen que eu me entere é outra mentira máis. Pero ese artigo da lei socialista aínda di máis, porque tamén recolle a excepción: “Prescindirase desa información cando a menor alegue fundadamente”, señorías, “que isto lle provocará un conflito grave, manifestado no perigo certo de violencia intrafamiliar, ameazas, coaccións, maos tratos, ou cando se produza unha situación de desarraigamento ou desamparo”.

Pois ben, señorías, a reforma que plantea o Partido Popular é precisamente para anular esa excepción, ¡que xa ten narices! Pero, ¿por que a lei di o que di, e concretamente ese artigo? Porque a Convención dos dereitos do neno e da nena recolle o dereito das persoas menores a ser escoitadas, sina-

lando que, canto máis próxima estea a súa maioría –como, por certo, é o caso das mulleres de 16 e 17 anos–, a súa opinión, ademais, terá que ser respectada.

E di o que di porque, en España, o marco legislativo referente ás persoas menores de idade establece que dende os 14 anos os nenos e as nenas teñen responsabilidade penal, ou sexa, que xa son responsables dos seus actos ante a lei. E di o que di porque, en España, unha persoa con 16 anos pode incorporarse ao mercado laboral e pode, señorías, ata casar; pode ter permiso de armas, pode ter licenza de caza, pode decidir se quere incrementar ou reducir as súas mamas, e pode decidir sobre calquera asunto relacionado coa súa saúde. E, señorías, a interrupción voluntaria do embarazo, especialmente nas mulleres máis novas, é un asunto sanitario, é un asunto de saúde.

Pero vexamos tamén se é necesario ese cambio. Vexamos se as cousas non están funcionando ben e resulta que todas as nenas menores de idade andan a practicar abortos un día si e outro tamén, como se beberan un vasiño de auga. Pois, segundo o informe da asociación de clínicas acreditadas para a interrupción do embarazo, os abortos realizados en mozas de 16 e 17 anos no ano 2014 foron exactamente 913, o que representa un 3,6 % do total das IVE practicadas. Deles, no 87,62 % dos casos as rapazas acudiron acompañadas dos seus titores, ou sexa, señorías, nove de cada dez.

E analicemos tamén cales foron os motivos alegados por esas que non foron acompañadas dos seus titores, por ese 0,44 % do total das IVE practicadas. Pois o argumentado foi o seguinte: desamparo familiar, familias desestruturadas, proxenitores en prisión, malos tratos, inmigrantes menores pero emancipadas, enfermidades invalidantes dos titores.

¿Consideran, de verdade, señoras do Partido Popular, que é necesario modificar ese artigo para obrigar 113 menores que teñen esas circunstancias tan dolorosas a que pidan autorización sobre o seu corpo?, ¿considerano, de verdade, necesario? Pero, ademais, ¿a quen lle van pedir autorización?, ¿a quen as está machacando?

¿Pensaron vostedes, talvez, no caso dunha menor tutelada, en quen será o que ten que opinar sobre o seu corpo?, ¿o funcionario do centro de menores?, ¿será el o que decida sobre a súa maternidade? E, se está casada, ¿quen será?, ¿o mari-

do ou o pai? ¿E se a menor foi obxecto de abuso sexual incestuoso? Porque unha de cada catro adolescentes é vítima de abuso sexual, e arredor do 80 % do abuso sexual prodúcese no ámbito familiar. ¿Que facemos neses casos, señoras do PP? ¿Talvez pretenden vostedes que a menor lle teña que pedir permiso a ese titor incestuoso?, ¿que sexa el o que decida sobre o seu embarazo? Porque iso, señoras e señores do Partido Popular, iso é o que pretende a súa reforma ao anular as excepcións.

E remato cunha pregunta para as señoras do Partido Popular: ¿non pensan vostedes, honradamente, que esa modificación vai levar esas menores desesperadas ao aborto clandestino e á marxinação? E non só á delas, senón tamén á dos fillos e das fillas que poidan chegar a ter.

Pois para evitar iso é para o que lles pedimos, señoras do PP, o seu voto, o noso, o seu e o de todas, porque xuntas evitaremos esa modificación. Espero contar co seu apoio, de momento máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Acuña.

Señora Acuña, señora Acuña, o cartel.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** É un regalíño, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Non, non.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Pero, se lle molesta, lévoo. Non hai problema.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Bo día.

Moitas grazas, presidente.

O Goberno cumpre unha das súas promesas electorais: presentar a modificación da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo no seu artigo 13.4 –referido á asimilación das mulleres de 16 e 17 anos coas maiores de 18– e eliminando o considerando actual que sina-

la que son as mulleres quen temos que decidir a interrupción do noso embarazo, indicando que, polo menos, un dos representantes legais das mulleres comprendidas nesas idades deberá ser informado, “salvo que a menor alegue fundadamente que o aborto lle provocará un conflito grave, manifestado no perigo certo de violencia intrafamiliar, ameazas, coaccións, maos tratos, ou cando se produza unha situación de desarraigamento ou desamparo”.

O Estado protexía, coa lei actual, todas aquelas mulleres que viven en situación de desprotección para que poidan decidir por elas mesmas e non se vexan obrigadas, por alguén alleo, ao efecto e amparo familiar, a levar a cabo un embarazo non desexado.

Polo tanto, a modificación que pretende o Goberno só afectará este grupo, obviamente minoritario, porque –aínda que nos queiran presentar o contrario– aquí abortamos todas: as listas e as non tan listas, as de esquerdas e as de dereitas, as que teñen pai e nai e as orfas. ¡Aquí abortamos todas!

Segundo o último estudo da asociación de clínicas acreditadas para a interrupción do embarazo, a actual proposta de modificación do PP deixaría desprotexidas 113 mulleres entre xaneiro e novembro do 2014. Isto é, o 0,44 % do total de mulleres que se someteron a unha interrupción do embarazo nese período –o 12,38 % das mulleres de 16 e 17 anos–. Estes datos veñen demostrar o innecesario desta modificación. Período electoral, hai que andar... Agora vénlle unha *manifa* aí dos Provida, que van protestar –vai Esperanza Aguirre, seica–.

A primeira razón pola que isto é inútil é porque é para alimentar o seu electorado máis ultra, contrario ao dereito ao aborto. Esta medida é un aperitivo –vaise ver na *manifa*– fronte á súa voracidade. Lembremos que os mal chamados movementos Provida manteñen pretensións que van moito máis alá que a mesma proposta de Gallardón. E esta deputada quere aclarar que vai moito máis alá da proposta do Partido Socialista Obrero Español, pese a que vai apoiar aborto libre e gratuíto xa. Ben, xa dixeron que non os contenta, a estes grupos ultras, nada de nada.

E a segunda razón lévanos a reflexionar sobre as razóns para a supresión deste dereito que afecta un número tan escaso. Pero un número que ten a necesidade de protección moi elevada, e tamén provoca unha serie de preguntas e contradicións.

En España, reformouse o Código civil fixando nos 16 anos a idade para obter a emancipación e o rexer da persoa e dos bens, como se foran maiores de idade, precisando o permiso dos pais ou titores para moi contadas ocasións, como pedir un préstamo, transmitir bens... Con 16 anos, se non queren someterse a unha operación ou a un tratamento –por exemplo, oncolóxico–, as mozas poden decidilo, e se queren facer no seu corpo todas as cirurxías, todas cantas cirurxías estéticas se ofertan no mundo, poden tamén. Pero abortar, ¡abortar, non! Asemade, elevouse na mesma reforma a idade mínima para casar. A partir de agora, ¿as casadas de 16 a 17 anos poderán abortar se así o deciden ou necesitarán o permiso paterno para facelo?

Temos pendente a reforma do Código penal, na que ese mesmo Goberno quere elevar a idade mínima para o consentimento das relacións sexuais aos 16 anos. Pero mentres non se aprobe, a partir dos 13 elas e eles poden consentir estas relacións, pero abortar, pois non. Quizais 13 anos sexa unha idade excesivamente reducida no que ao consentimento de relacións sexuais se refire. Aínda que nos queda como consolo que no Estado Vaticano –ese estado tan democrático, tan maravilloso, con tantos dereitos para as mulleres!– a maioría de idade para ter relacións sexuais –sospeitoso dato–, e consentidas, son os 12 anos. *Rugir de sotanas.*

Por certo, e se hai un suposto imposible dunha muller de 16 ou 17 anos, solteira, non emancipada, en desarraigamento, desamparo ou desestruturación que consegue abortar, ¿que facemos?, ¿metémola nun reformatorio? E cando cumpra os 18, ¡ao cárcere xa rapidamente! Porque o aborto segue a estar no Código penal, ¿eh?, isto non o podemos esquecer. E co persoal sanitario que lle practicou o aborto, ¿que?, ¿ao cárcere?

Xa remato, presidente. Este último suposto parece cada vez máis complicado, porque con tanto impedimento vai ser imposible que quen practique estes abortos sexa persoal sanitario. Todo parece indicar que eses abortos, que sen dúbida se producirán, serán clandestinos.

¡Aborto libre e gratuíto!

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Durante o ano 2014 debatemos neste Parlamento, en reiteradas ocasións, un texto que o señor Feijóo –o 26 de febreiro de 2014– non quería chamar “anteproxecto de lei” e chamaba “texto inicial”, no cal se modificaba completamente –ou sexa, retirábase– a Lei actual de saúde sexual e reprodutiva das mulleres, e se introducía ese concepto do concibido e os seus dereitos.

Foron moitas as reiteradas ocasións nas que trouxemos a esta Cámara a necesidade de reflexionar sobre o que significaba a interrupción voluntaria do embarazo. E eu repasaba o *Diario de Sesións* do Parlamento, as preguntas ao presidente, e como o propio señor Feijóo falaba da necesidade de modificar completamente a lei actual, incluso foi un debate que estivo plagado de interrupcións por parte de moitas, fundamentalmente, deputadas desta Cámara, e moitas das deputadas do Partido Popular que apoiaban o señor Feijóo nese momento, cando defendía a modificación da lei.

Eu creo que é unha vitoria, e que dende aquí temos que parabenizar todas esas mulleres –e tamén os homes– que estiveron nas rúas para conseguir que se parara ese anteproxecto de lei. Para conseguir, incluso, que un ministro abandonara o seu cargo polo seu empecinamento en modificar un dereito a decidir das mulleres que estaba xa recollido na lexislación. Mais, dende logo, recoñecendo esa vitoria do movemento feminista, e dos movementos de mulleres, hoxe atopámonos con que o Partido Popular –no tempo de desconto que queda nesa lexislatura– quere modificar –como aquí se dixo– ese artigo 13 no seu apartado cuarto.

Porque, se recollemos diferentes declaracións, vou recoller as de Feijóo –porque supoño que será o que marque a posición de voto hoxe aquí do Partido Popular–, el dicía que era un problema moral –exactamente dicíao nesa sesión do 26 de febreiro do 2014– e que en cuestións morais non hai posibilidade de poñerse de acordo. Non é un problema moral. Neste caso será un problema moral da decisión que cada muller adopte, que, como xa se leu perfectamente, está reco-

lido clarísimamente nese apartado cuarto. O que é, é un problema –tamén xa se dixo dende esta tribuna– sanitario. E, ademais, máis alá de sanitario, é un problema de relacións familiares, e neste caso de relacións familiares con moita violencia, porque –o que se di no informe que coñecemos e que xa foi citado polas persoas que me precederon no uso da palabra– unha de cada dez mozas que fan uso da interrupción voluntaria do embarazo e non informan a súa nai, o seu pai ou o seu representante legal, fano acudindo aos problemas de convivencia graves que teñen.

Entón, eu preguntolles, señoras do Partido Popular: se unha moza de 16 ou 17 anos vive nun ambiente de violencia familiar que impide informar os seus pais, os seus proxenitores, da situación que está vivindo, ¿a que a condena a modificación legal que agora se intenta facer por parte do Partido Popular? Á clandestinidade, porque esa moza non vai informar a súa familia, está claro, e vai buscar algunha outra canle, seguramente para nada sanitaria, para nada segura, para interromper voluntariamente o embarazo.

Entón, as mesmas mozas que poden casar, as mesmas mozas que poden traballar, nunha situación de violencia familiar vostedes vanas deixar desasistidas, vanas obrigar, realmente, a ter que ir á clandestinidade para buscar unha solución a un problema de violencia. Porque eu creo que é moi importante saber e coñecer exactamente o que di o texto, porque o texto que vostedes van modificar di que se prescindirá da información aos pais ou ás nais nunha situación onde a menor alegue un conflito grave, onde alegue estar nun perigo de violencia familiar. E, como vemos, iso é o que está ocorrendo: soamente unha de cada dez que están vivindo esa situación se acollen a este suposto.

Vostedes, por darlles unhas migallas aos grupos máis ultras, máis Provida –que son incapaces de ver a situación desta mozas–, ante a imposibilidade de reformar a Lei do aborto como querían, van deixar desasistidas as mozas.

E eu, desde estra tribuna, tamén quero dicir que ás veces aquí sempre escoitamos o Partido Popular falar... Imaxínemos que unha nai ou un pai... Eu son nai dunha nena de 17 anos, teño claro que, se ela non me informa a min ou o seu pai desa situación, non é quen o Estado de prohibirlle que tome esa decisión, non o é. Porque un problema familiar non o resolve unha lei –que no artigo 13.4 intentaba buscar unha

vía de saída para as mozas–, e vostedes intentan que o Estado resolva un problema familiar penalizándoas, expulsándoas á clandestinidade.

De verdade, en conciencia...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...e se de verdade vostedes consideran que é un problema moral, reflexionen sobre a prohibición que van votar a respecto das mozas, van deixar desasistidas as mozas que viven situacións máis graves. Xa por non entrar, que teríamos que falar moito e non chegan eses cinco minutos, no que significa que non exista ningún tipo de educación sexual e afectiva no ensino público. Esa realmente é unha das lacras que estabamos vivindo.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Eu de verdade, ante isto, dende logo que van contar co noso voto a favor; pero, se é un problema moral, vostedes deberían votar hoxe si a esta iniciativa. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Imos apoiar, obviamente, esta proposición non de lei. É unha lástima que nas múltiples iniciativas institucionais, iniciativas para lavar a cara –logo debateremos unha–, o PP esqueza de falar que volta tentar unha vez máis recortar os nosos dereitos. É unha lástima que mentres as mulleres –diversas: mozas, maiores, pero todas empoderadas– berrabamos na rúa o día 8 de marzo polos nosos dereitos, vostedes –os do seu partido– prefiran estar nun acto institucional, e mesmo tentar entorpecer o acto organizado polas feministas; non en van, o propio Concello de Compostela, da súa cor, non facilitou nin sequera enerxía para poder enchufar un triste micrófono, ese concello trufado de corrupción. É unha lástima que queden fóra, atrás, coma sempre, da sociedade; non

en van son vostedes reaccionarios. É unha lástima sobre todo polas mulleres da dereita, porque nós –as feministas– xa estamos acostumadas á loita contra corrente. Estamos acostumadas a ter os seus santos varóns na nosa contra, santurróns que se agochan tras unha suposta moral para recortar os nosos dereitos, dereitos que a eles non os afectan pero dos que nos privan a nós e que, incluso, no caso das menores, pode destrozarlles a vida.

Son os mesmos que recortan as políticas para a violencia de xénero, os mesmos que computan a prostitución para o PIB. Son vostedes os mesmos que legislan facilitando o despedimento e o recorte en salarios e dereitos laborais para as mulleres. Son vostedes os que facilitan o paro, a precariedade e a temporalidade ata límites insospeitados, mesmo xornadas parciais dun 25 % das mulleres e unha fenda salarial cercana ao 25 %. Os mesmos que expulsan as nosas mozas á emigración ao tempo que as responsabilizan, nos responsabilizan, da baixa natalidade e do problema demográfico. Son os mesmos que agora lles din ás mozas que non poden abortar.

As feministas estamos acostumadas porque tamén son os mesmos que recortan as axudas á dependencia, aos servizos sociais, pero, sobre todo, porque son vostedes os mesmos que no ano 1985 presentaron recurso no Tribunal Constitucional contra a Lei de supostos, ese señor pai do señor Gallardón. Son os mesmos que presentaron recurso contra a Lei de saúde sexual e reprodutiva ante o Constitucional no ano 2010. Nós non esquecemos porque o recurso, desgraciadamente, segue en marcha, porque vostedes tampouco o retiraron. E iso significa que temos que seguir traballando polo noso dereito a decidir se ser nais ou non, pero, tamén, polo noso dereito a desfrutar da nosa propia sexualidade.

E agora, cando as feministas conseguiron –conseguimos– tombar a súa contrarreforma, causando mesmo a dimisión do señor ministro de Xustiza, vostedes séntense en débeda electoral co sector máis ultra do seu electorado. E igual que fan –fixérono onte– anunciando tratamentos de hepatite que non pensan financiar, aquí tamén xogan cos dereitos das persoas para o seu beneficio electoral, dando conta da súa baixeza ética e política. Por certo, non sei onde están esas Provida do Partido Popular, eses Provida do Partido Popular, cando hai que defender as persoas doentes, neste caso da hepatite C. Non sei onde está esa loa á vida cando votaron

en contra dos tratamentos para a hepatite C de persoas que poden morrer.

Empregan os dereitos das mulleres, polo tanto, para o mercado electoral, presentando unha contrarreforma reaccionaria, patriarcal e paternalista para limitar ás menores de 16 e 17 anos con problemas familiares que poidan decidir se queren ser nais ou non. Niso consiste, explicouse xa aquí, só nove de cada dez adolescentes abortan sen permiso paterno e materno. Defende o PP unha contrarreforma absurda, utilizando o 0,44 % das mulleres que recorren á interrupción voluntaria do embarazo, pero que a ese 0,44 % de mulleres pode destrozarlles a vida, porque falamos de mozas –como se dixo aquí– que viven en situacións de violencia familiar, de abandono familiar ou que non teñen familia no país no que están a residir. Polo tanto, privalas deste dereito –repito, ao que só se acollen as que teñen problemas– pode supor poñer en perigo as súas vidas, expoñelas a unha situación de violencia ou impedirilles acceder de facto aos seus dereitos. É insoportable que vostedes asuman limitar este dereito.

Supoño que hoxe van votar en contra. É unha lástima polas súas fillas, polas súas sobriñas, polas súas irmás. É unha lástima por vostedes mesmos, pola súa clase de catadura moral e pola súa clase de catadura política. Por nós non teñan pena porque as feministas xa estamos acostumadas e seguiremos pelexando. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señores deputados, señoras deputadas.

A iniciativa que trae hoxe a esta Cámara o Partido Socialista e que acabamos de escoitar ten por obxecto a retirada dunha proposición de lei que nin sequera foi presentada neste hemiciclo. Eu pregúntome, señoría, que pasaría se, desde Madrid, pretenderan impedir que nós debateramos algún tipo de iniciativa e pretenderan que retirásemos unha iniciativa que presentaran, por exemplo, vostedes nesta Cámara. Habería que oír que dirían vostedes (*Murmurios.*)

nese caso: non nos dan liberdade, non nos deixan falar, non nos deixan debater. *(Aplausos.)*

O Grupo Popular do Congreso dos Deputados, en todo o seu dereito, presentou unha iniciativa que é, por suposto, susceptible de debate, de mellora, de novas achegas, de diversos enfoques, de cambiala, de retirala... pero no ámbito que lle corresponde, que é o das Cortes Xerais. Vostedes alí teñen representantes do seu partido e nós tamén os temos, e nós sentímonos representados por eles, supoño que vostedes tamén.

Este é un tema controvertido, como xa dixemos moitas veces, e hai moi diferentes puntos de vista. Non podemos utilizar imposicións, nin uns nin outros, baseadas en principios persoais e individuais, senón chegar a unha lexislación que sexa acorde coa Constitución e respectuosa cos dereitos de todos e, sobre todo, válida para a maioría da sociedade.

Eu sei que a memoria é fráxil pero vostede recordará, señora Acuña, como moitos dirixentes socialistas se revelaron contra a liberalización do aborto nas menores. Repase nas hemerotecas o que dixeron os seus compañeiros –e non falo de hai vinte e cinco anos, falo de hai cinco anos–. Moitas voces dentro do Partido Socialista disentiron, e moito, sobre este artigo que se pretende modificar. Este artigo que si causou unha alarma social e unha fonda preocupación en todos os sectores da sociedade, sobre todo nos pais e as nais, que non vían razoable que se lles pida autorización paterna, materna ou do seu titor para facer unha tatuaxe, e non para someterse a unha IVE; que se lles pida autorización para viaxar ao estranxeiro, por exemplo, e non para someterse a unha IVE; que se lles pida autorización para ir de excursión, para entrar a un casino ou a un bingo, e non para someterse a unha IVE. Pero o Goberno non escoitou e continuou coa tramitación e, pola contra, o Partido Popular leváboo incluído no programa electoral que presentou. De alí xorde esta proposición de lei que se presenta nas Cortes Xerais, como lle digo, en palabras do portavoz do noso grupo en Madrid: *“porque habíamos iniciado una tramitación de un texto ciertamente complejo y sobre el que hubo una enorme contestación social y discrepancias, y hemos querido que en esto haya un consenso social. Nosotros, en una materia tan delicada como ésta, lo que buscamos es el mayor consenso y el mayor apoyo social. Y creo que hay diputados y diputadas de otras formaciones políticas que están de acuerdo con esto*

*que hoy presentamos”.* *(Murmurios.)* De feito... *(Interrupcións.)* Non, estou lendo as palabras, e díxoas en castelán. Eu leo literalmente, se non non teño ningún problema en falar en galego, como xa estou demostrando, paréceme. De feito, hai partidos que a día de hoxe, como é o PNV –o Partido Nacionalista Vasco–, que non votou en contra da presentación desta iniciativa porque sempre manifestou as súas dúbidas *(Murmurios.)*, e outros partidos, como Convergència i Unió, que van dar liberdade de voto.

En fin, refírese tamén ao exercicio da patria potestade e, de feito, parte do texto da mesma explica: *“No se trata únicamente de la protección de la menor, sino que su cuidado comprende el núcleo esencial de todas esas figuras jurídicas; y así lo fija el Código civil, tanto en el artículo 154, estableciendo que entre los deberes y facultades del ejercicio de la patria potestad está el de «velar por ellos, tenerlos en su compañía, alimentarlos, educarlos y procurarles una formación integral», como en el artículo 269, que dispone que «el tutor está obligado a velar por el tutelado”.* Señorías, o que se constata na realidade é que a modificación contemplada na Lei orgánica 2/2010 *“impide a los progenitores y tutores cumplir con la obligación recogida en el Código civil”.*

Estamos de acordo, estamos de acordo cos datos, estou de acordo coas súas cifras, e soamente un 0,4 % das menores se someten a unha IVE sen autorización. Por iso mesmo é polo que nós pensamos que vostedes o que pretenden é facer da excepción a regra xeral, e que pretenden facer dun feito extraordinario a normalidade. E estes casos excepcionais –que pode habelos, por desgraza– xa están contemplados na lei e sempre tendo en conta o interese do menor.

O Grupo Parlamentario do Partido Popular é plenamente consciente de que na sociedade, como lle dicía ao comezo, existen múltiples sensibilidades que deben ser respectadas porque son moitas e moi diferentes –non só as do Partido Popular ou as do Partido Socialista–, e de que dentro de cada partido hai distintas sensibilidades: non todas as mulleres e os homes do Partido Popular pensan o mesmo, como tam pouco pensan o mesmo todas as mulleres e os homes do Partido Socialista. Do que dende o Grupo Popular estamos plenamente seguros...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.



**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ...-xa remato, señor presidente- é de que todos os pais e nais queren o mellor para as súas fillas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradezo o apoio dos grupos. Iso evidencia o consenso que existe coa solicitude de manter a lei tal e como está a día de hoxe.

En canto ao Grupo Parlamentario Popular, bueno, eu vou seguir insistindo nas señoras deputadas do Partido Popular porque penso que terían que ser máis proclives a axudar e protexer as demais mulleres, especialmente as mulleres máis débiles e máis fráxiles.

En canto á intervención que fixo a deputada deste grupo, a verdade é que pobre desculpa iso de que ¿que nos parecería que non sei que? Mire, recórdolle que, precisamente, foi o seu grupo o que, mentres estaba no Goberno o señor Zapatero, nesta Cámara en todos os plenos presentaba iniciativas para instar o Goberno do Estado.

Efectivamente, o Partido Popular fala do Código civil, do artigo 154, no que se establecen os deberes e as facultades da patria potestade: velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral. Vamos, exactamente os coidados que reciben a diario esas 113 mozas dos seus titores; exactamente iso, señora deputada, e se non preguntelles a elas. Porque a súa reforma non contempla excepcións, señora deputada, non contempla excepcións.

Antes de votar, señoras do PP, pensen no innecesario dunha modificación para o 0,44 % do total dos abortos, os das menores con problemas familiares gravísimos. Antes de votar, señoras do PP, pensen no inxusto dunha medida que vai sacrificar as mulleres menores máis desvalidas para tentar non a sensibilidade senón os votantes máis reacciona-

rios das filas do Partido Popular. Antes de votar, señoras do PP, pensen na crueldade dunha reforma que deixa as mulleres menores en mans dos maltratadores, abusadores e violentos, e que as leva á clandestinidade e á marxinação. Antes de votar, pensen que o dereito a decidir sobre a maternidade vai implícito no feito de ser persoa e que as mulleres somos persoas, somos cidadás de pleno dereito tamén aos 16 e aos 17 anos, aínda que nesa idade -e tal e como está agora a lei- deban informar os seus titores. Antes de votar, señoras do PP, pensen en para qué, ¿para que esa modificación?, ¿para gañar un puñado de votos? Pois, miren, se é por iso, van ter que darlle unha voltiña porque, ao mellor, pode que non lles resulte nin sequera útil electoralmente. Miren, os que queren...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...-remato- e exixen sacrificios non se van contentar coas doncelas, quérennos a todas; e para os demais esta medida dá unha imaxe dun PP machista, retrógrado, reaccionario, (*Murmurios.*) inquisidor e tremendamente inxusto. Así que reflexionen e apoiem esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Acuña.

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández e D<sup>a</sup> Rosa Oubiña Solla, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso, abuso sexual e discriminación da muller no deporte e coa promoción do deporte feminino**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** A esta proposición non de lei presentáronse tres emendas: unha do Grupo Parlamentario Socialista, outra do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Acuña do Campo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

*Emenda de modificación.*

*Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte texto:*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Elaborar un protocolo de obrigado cumprimento para a prevención, detección e actuación fronte ao acoso e abuso sexual no deporte, que ademais contemple severas sancións e que garanta a seguridade das deportistas fronte esta mala praxe que está a conlevando a maltratos ou abusos.*

*2. Incorporar como requisito para recibir axudas públicas, a declaración de todos os recintos deportivos como espazos libres de violencia machista.*

*3. Retirar as axudas públicas a quen no tecido deportivo non cumpra cos criterios da igualdade e non discriminación.*

*4. Proceder á modificación da lexislación correspondente para que o Comité Galego de Xustiza Deportiva teña competencia directa para a prevención, control e sanción, de forma inmediata, de todas as cuestións en materia de acoso e abuso sexual e violencia machista.”)*

*(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de adición.*

*Débense engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:*

*“– Instar ás diferentes federacións a que adopten nos seus regulamentos medidas de excepcionalidade polas cales, a ficha dunha ou dun deportista non poida ser retida nos casos onde medie unha situación grave de conflito ético, problema social ou caso de acoso, denunciado pola vía xurídica ou/e administrativa.*

*– Regular, en colaboración coas federacións deportivas, a limitación de acceso a cargos directivos, representativos ou*

*de calquera outra índole, a persoas responsables de probados casos de acoso sexual, violencia de xénero ou maltrato físico e/ou psicolóxico.*

*– Introducir no acceso ás subvencións públicas por parte das entidades deportivas condicións que impidan o acceso a aquelas nas que existan casos de acoso sexual, violencia de xénero ou maltrato físico e/ou psicolóxico por parte dunha ou máis das persoas integrantes do equipo técnico e directivo ou nas que este sexa consentidor de situacións da índole antes descrita.*

*– Velar polo cumprimento estrito das leis en materia de prevención de violencia de xénero no mundo do deporte.*

*– Realizar anualmente un informe, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte, que faga públicas as medidas tomadas para acadar os puntos descritos.”)*

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada e portavoz suplente María do Carme Adán Villamarín e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir ao final do primeiro punto da parte resolutiva:*

*“Dito Protocolo será de obrigado cumprimento para recibir axudas por parte da administración galega.”*

*Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:*

*“O Goberno galego asumirá o Manifesto pola Igualdade e a Participación da Muller no Deporte promulgado polo Consello Superior de Deportes, así como a Declaración de Brighton sobre a Muller e o Deporte, e planificará as accións necesarias para darlles cumprimento.”)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Oubiña.

**A señora OUBIÑA Solla:** Grazas, señor presidente.

Benvidos a todos os que hoxe nos acompañan aquí nesta tribuna.

Quero empezar esta intervención dicindo que un dos retos da sociedade é acadar a igualdade real e obxectiva. Desde a óptica de xénero, o deporte e a educación física son un dereito que debe beneficiar a toda a sociedade en igualdade de condicións. Non obstante, é certo, continúan existindo diferenzas ligadas –¿como non?– á estrutura de xénero. E nese sentido, traemos hoxe aquí esta proposición non de lei, que foi emendada polos grupos de oposición, co fin de instar o Goberno a que continúe implementando novas medidas para seguir promovendo e potenciando o deporte feminino, para promover novas medidas de visualización e sensibilización social que fomenten valores de igualdade, á elaboración dun novo protocolo para a prevención e detención fronte ao acoso sexual no deporte.

Certamente, a incorporación da muller ao deporte foi un proceso lento. No día de hoxe, aínda que o avance é significativo non está plenamente consolidado. Moita é a lexislación, nese sentido, que persegue unha transformación social máis igualitaria con medidas que foron recollidas tanto na Declaración de Brighton como no Manifesto pola igualdade e a participación da muller no deporte do ano 2009, e máis recentemente nas Conclusións do Consello de Europa sobre a igualdade de xénero no deporte. Todas elas instan a eliminar obstáculos e a eliminar estereotipos que dificultan a igualdade real.

O deporte non é alleo a esta realidade e, tanto polo seu potencial educativo como polo mediático, representa un motor de cambio social para promover a igualdade. Distintos estudos demostran que aínda existen grandes diferenzas en canto á participación das mulleres nas distintas esferas deportivas: diferenzas salariais, diferenzas da repercusión social e diferenzas, tamén, na cobertura mediática –que é menor naqueles deportes practicados polas mulleres–. Chegamos a aceptar como normais situacións que, en realidade, son de desigualdade. E poderíamos preguntarnos por que as mulleres practican menos actividades deportivas que os homes, por que hai menos licenciadas en Educación Física, por que hai menos adestradoras de elite, menos árbitras, menos presidentas de clubs ou federacións. Talvez algunhas das respostas as atopemos nos seguintes datos: que, a nivel nacional, en todas as modalidades deportivas

–tanto escolar, como universitario ou de alto rendemento– o número de homes que practican ou que están vencellados ao deporte case dobra o número das mulleres, e que o abandono da práctica deportiva a nivel escolar afecta fundamentalmente a poboación feminina, e moitas veces ese abandono é por falla de apoio familiar, que segue identificando o deporte cunha actividade máis propia dos rapaces que das rapazas.

En Galicia esta situación vén mellorando, Galicia aposta pola igualdade no deporte, creo que clara. En referencia aos datos que se recollen nun informe elaborado conxuntamente pola Fundación do Deporte Galego, pola Secretaría Xeral para o Deporte e a Universidade de Compostela, a práctica deportiva aumentou nos últimos anos, pasando –en termos porcentuais– dun 55 % que se practicaba no ano 2007 a case un 71 % de galegos e galegas que practican algunha actividade física, deportiva na actualidade.

Nas mulleres este incremento foi notable: case un 17 % máis fronte a un 15 % dos homes. Se nos referimos ao número de licencias femininas por federación, aumentou en todas as modalidades deportivas, como poden ser –por dicir algunhas–: atletismo, baloncesto, balonmán, ciclismo ou mesmo fútbol. Estes bos datos son froito –¿como non?– de incorporar aos convenios firmados pola Xunta criterios de baremación que son específicos para favorecer a promoción do deporte feminino. Estamos, polo tanto, ante os mellores datos dos últimos anos e podemos dicir que tanto o deporte base como tamén o deporte de alta competición en Galicia –e que este goberno vén patrocinando– teñen nome de muller. E digo que teñen nome de muller porque contan con grandes e recoñecidas deportistas, que son un claro exemplo para as galegas e para os galegos.

Polo tanto, nese sentido de seguir avanzando e de seguir mellorando –e que así o recolle a nosa iniciativa–, queremos seguir articulando campañas, novas campañas de sensibilización, novas campañas de información dirixidas ás familias, encamiñadas a eliminar as barreiras culturais, e que incorporen máis a perspectiva de xénero orientada a corrixir esas desigualdades e a eliminar todo tipo de estereotipos –e así o manifestamos e o recolleemos no punto quinto–, e, sobre todo, cun coidado moito máis esmerado no uso tanto das imaxes como tamén da linguaxe que se emprega nas ditas campañas.

En canto á referencia, que non é menor, senón que é considerada a parte esencial desta proposición non de lei, é o acoso e o abuso sexual. Non son alleas estas dúas cuestións ao ámbito do deporte nin son alleas, tampouco, aos centros onde este se leva a cabo. Non podemos tolerar, baixo ningún concepto –de ningún xeito–, que este tipo de condutas delituosas se repitan ou se leven a cabo na práctica do ámbito do deporte. O acoso sexual atenta contra a liberdade, atenta contra a integridade física e a dignidade das persoas. O acoso e o abuso sexual no deporte, sen ningún tipo de dúbidas, é un trauma. É un trauma que afecta o desenrolo da personalidade, o estado físico e psicolóxico de todas as persoas que o padecen, e que é difícil de superar no tempo, especialmente cando as vítimas son menores ou sofren algunha discapacidade.

Ese tipo de relacións asimétricas e de carácter vertical entre os profesionais do mundo do deporte e as persoas que o practican, cremos que deben ser usadas dunha forma positiva para establecer límites, para formar, para dar seguridade e para fortalecer as medidas de respecto; usadas de xeito negativo dan lugar a condutas reprobables e a condutas vexatorias como son os malos tratos, os acosos e os abusos de carácter sexual.

Ante esta realidade, distintos organismos, como son a Conferencia Mundial sobre a Muller e o Deporte, o Parlamento Europeo ou o Consello de Europa, instan os Estados membros e as federacións a adoptar medidas que eliminen estas formas de violencia, garantindo un contorno seguro e de apoio para as mulleres que participan en todos os niveis do deporte. Así, neste sentido, propoñemos –atendendo estas recomendacións– a elaboración dun protocolo para previr posibles situacións de acoso e abuso sexual no deporte que estableza, de xeito claro, o ámbito de aplicación ante este tipo de condutas para todo o persoal deportivo –infantil, xuvenil e adulto–, con procedementos de actuación ante indicios e situacións de abuso, con medidas de prevención, pero, sobre todo, que incorpore a formación, a información e a sensibilización, que promova, ante todo, un contexto social de rexeitamento ante calquera tipo de violencia, acoso ou abuso no deporte. En definitiva, que recolla a descrición clara de riscos potenciais asociados ás actividades deportivas, así como posibles medidas preventivas.

Para rematar e resumir, a filosofía desta iniciativa recolleíamola en catro puntos: promocionar e potenciar o depor-

te feminino como unha ferramenta eficaz para eliminar estereotipos de xénero e acadar a igualdade entre mulleres e homes; promover a prevención da violencia, acoso e abuso sexual no deporte dende a infancia; integrar sempre a perspectiva de xénero nos programas públicos de desenvolvemento deportivo –en todos os ámbitos e en todos os niveis–; e, en definitiva, velar pola non discriminación da muller neste ámbito.

Nada máis e moitas grazas, presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios. Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Escoitabamos atentas a intervención da señora Oubiña, e aínda fico bastante abraiada de que nin tan sequera tivera a deferencia de facer unha referencia ás tres xogadoras do Leis Pontevedra que tiveron a valentía, ¡a valentía!, de denunciar o acoso que sufriron, o acoso sexual que sufriron no seu equipo. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Bueno, eu creo que este é o espazo para recoñecer esa valentía, porque ser unha moza, ter o presidente do teu club que realmente está insultándote e está conseguindo acabar coa túa autoestima, é unha valentía denuncialo. Unha vez que o denuncian estas mozas, que chega ese tema ás institucións a través da Marcha Mundial das Mulleres, que estivo aí apoiándoas, levaron ese tema á Deputación de Pontevedra, tróuxose a este Parlamento por parte de diferentes deputadas.

E neste momento, ¿como está a situación? Tanto a secretaria xeral de Igualdade como o señor Lete comprometéronse a realizar un protocolo; dixerónllelo directamente ás xogadoras implicadas e á Marcha Mundial das Mulleres, dixerono na Comisión 5ª e na Comisión 1ª. Hai escasamente tres semanas, o señor Lete comprometeuse –a preguntas do Bloque Nacionalista Galego– a que se realizaría un protocolo contra o acoso sexual no deporte e, tamén, a que se estudaría que ese protocolo fora de obrigado cumprimento para non recibir subvencións públicas en caso de estarse incumprindo, que é o que realmente é fundamental dun protocolo,

non soamente a súa elaboración. Porque existen protocolos contra o abuso sexual no deporte coñecidos: existe un que está posto en funcionamento en Cataluña, o máis coñecido é o de Finlandia; é dicir, coñecemos eses protocolos. Polo tanto, se vostede aquí vai demandarlle ao Goberno algo que o Goberno xa se comprometeu a realizar, que é a elaboración dese protocolo...

Despois nos seguintes puntos, mire, é que iso xa está na Lei de igualdade; tal e como vostede o recolle está na Lei de igualdade, a realización da promoción do deporte feminino está en todas as convencións a respecto da importancia desa promoción do deporte feminino. O que é curioso é que diante dun caso concreto, cando o señor Lete se comprometeu neste Parlamento a que as fichas desas xogadoras estarían libres na mesma semana, tres semanas despois seguen cativas. Esas xogadoras nin xogan no seu equipo nin poden xogar noutro equipo, porque seguen estando cativas.

Entón, non estamos falando en abstracto, señora deputada, estamos falando de casos concretos, da realidade que viven as nenas e as mozas cando practican deporte en moitas federacións. ¿Que ocorre? Que, afortunadamente, estas rapazas foron quen de denunciálo e hoxe estamos falando sobre casos concretos.

É dicir, ¿vostede está en disposición de que estas xogadoras vaian ter as súas fichas libres para a semana que vén? Levan un mes agardando, teñen o compromiso do secretario xeral para o Deporte de que van poder xogar, e aínda non poden xogar. ¿Vostede non ten nada que dicir a respecto de que o presidente do equipo de fútbol siga sendo presidente? Non é máis alá do que diga a sentenza, que reconece, ademais, que o feito de non ser unha cuestión penal si que é reprobable moralmente. ¿Non considera vostede que se debería ter dado algún paso dende a Deputación de Pontevedra e dende a Secretaría Xeral para o Deporte para que este señor non siga sendo presidente deste club? ¿Non sería iso realmente un compromiso coa igualdade?

É dicir, esta cuestión hoxe non chega aquí de casualidade, ten unha historia, e unha historia que afecta a persoas, a mozas, con nomes e apelidos. Por iso, primeiro, o recoñecemento para elas. E, segundo, será efectiva esa loita contra o acoso sexual no deporte cando iso comprometa os orzamentos que teñen as federacións.

Posiblemente un dos ámbitos onde pervive máis o machismo sexa no deporte, todas e todos o sabemos. Lía un artigo exemplar, publicado hai poucos meses, a este respecto, onde mulleres deportistas, mulleres moitas delas que colaboran coa Asociación galega de mulleres deportistas, definían as mulleres no deporte, ou floreiros, ou marimachos. E iso é algo que pervive. É dicir, ou están entregando as medallas...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señora Adán, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...ou están entregando os trofeos, ou xa sabemos cales son os comentarios que existen en calquera campo de fútbol. Soamente temos que achegarnos un sábado calquera ao fútbol base e escoitar o que se lles di ás nenas que practican fútbol. E eu escóitoo moi a miúdo.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Polo tanto, señora deputada, a súa iniciativa non engade nada ás leis actuais. O tema é: ¿vaise comprometer o Goberno galego a que nos seus orzamentos se penalice a aqueles clubs que practiquen o acoso sexual ás deportistas? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Adán. O seu tempo rematou.

Alternativa Galega de Esquerda. Ten a palabra dona Eva Solla.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Unha vez máis estamos ante unha iniciativa tipo... poderíamos chamarlle “lazo violeta”, que son as que traen vostedes en torno ao 8 de marzo e ao 25 de novembro. Iniciativas de quen o resto do ano o único que fai é contribuír a que non exista igualdade, traballando contra os dereitos das mulleres, como acabamos de ver na iniciativa anterior.

Hoxe, se cadra, esta iniciativa vai máis alá e resulta case insultante, non polo contido en si, senón polo momento, porque a iniciativa practicamente non concreta nada. Xa se dixo aquí que este grupo leva denunciando dende o mes de novembro este caso de acoso sexual das xogadoras do fútbol sala de Leis, e nun principio –comentámolo xa na propia Comisión 5ª– solicitamos a axuda da Administración para

solventar o problema falando coa propia Secretaría de Igualdade, antes de recorrer a traer ningunha iniciativa a este Parlamento. Sen embargo, tardaron dúas semanas en poñerse en contacto coas xogadoras, cunha das persoas afectadas, e a posteriori o que fixeron foi absolutamente nada. Despois, cando trouxemos a iniciativa á Comisión, sentíronse ofendidas porque dixemos que a Administración non estaba facendo nada.

No que atinxe á resposta que se nos deu, parece que entendían que tiña que resolverse por vía legal. Sen embargo, a propia sentenza –que hoxe en día está recorrida– dicía que o tema debía ser resolto pola vía social e mediante o traballo da Administración. Administración que, sen embargo, non fai caso dos problemas que se denuncian, cando o que se lle pedía eran minimamente actuacións e responsabilidades políticas, e non xurídicas. ¡Nin tan sequera son capaces de facerse cargo das súas responsabilidades políticas! Eu, dende logo, se fora secretaria de Igualdade, e dentro do meu mandato se permitira acoso a algunha xogadora ou a algunha deportista, tería que dimitir.

E non entenden –pese a que xa se lles advertiu– que o club, o presunto agresor, ten secuestradas as fichas federativas das xogadoras; que as rapazas, ademais do acoso, da humillación, de que as insulten, de que lles chamen “putas”, “lesbianas”, de que lles lancen preservativos, de que fagan comentarios sobre o seu corpo, teñen que soportar o maltrato por parte da Administración, que non só fai oídos xordos, senón que promete unhas cousas que a posteriori non cumpre.

En comisión mentiron, hai xa dúas semanas, dicindo que o da ficha estaba xa feito. A realidade é que a día de hoxe esas mozas, esas rapazas, aínda non poden ir xogar a ningún outro club porque este club ten secuestrada a súa ficha federativa.

Hoxe, esta iniciativa supón unha provocación e un insulto para esas familias e esas mozas que o están a pasar realmente mal, porque –como se dixo aquí– xa é suficientemente grave o tema, xa hai que ter suficiente valor como para denunciálo, para que despois, aínda por enriba, se lle prometan cousas que non se cumpren, e parece que se trae isto aquí pretendendo facer que se fai algo.

Polo tanto, o noso grupo solicita que se tomen medidas reais e non brindes ao sol, e presentamos unha iniciativa na

que se pide que se inste as federacións a que dispoñan, como medida excepcional, que nos casos de acoso, conflito ético ou problema social denunciado polas xogadoras ou deportistas, poidan dispor da súa ficha e abandonar o club, o equipo. Non hai xustificación para manter esta situación de violencia.

Solicitamos que se regule a limitación de acceso aos cargos directivos e doutra índole a agresores e acosadores nos que o caso xa estea probado, porque a día de hoxe aínda hai equipos e clubs que están dirixidos por señores responsables de temas de acoso.

Exiximos, ademais, que as subvencións públicas se condicionen a que nas entidades non existan casos de acoso ou violencia de xénero, porque continúa sen ser unha condición para acceder a unha subvención pública; algo que a estas alturas debería dar vergoña.

Que se vele por cumprir as propias leis de prevención de violencia de xénero, porque...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** ...todas estas medidas debían contemplarse nas medidas que xa a Administración debía estar a tomar no marco desas leis.

E, por suposto, informar anualmente das medidas que toman, porque realmente o que traen hoxe aquí é un brindado ao sol para non facer absolutamente nada, para que todo continúe como ata o de agora.

Señorías, o segundo peor que sufrir o acoso sexual é favorecer a vitimización secundaria das vítimas. E co seu voto...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señora Solla.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** ...se hoxe non aceptan as emendas e non fan nada para solventar este problema e a situación na que están estas mozas, o que están é incidindo nesa vitimización secundaria.

Falando de deportes, señorías, agora a pelota está...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** ...sobre o seu tellado. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grupo Socialista. Señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidenta.

Bo día de novo, señorías.

Dicir que para nós esta iniciativa é intolerable, señora deputada. É intolerable polo seu contido, ou, mellor dito, pola súa falta de contido, especialmente cando é unha iniciativa que parte do grupo parlamentario que apoia o Goberno.

Pero aínda, señora deputada, é máis intolerable pola intención coa que se presenta, que non é outra que a de pretender xustificar e tapar a inacción e a pasividade do Goberno Feijóo ante o abuso sexual e a violencia machista que campa ás súas anchas no deporte galego.

E este despropósito, señora deputada, comeza xa na xustificación da urxencia, que di: “na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre o acceso e a promoción das mulleres no deporte”. ¡Oian!, ¡terán que posicionarse vostedes!, pois o PSdeG-PSOE está moi posicionado neste asunto e dende hai moito tempo, como o demostran as múltiples iniciativas presentadas nesa liña nesta Cámara, sempre rexeitadas polo Partido Popular, e tamén as continuadas emendas que presentamos aos orzamentos nesa liña, tamén sempre rexeitadas polo Partido Popular.

Pero tampouco ten desperdicio, señora deputada, a exposición de motivos, onde nos fala vostede da aparente igualdade. Eu me pregunto onde viven vostedes. Claro que talvez o Partido Popular lle chama igualdade a isto: revista tipo de deporte, 53 páxinas, nas que se pode ler sobre fútbol masculino, deportes de motor masculinos, fazañas de deportistas varóns, dúas reseñitas pequenas de dúas deportistas, unha atleta e unha tenista, pero o que si se pode ver nestas revistas, señores e señoras deputadas, é na contraportada unha estupenda señora que parece que de pequena fixo salto de altura. Talvez isto é a aparente igualdade do Partido Popular.

Mire, señoría, está moi claro que detrás desta iniciativa está o intento do PP de lavarlle a cara ao señor Lete, secretario xeral de Deporte, á señora López, secretaria de Igualdade e

ao presidente-presidente, señor Louzán, por non ter reaccionado ante a denuncia sobre abuso que teñen enriba da mesa.

Señora deputada, precisamente esas relacións asimétricas e absolutamente desiguais entre unha xoven deportista e un presidente dun club, machista e acosador, son as que unha administración xusta, igualitaria e democrática non pode amparar nin consentir, como, por certo, está a facer o Goberno Feijóo. Porque consentir foi o que fixo a secretaria xeral de Igualdade cando, ante esta denuncia de acoso sexual por parte do presidente do Club de Fútbol Leis sobre unhas xogadoras, se limitou a dicir que era un asunto moi feo, moi feo. Pero claro, como estaba xudicializado, ela non podía facer nada, e pasoulle a pelota ao secretario xeral de Deporte.

¿Que fixo o señor Lete? Pois mentir e ameazar. Ameazar asegurando que el poñería solucións sempre que non se fixera ruído mediático con ese asunto, que ¡manda truco!, ¡manda truco! E mentir, porque dixo aquí, nesta Cámara, que lle ía deixar inmediatamente liberdade a esas xogadoras. O mesmo de sempre en relación á violencia machista: retirar a vítima e que quede no seu sitio, encantado de haberse coñecido, ese presidente abusador e maltratador. Pero é que ademais nin sequera lle concederon esa liberdade.

¿E que fixo o flamante presidente-presidente, presidente bis, o presidente da Deputación e da Federación de fútbol? Escaquearse, dicir que el non tiña competencias. Sen embargo, si ten competencias para encher toda a provincia de campos de fútbol de herba artificial ou (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) anunciar que ía duplicar as subvencións e as achegas a todos os clubs sempre que o votaran, incluído o dese señor maltratador.

E para que non falte detalle...,

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...agora vén o Grupo Parlamentario Popular con esta proposta.

Mire, señora deputada, ¿un protocolo para previr? Teño que dicirlle que está mandado polo Consello Superior de Deportes realizar ese protocolo. Pero é que ademais aquí non estamos falando de previr, aquí estamos falando de solu-

cionar un problema de acoso sexual que teñen vostedes enriba da mesa. Así que ese protocolo para previr...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señora Acuña, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...non vai solucionar nada.

Remato, señora presidenta.

Se queren facer algo en relación co acoso sexual e a violencia machista no deporte, aí está a nosa emenda, que fai propostas de verdade.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Para tapar as vergoñas do Goberno, non conten con nós.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Acuña.

Grupo Mixto. Señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Grazas, presidenta.

Señora Oubiña, a importancia do deporte como contribución ao empoderamento das mulleres e das nenas é innegable. Porque a práctica deportiva permite que as mulleres e as nenas se entrenen para ser as mellores, incrementando as súas capacidades e confianza. Pero a desigualdade e o sexismo persisten e privan ás mulleres de acadar ese potencial. E esta iniciativa que vostede presenta hoxe no hemiciclo non aporta nada para solventar estes impedimentos para o empoderamento das mulleres no deporte.

Hai un estudo do Reino Unido que conclúe que só arredor do 0,5 % dos patrocinios comerciais se destina ao deporte feminino. Asemade, o deporte feminino só obtén o 5 % de cobertura mediática, e o 43 % das adolescentes considera non ter modelos femininos de conduta dabondo.

A desigualdade no deporte tamén se manifesta nas brechas salariais; na forma en que se lle dá cobertura nos medios, que se centra máis na aparencia que no desempeño; na falta de acceso equitativo a todas as instalacións e ás equipas

deportivas; nos tempos de entrenamiento e nos entrenadores; nas competencias, na financiación e nunha escasísima representación e liderado nas institucións deportivas. Só un 10 % de postos en consellos directivos corresponde a mulleres.

Se tecleamos en Google “atletas españolas”, as suxerencias inmediatas da ferramenta de búsqueda son “máis guapas” ou “se desnudan”. Se se introduce “atletas españois” ninguén se desnuda e aparece a palabra olímpicos. ¿Imaxinan una quiniela composta por partidos de fútbol só femininos?, ¿que unha muller sexa presidenta do Celta? Non poden, non poden imaxinar iso, e non se debe a unha falta de imaxinación, máis ben se debe a unha sobredose de realidade. Gran parte das discriminacións no deporte son invisibles, e o sexismo só sae a luz cos escándalos, como está a ocorrer co Club Leis de fútbol sala de Pontevedra. Se non chega a ser polo escándalo, non nos enterariamos.

Un gran impedimento para a igualdade no deporte está na propia lexislación. O artigo 24 do Real decreto 1835/1991 establece que só pode existir unha liga profesional por cada modalidade deportiva e sexo, pero isto queda ao arbitrio de non se sabe quen para que no fútbol non haxa profesionais deportivas, futbolistas profesionais. Así as mulleres quedan relegadas á categoría de amateurs neste eido.

Mire, se non existe liga profesional é un problema grandísimo porque non hai convenio, non hai patronal nin dereitos. Moitas futbolistas, que é o deporte en que máis ocorre isto, cobran en B –isto seguro que lles sona–, en sobres, salarios que oscilan entre os 400 e os 800 euros ao mes; non teñen contrato e, polo tanto, non cotizan, e se non cotizan, cando se lesionan téñeno crudísimo, porque, ou pagan un médico privado, o cal, cos soldos que reciben, véxoo moi improbable, ou quedan coa lesión e irán por aí poñer panos quentes.

Bueno, se non se cambian as leis, señora Oubiña, a igualdade é unha quimera, e esta proposta non de lei está completamente carente de contido. Salvo o primeiro punto, que xa foi tratado noutros ámbitos deste Parlamento e que o Goberno se comprometeu a elaborar o devandito protocolo, non contará co apoio desta deputada.

Moitas grazas. Máis nada.

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Iglesias.



Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Oubiña.

Perdón, déanlle voz, por favor, ao escano da señora Oubiña.

**A señora OUBIÑA SOLLÁ:** Grazas, señora presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Perdón, señora Oubiña. Agarde un minuto.

Por favor, déanlle voz ao escano da señora Oubiña.

**A señora OUBIÑA SOLLÁ:** Grazas, señora presidenta.

Queremos dicir que lamentamos e condenamos todo acto de acoso ou de violencia no deporte, como non pode ser doutro xeito.

En canto ao sufrido polas xogadoras do Club de fútbol feminino Leis, que dicía a señora Adán que non fixen referencia a elas, quería facer aquí na réplica e dicir que neste Parlamento se deron cumpridas explicacións por parte do secretario xeral de Deporte e por parte da secretaria xeral de Igualdade. Referente a este tema, neste sentido, déronse cumpridas explicacións. Sabe que este caso está en vía xudicial e que, realmente, é a quen lle corresponde resolver neste sentido. E temos boas novas, que nesta semana quedarán liberadas estas xogadoras, polo tanto, estase traballando neste tema.

Lamentamos que para os grupos da oposición todas as iniciativas que aquí presenta o Grupo Popular sexan un brinde ao sol, non sirvan para nada, veñan ocupar un espazo... Persoalmente, pódennos gustar máis ou menos as que vostedes presentan, pero, dende logo, nunca considero que sexan ningún brinde ao sol nin que non sirvan para nada, senón que vostedes presentan as iniciativas que vostedes queiran.

E dicir, señora Acuña, que cando vostede presenta aí o AS, o AS é do Grupo Prisa, non é nada que represente ao Grupo Popular. E se ademais non lle gustan a vostede os campos de fútbol de herba artificial que están en Pontevedra, tamén en Pontevedra contamos cunha muller que é presidenta dun club de fútbol. *(Aplausos.)* Polo tanto, destas medidas que nós hoxe traemos, en definitiva, a súa

urxencia está xustificada por dar solución ao caso destas xogadoras de fútbol feminino do Leis. Nese sentido van tamén parte das emendas que hoxe aquí presenta o grupo da oposición.

E xa en posicionamento coas emendas que vostedes presentan, en relación coas do BNG aceptamos, se vostede así o considera, engadir, ao final do punto 1 da nosa proposición non de lei, isto tal e como vostede propón: “que dito protocolo será de obrigado cumprimento para recibir axudas públicas por parte da Administración”. Aceptamos engadir como un novo punto outro que di: “O Goberno asumirá a declaración de Brighton sobre a muller e o deporte e planificará accións para darlle cumprimento”. Non aceptamos a parte que vostede di de aceptar o Manifesto de igualdade no deporte polo Consello Superior de Deportes, que é do 2009, porque se está redactando un por parte da Secretaría Xeral de Igualdade, e por parte de Deportes, neste sentido, propio para Galicia.

En relación a que se presenta...

**A señora PRESIDENTA:** Señor Oubiña, xa rematou o seu tempo.

**A señora OUBIÑA SOLLÁ:** Xa remato, señora presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Dígame simplemente se acepta o resto das emendas.

**A señora OUBIÑA SOLLÁ:** Acepto unha parte se a...

**A señora PRESIDENTA:** Entón, se lles parece, poden falalo mentres facemos as seguintes votacións...

**A señora OUBIÑA SOLLÁ:** Pero é soamente unha de AGE. Se me permite. É dicir, que de AGE estamos dispostos a aceptar o punto 3 como engádegas de cara ao vindeiro 2016, porque este ano non sería posible, e as outras xa están recollidas, nalgunha medida, noutros termos. As do Partido Socialista tamén están recollidas...

**A señora PRESIDENTA:** Pois xa está, señora Oubiña. Moitas grazas.

Non aceptan as emendas.

**A señora OUBIÑA SOLLA:** ...e invitámola a apoiar esta iniciativa como foi presentada. *(Aplausos.)*

### **Votación das proposicións non de lei**

**A señora PRESIDENTA:** Pasamos á votación das proposición non de lei.

Comezamos coa primeira das proposicións, do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa da señora Iglesias Sueiro, á que non se presentaron emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carme Iglesias Sueiro, sobre a solicitude do Goberno galego ao Goberno central respecto da rebaixa do IVE nas actividades culturais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa da señora Solla, que coído que non acepta a emenda presentada polo Grupo Popular.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e D. José Javier Ron Fernández, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do tratamento con Sofosbuvir para os doentes con hepatite C.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa da señora Díaz, á que non se presentaron emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de supresión de 130 postos de traballo na Consellería do Medio Rural e do Mar.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do señor Losada. Parece ser que hai algún tipo de transacción, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Aceptamos a emenda do Grupo Mixto, e o punto 1 da emenda do Bloque Nacionalista Galego, como emendas de engádega.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Entón, votamos a proposición do Grupo Parlamentario Socialista coa emenda do Grupo Mixto e o punto 1 da emenda do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coas denominadas peaxes de respaldo do autoconsumo eléctrico e o desenvolvemento normativo do balance neto.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa do señor Puy Fraga. ¿Hai algunha transacción, señor Puy?

**O señor PUY FRAGA:** Si, presidenta, hai unha transacción sobre as emendas tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Grupo Socialista, de xeito que queda redactada da seguinte maneira: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, modifique o apartado 3 do artigo 7 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de tributos cedidos pola Administración xeral do Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, para lograr que a aplicación da redución por transmisión *mortis causa* da vivenda habitual poida aplicarse cando o causante deixase de residir efectivamente nela para trasladarse a outra, dun familiar, centro asistencial, etc., por razóns médicas ou para procurar a súa asistencia e coidado.

En tanto a dita modificación non se produza, a Axencia Tributaria de Galicia ditará as instrucións oportunas para poder facer efectiva a aplicación da dita redución aos contribuíntes.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Puy.

Votamos entón esta proposición tal e como ten sido lida polo señor Puy.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da redución por transmisión mortis causa da vivenda habitual, prevista no imposto sobre sucesións e doazóns.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: esta proposición queda aprobada por unanimidade, con 71 votos a favor.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a continuación a Proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora prado Cores, que dixo que non aceptaba a emenda do Grupo Socialista.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias ante o Goberno central para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de lexislación laboral.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 40; abstencións, 16.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, á que non se presentaron emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a reforma do artigo 13.4 da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, solicitada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.*

**A señora PRESIDENTA:** E votamos, por último, a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa da señora Oubiña, que coido que fixo unha oferta de transacción que non sei se é aceptada polos grupos, en relación coa emenda do Bloque Nacionalista Galego e en relación coa emenda da Alternativa Galega de Esquerda.

Polo tanto, votamos a proposición tal e como foi presentada polo Grupo Popular e pola señora Oubiña.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández e D<sup>a</sup> Rosa Oubiña Solla, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acoso, abuso sexual e discriminación da muller no deporte e coa promoción do deporte feminino.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 30; abstencións, 2.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** Continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto 5, de interpelacións.

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez, do G.P da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política industrial prevista pola Xunta de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a interpelación ten a palabra dona Yolanda Díaz.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Señor conselleiro, non estou na mellor das condicións para poder falar. Vou tentar expresarme o mellor que poida.

Quería, antes de comezar a interpelación, lerlle algunhas declaracións que cando gobernaba o señor Touriño, no último ano, facía o señor Feijóo. Seguro que vostede agora vai compartilas comigo.

Dicía daquela o señor Feijóo: “O Plan Ferrol, anunciado hai un ano por Touriño, xa non existe. Todos os grandes proxectos do Bipartito están sen facer. A Xunta remata o seu mandato –engadiu– cun papel en branco, cun plan presentado hai un ano do que non se fixo absolutamente nada.

Non soamente facía estas aseveracións, senón que o señor Feijóo se comprometía a unha serie de elementos substanciais para diversificar a comarca de Ferrolterra. O primeiro deles sinalaba e denunciaba os atrasos xustamente nos accesos ferroviarios ao porto exterior. Dicía e denunciaba que o tren ao porto exterior estaba completamente paralizado. Dicía tamén o señor Feijóo que o porto era estratéxico para Ferrol.

Eu quero matizarlle, señor conselleiro –e seguro que vostede coincide comigo–, que este non é un país serio. Non é un país serio ese que se permite o luxo –por non dicir outra cousa– de ter dous portos exteriores que case se tocan por mar, que están a 8 millas de distancia, señor conselleiro. Seguramente iso vostede sabe que non é serio. E, sobre todo, podíamos dicir que non é serio no proceso de racionalización dun país. Os portos non son das localidades, son do noso país, son de Galicia, e precisariamos para o noso país un único porto exterior. Como vostede sabe, por iso foi ubi-

cado xustamente en Ferrol, polas bondades que tiña a ría de Ferrol, pero por intereses partidistas houbo que facer unha infraestrutura que vostede coñece, que é cuestionada tecnicamente –e así obra nos propios informes que documentan o porto da Coruña–, que carece das necesidades técnicas para poder ser dispensado. A pesar diso, vostedes agora priman o porto da Coruña fronte ao porto de Ferrol.

Tamén falaban vostedes da dichosa pretensión da chegada do AVE a Ferrol. Nós non compartimos este tipo de infraestruturas, pero o señor Feijóo prometía daquela que ía facer todo este tipo de cuestións. E tamén se comprometía o señor Feijóo coa candidatura de Ferrol ao patrimonio da humanidade, xustamente nese proceso de concorrencia, que supoño que coñece ben, no que somos a única cidade do mundo que concorremos a esa candidatura por ter infraestruturas hidráulicas tal e como se ubican dende o século XVIII, é o único exemplo no mundo. Esa digamos que era a nosa distinción respecto dos restantes proxectos galegos e tamén do conxunto do Estado.

Prometía o señor Feijóo a recuperación dos bancos marisqueiros da nosa ría en Ferrolterra, e prometían tamén o saneamento, por suposto, da mesma. Prometía –¡fíxese que importante!– o Plan estratéxico –dicía antes do verán– para reactivar as instalacións de Navantia.

Moi relevante agora mesmo, que acaba de ser publicada a sentenza que tumba a Audiencia Nacional respecto dese outro modo de estafa do diálogo social do Partido Popular, prometía o señor Feijóo, xustamente, camiñar no marco do diálogo social. Pero resulta, señor conselleiro, que dende entón pasaron seis anos, e se daquela vostedes dicían que todo estaba sen facer, que a folla da historia estaba en branco, hoxe con maior rotundidade poderíamos darlle o pésame a vostede como conselleiro de Industria, pasar a páxina e, lamentablemente, dicir que o Plan Ferrol está morto.

O Plan Ferrol está morto, señor conselleiro, e non me pode deixar mentir porque sabe que levamos dúas convocatorias nas que nada máis e nada menos 44 millóns de euros, nunha comarca como a de Ferrolterra, que berra porque pasa fame, non foron executados, non houbo capacidade para nin sequer cubrir os expedientes, presentar proxectos industriais e ocupar esas relevantes contías: a primeira delas, 44 millóns de euros, e a segunda delas, o ano pasado, 33 millóns de

euros, no que coñece perfectamente que tan só se presentou un proxecto e tan só foron investidos 2 millóns de euros.

Este ano temos unha orde que publica nada máis e nada menos que 45,7 millóns de euros, señor conselleiro, e vostede sabe que, unha vez máis, van ser un auténtico fracaso para a súa consellería e, unha vez máis, van quedar sen poderen ser empregados, por tanto, sen diversificar industrialmente a nosa comarca, porque estamos tan mal, señor conselleiro, que nin sequera as empresas poden concorrer a eses proxectos que vostedes adiantan.

Ben sabe vostede que os requisitos que se exigen para o Plan Ferrol son máis que cuestionables. Ben sabe vostede que os chamados axentes sociais pedíanlles que mudaran algunhas das condicións; por exemplo, o requisito dos avais bancarios precisos para poder concorrer. Ben sabe vostede que, na convocatoria que se fixo finalmente, ese requisito quedou tal como estaba na primeira orde. E ben sabe vostede, por moito que o señor Feijóo conte auténticas falsidades esta mañá, que o crédito non flúe, e polo menos na comarca de Ferrolterra non van poder contar cos avais necesarios, como xa pasou nas anteriores convocatorias, para poder presentar novos proxectos industriais.

Pero o máis grave, señor conselleiro –e seguro que tampouco me vai deixar mentir–, é que os once puntos nos que consistía o chamado Plan Ferrol –teño que dicir que nós non compartiamos o Plan Ferrol, non criamos que fose a solución, e o tempo, lamentablemente, deunos a razón–, os once puntos nos que se baseaba o plan industrial de desenvolvemento para a nosa comarca, todos e cada un deles están chamando, berrando ou lanzando uns SOS de auténtica morte, porque ningún saíu para adiante.

No primeiro dos puntos poderíamos falar do sector naval. ¡Que lle vou dicir, señor conselleiro!, ¡que lle vou dicir!, se temos 4.500 traballadores e traballadoras da industria auxiliar despedidos, sen cobertura, sen protección social e pasando fame. ¡Que lle vou dicir!, se temos na nosa comarca a área de reparacións, a única área que deu beneficios –3 millóns de euros– e seguimos sen dique flotante, e seguimos, a pesar das súas promesas ditas aquí na Cámara, sen dique seco.

¡Que lle vou dicir dese plan estratéxico que prometía o señor Feijóo e que non temos! Queremos, agora que podemos

facen barcos, que se levantou o veto, o Plan industrial para Navantia en Galicia. Queremos saber se imos poder facer barcos, e queremos saber, unha vez máis, se os proxectos de Iberdrola son compatibles con facer barcos. Queremos saber se imos empezar a desenvolver materias en *offshore*, queremos competir tamén en I+D+i. Queremos saber, señor conselleiro, cal é o plan do Goberno da Xunta de Galicia para a comarca de Ferrolterra.

Podo falarlle doutros sectores que están contemplados no Plan Ferrol, como o sector turístico.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Pasemos a páxina, señor conselleiro, porque o único que fixeron foi cargarse a empresa municipal de turismo existente.

En segundo lugar, poderíamos falar de biomasa. Pasemos a páxina porque é inexistente. Podemos falar do biodiesel. ¿Quere que lle fale do que está pasando co biodiesel na comarca de Ferrolterra, señor conselleiro?

Gustaríanos –e iso si que espero que sexa aprobado favorablemente cando o traíamos aquí a discutir– que ante o fracaso do Plan Ferrol –ese que vostedes daban por morto e que nós compartimos– nos digan se van votar favorablemente a auditoría que o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda vén de presentar respecto dos fondos millonarios do chamado Plan Ferrol que quedaron nunha gabela sen executar. E se pode, señor conselleiro, díganos que vai facer coa comarca de Ferrolterra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Díaz, a verdade é que o seu discurso é o mesmo que hai catro meses, que hai un ano e que hai cinco anos. Vostede repite permanentemente frases do ano 2009 para realida-

des do ano 2015, sen embargo, nestes cinco anos, señoría, as cousas cambiaron.

Non sei se está ao tanto, pero este ano os estaleiros ferroláns teñen contratos na súa carteira; Navantia está desenvolvendo un proxecto de diversificación no sector *offshore*; Galicia está tendo taxas de crecemento positivo, e o Goberno non engana evitando falar da crise, cando pasou hai cinco anos, por certo, co beneplácito do seu partido. *(Aplausos.)*

Señoría, este ano o que pasa en Galicia é que a nosa economía creceu en 2014 un 0,4 %, algo que, por certo, non sucedía dende o ano 2010. E aínda máis importante, as previsións que temos no ano 2015 son de mellora, con taxas de crecemento superiores ao 2 %. De feito, por falar de datos, as grandes empresas galegas xa rexistran nestes momentos unha facturación superior a antes da crise, e confiamos en que estes bos resultados se trasladen de forma máis firme e máis ampla ao conxunto do tecido empresarial e, por suposto, tamén ás familias galegas. Un resultado que non é unha cuestión de macroeconomía, é a proba clara dun cambio de tendencia que cada vez máis se está a reflectir nos galegos e nas galegas.

Estamos a falar de que as afiliacións á Seguridade Social creceron no ano 2014 un 0,5 % e que o están a facer un 1,3 % en xaneiro do ano 2015. Os salarios están a recuperar o seu poder adquisitivo, un 0,3 % o ano pasado, e somos, señoría, xunto con Madrid, a única comunidade autónoma onde isto está a ocorrer. Estamos a reducir o desemprego en máis de 22.000 persoas nos últimos doce meses; é dicir, un 8 % máis e dous puntos por enriba de España. E, sobre todo, o que máis nos preocupa é que os indicadores apuntan claramente a que Galicia volverá a crear emprego neto no ano 2015. *(Aplausos.)*

Señora Díaz, Ferrolterra tamén está nesta liña. En febreiro en Ferrol houbo 1.251 demandantes de emprego menos que hai un ano, un 7,2 %, e o desemprego tamén diminuíu, especialmente na industria, un 17,6 %, e na construción, un 18,5 %. Insuficiente si, pero mellor.

Dígolle máis, a EPA indica unha baixada de sete puntos en Ferrol, ao peche do ano 2014, na taxa de paro respecto ao ano 2013. Insuficiente si, pero mellor.

Non lle estou a falar de futuro, estou a falarlle de feitos, coa convicción de que este ano os datos serán máis favorables. E isto é mérito, señoría, das empresas, é mérito dos emprendedores, é mérito dos traballadores, pero tamén é mérito do esforzo que estamos a facer as diferentes administracións.

Por darlle un dato concreto, mentres as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal suman un 5 % do territorio e da poboación de Galicia, captaron no período do 2005, 2009 ao 2014, un 16 % de todos os proxectos de grandes investimentos do Igape. Unhas cifras que falan da vixencia do Plan Ferrol, posto que dende o ano 2009, señoría, este Plan Ferrol mobilizou investimentos por valor de 650 millóns de euros a través de 1.300 proxectos empresariais, e son proxectos concretos e realidades concretas. Fálolle de Cándido Hermida, que aposta pola mellora e a diversificación da súa actividade, con liñas de negocio como o equipamento de iates. Fálolle, señoría, de Intaf, que ten implantadas novas liñas de tratamento térmico de aceiro. E fálolle tamén de Delagro, por poñerlle un exemplo e un proxecto novo, que está a desenvolver unha nova planta de produción e envasado de fertilizantes.

Señoría, con toda cordialidade, é difícil entender como dende o seu grupo permanentemente queren poñer en cuestión o talento e a iniciativa empresarial de Ferrol e de Galicia. Lamento que esa sexa a súa posición, porque este Goberno, dende logo, non participa desa visión e este Goberno, dende logo, si confía na capacidade dos galegos e si confía na capacidade dos seus empresarios. *(Aplausos.)* Por iso, señoría, temos mellorado o marco de apoio ás empresas, un importante esforzo que se ten traducido neste inicio de ano en novas liñas de axuda para a reactivación do tecido produtivo, axudas que seguen a contar, un ano máis, cunha especial intensidade nas comarcas de Ferrol, do Eume e de Ortegal; ao igual que cun subsidio maior no caso dos préstamos para investimentos ou circulante.

Fálame vostede da convocatoria do Reindus. Efectivamente, dende o ano 2006, señoría, son 234 proxectos empresariais os que se teñen apoiado a través deste plan, cun compromiso económico que, efectivamente, no ano 2015 é de 45 millóns de euros. Vostede sabe perfectamente que estamos a falar de axudas de financiamento; sabe perfectamente que os avais ou os fondos que teñen que aportar son dun 10 %; sabe perfectamente que ese financiamento está á disposición dos pro-

xectos empresariais; e sabe perfectamente –o que pasa é que o quere anular na súa intervención– que nesta convocatoria se inclúen melloras como a eliminación do requisito de esperar a un trámite para iniciar o proxecto, así como tamén a introdución dun período previo de asesoramento á presentación de solicitudes. Imos tutelar, efectivamente, os diferentes proxectos para que poidan ter maiores posibilidades de obter este financiamento. E tamén sabe que a oferta de intereses é atractiva, no senso de que poderá obter financiamento ao 1,6 %, cando na convocatoria anterior o mínimo era dun 3 %.

Tamén sabe que estamos impulsando a venda de solo industrial, e Ferrolterra ten o maior desconto que se está a ofertar en Galicia, cun desconto do 50 % no prezo nos concellos do Plan Ferrol, que contará como unha nova oportunidade o vindeiro mes de abril a través do IGVS. Sabe que Ferrol é a única zona que dispón en Galicia dun fondo específico, o Fondo Xes-Impulsa Ferrol, con 4 millóns de euros ampliables para financiar proxectos dende XesGalicia, na comarca de Ferrolterra.

En definitiva, señora Díaz, estamos a traballar, loxicamente, nun futuro para Galicia, nun futuro para Ferrolterra, e, dende logo, este Goberno está impulsando todas as iniciativas neste sentido. E estaas impulsando favorecendo a iniciativa empresarial, a iniciativa privada. Dende logo, dende a Xunta de Galicia seguiremos apostando por un modelo industrial, un modelo económico, centrado na competitividade, centrado na innovación, centrado na internacionalización e, por suposto, centrado na creación de emprego.

O seu grupo, e vostede particularmente, prefire dicir que non a todo. Din que non á planta de gas, din non á central das Pontes, din non ao proxecto de saneamento da ría, din non á propia conexión ferroviaria co porto exterior. Permanentemente vostedes queren trasladar un modelo dun país invisible, pero, dende logo, este non é o modelo que este Goberno ten para Galicia e para Ferrolterra. O noso modelo claramente é máis innovación, máis competitividade, máis internacionalización e, polo tanto, máis emprego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleiro.

Rolda de réplica.

*(A señora Adán Villamarín pide a palabra.)*

Si, señora Adán, ¿para que quere a palabra?

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Quero a palabra para facer uso do artigo 150.2 que di textualmente: “Despois da intervención de interpelante e interpelado, poderá facer uso da palabra un representante de cada grupo parlamentario, agás daquel do que procede a interpelación, por termo de dez minutos, para fixar a súa posición”.

**A señora PRESIDENTA:** Ben, efectivamente, vostede ten a posibilidade de facer uso da palabra. Pero vostede sabe tamén que, en virtude do artigo 78.2, teño a capacidade de moderar a intervención. Polo tanto, ten vostede tres minutos dende o escano.

*(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)*

Señor Jorquera, está falando a señora Adán e, polo tanto, é con ela coa que estou a falar.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Señora presidenta, ¿pode repetir exactamente o tempo que vostede considera que ten para ordenar este debate?

**A señora PRESIDENTA:** Neste momento, e dadas as circunstancias concorrentes no que vostede me está a dicir, que vostede é consciente de que está a romper un acordo entre os distintos grupos parlamentarios, eu dígolle que ten tres minutos dende o escano.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Non, non teño tres minutos dende o escano, e vou argumentarlle por que.

**A señora PRESIDENTA:** Non vou dialogar con vostede.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** No artigo 79...

**A señora PRESIDENTA:** Ten tres minutos.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...señora presidenta...

**A señora PRESIDENTA:** Perdón, señora Adán, é que non vou dialogar con vostede. Ten a posibilidade de facer uso do artigo 150, pero, se fai o favor, ten tres minutos dende o escano.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Non, mire, quero que lea vostede o artigo 79, señora presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Non lle dean voz ao escano da señora Adán, por favor. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* É que, señora Adán, non vou discutir con vostede. Tres minutos dende o escano. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, señora Adán, se non, entendo que non fai uso da palabra e chamareina á orde. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Adán, non ten a palabra. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Se vostede... *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señora Adán, estou... *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Adán, en primeiro lugar... *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señora Adán!, ten, para empezar, unha chamada á orde, e agora déixeme falar a min. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ten unha chamada á orde porque lle dixen que non ten o uso da palabra. En segundo lugar, díxenlle que ten vostede a posibilidade de intervir de acordo co artigo 150.2. E, en terceiro lugar, dígolle que, en virtude do artigo 78.2, ten vostede tres minutos dende o escano. Se vostede non quere facer uso da palabra, continuamos coa interpelación e coa intervención da señora Díaz.

*(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)*

Señor Jorquera, estou falando coa señora Adán.

¿Vai facer uso da palabra, señora Adán? *(Murmurios.)*  
¡Señora Adán, ¿vai facer uso da palabra?! *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Vai facer uso da palabra? *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señora Adán! *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señora Adán! *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Adán, aínda non lle dei a palabra, polo tanto, se vostede segue nesa actitude... *(A señora Adán Villamarín pronuncia*

*palabras que non se perciben.)* Doulle tres minutos dende o escano para falar. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señora Adán!, doulle tres minutos para posicionarse en relación con esta interpelación. Se vostede quere outra cuestión, non ten a palabra. ¿Vai vostede facer uso da palabra?, ¿si ou non? *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Adán, ten unha segunda chamada á orde. Se a chamo á orde por terceira vez, abandona o escano e non fai uso da palabra. Polo tanto, tres minutos para posicionarse sobre a interpelación. Comeza o seu tempo. *(Pausa.)* Por favor, déanlle voz ao escano da señora Adán para que comece o seu tempo na interpelación. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Dende o escano, señora Adán, *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Porque o digo eu! *(Protestas.)* Perdón, as intervencións de tres minutos son dende o escano *(Protestas.)* por un acordo da Mesa e Xunta de Portavoces. *(Protestas.)* Faga o favor, señora Adán, non quero... Ten dúas chamadas á orde. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Ten dúas chamadas á orde, faga o favor. Dende o escano. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Dende o escano. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

Chámoo a terceira vez e abandona o hemiciclo. Polo tanto, vaia, por favor, ao seu escano para facer uso da palabra. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Ten o escano encendido. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Adán, vou tela que chamar á orde por terceira vez e non quereda. Polo tanto, faga uso da súa palabra dende o escano e non me poña na situación de tela que botar do hemiciclo. *(Protestas.)* Faga o favor, faga uso da palabra. *(Protestas.)*

*(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)*

Señor Jorquera, ¿para que quere a palabra? *(Murmurios.)*

**O señor JORQUERA CASELAS:** Señora presidenta, *(Murmurios.)* polo artigo 77, que di que en calquera estado do deba-



te un deputado poderá pedir a observancia do Regulamento, e para estes efectos deberá citar o artigo ou artigos dos que reclama a aplicación.

**A señora PRESIDENTA:** ¿Que artigos...?

**O señor JORQUERA CASELAS:** Reclamo a aplicación do artigo 150.2 relativo ás interpelacións, e, en consecuencia, que se faga unha interpretación conforme o Regulamento do artigo 78.2 ao que vostede apela, dado que di textualmente o 78.2:...

**A señora PRESIDENTA:** Xa está, xa entendín.

**O señor JORQUERA CASELAS:** ...“dentro do marco establecido no presente Regulamento, o presidente ten as facultades de ordenar o debate e as votacións”. Dentro do marco establecido. Pero o Regulamento establece que se pode fixar posición por dez minutos nas interpelacións.

**A señora PRESIDENTA:** Rematou a súa intervención xa, señor Jorquera, e voulle contestar, porque vostede só le a primeira parte do artigo. Mire... *(Protestas.) (A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Paz, non ten vostede a palabra.

Mire, señor Jorquera, o artigo 78.2 di todo iso que vostede di, pero ademais engade: “incrementando ou diminuíndo o tempo das intervencións, ponderando para isto a importancia dun asunto e as circunstancias concorrentes”. *(Murmurios.)* Polo tanto, as circunstancias concorrentes... *(Protestas.)* rematou xa o punto dous do artigo.

Señora Adán, vólvollo repetir, ¿vai facer uso da súa intervención por tres minutos? *(Asentimento.)* Pois entón, por favor, vaia ao seu escano. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señora Adán! *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Adán, vouna ter que chamar á orde. Estame poñendo nunha situación complicada. Vaia ao seu escano se quere facer uso da interpelación. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

Señora Adán, a última vez que llo digo, se non, abandona o hemiciclo. Faga o favor. *(Murmurios.)* Pídoclle, en aras da

concordia, que faga uso do escano. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

Señora Adán, ten unha terceira chamada á orde. Por favor, abandone o hemiciclo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Abandone o hemiciclo, señora Adán! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

Señora Díaz, ten a palabra para continuar a intervención. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señora Pontón!, ten vostede unha segunda chamada á orde *(Protestas.)* e sabe o que significa a terceira. *(Protestas.)* Moí ben. *(Protestas.)*

¡Señora Pontón!, segunda chamada á orde. *(Protestas.)*

Señora Díaz, ten vostede a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

A miña palabra é o Regulamento desta Cámara, señora Paz.

Señora Díaz, ten a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Só quero dicir unha cousa. As cuestións de moderación dos debates que fai a Presidencia non son obxecto de debate. Polo tanto, señora Díaz, ten vostede a palabra para continuar a interpelación.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Volvo á comarca de Ferrolterra. Señor conselleiro, nós na interpelación facíamolle dúas preguntas que coñece perfectamente. A primeira é a valoración que realiza da diversificación industrial e a creación de emprego estable e con dereitos vencellados ao Plan Ferrol. En segundo lugar, se van rectificar de plano as políticas que están desenvolvendo vostedes e tamén se están dispostos a pular... *(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** Prego silencio, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** É que eu xa teño... *(Murmurios.)* De verdade, é que non dou.

**A señora PRESIDENTA:** Prego silencio.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Ten as dúas preguntas que lle temos formulado por escrito. Pero eu quería darlle a razón nalgunha

cousa, señor conselleiro. É certo que mudaron as cousas, claro que mudaron, ¡para peor, lamentablemente!, para a comarca de Ferrolterra. Señor conselleiro, eu vivo alí, teño unha filla alí e quero seguir vivindo alí. ¿Sabe o que é iso? ¿Sabe o que é iso, señor conselleiro?

¿Sabe vostede que xa chegamos a 70.000 habitantes na cidade de Ferrol, señor conselleiro? Tiñamos 100.000, señor conselleiro. Froito das políticas de desindustrialización e froito das políticas de malestar no naval, señor conselleiro, temos 70.000 habitantes. Con isto digo absolutamente todo, ¡mudamos para peor!

Pero, fíxese, por unha vez eu vou tomar a voz prestada —a que hoxe non teño— dos empresarios e empresarias da comarca de Ferrolterra, que é que están todos sen proxectos e sen empresas. Ponme vostede o exemplo de Cándido Hermida, señor conselleiro. ¿Vostede cre que é serio poñer como exemplo de cambio Cándido Hermida? Cándido Hermida afortunadamente ten traballo porque traballa para o Grupo Inditex, señor conselleiro. Non faga trampas, non faga trampas, non faga trampas cos datos. Seguramente vostede, xa que falou en termos xerais e falou pouco do Plan Ferrol... Non vai mentir isto, señor conselleiro. Mire, se fai o favor, o INE: Galicia, -4,9 %, produción industrial, señor conselleiro; non mo estou inventando eu.

E voulle dar tamén a razón nunha cousa ao Partido Popular e ao señor Feijóo. É certo, fixérono terriblemente mal no naval e por iso decrecemos e por iso a economía galega se resinte. Porque, se hai unha industria moderna en termos económicos, é o naval, señor conselleiro, é o naval. ¿Pode avaliar vostede que pasou cos 33 millóns de euros e cos 44 millóns de euros das últimas convocatorias do naval, señor conselleiro? ¿Vostede cre que é normal que queden sen executar? ¿Dáse conta do mal que estamos na comarca socialmente, e que as empresas non teñen nin capacidade para presentarse aos proxectos, señor conselleiro?

Eu xa sei que non me escoitou. Aínda que non teño voz, xa lle falei dos avais do 10 %. Por certo, as patronais ferrolás pedíronlle que os quitaran, señor conselleiro. Dá igual, vostede vén —como di o señor Losada— a modo frontón, coa resposta por escrito, e dá igual, porque me contestou ao que xa lle dixen: 10 % de avais, interese ao 4,3 %. Señor conselleiro, non temos nin sequer empresas para facer iso.

Señor conselleiro, faláballe do 2009 porque un responsable público ten que ser coherente coas súas promesas. Prometéron plan industrial para Ferrolterra e non o temos. É unha partida fallida o Plan Ferrol. Quiten o Plan Ferrol e fagan algo serio coa nosa comarca, salvo que queiran acabar con todos e con todas nós; xa nos converteremos na escoria do noso país.

Señor conselleiro, estou falándolle en serio. Non somos os do non, estamos dispostos a traballar por esa comarca, pero non a matar ou poñer en risco a vida das persoas. Vostedes teñen un problema, como di o profesor Monedero, teñen un problema, e é que están gobernando contra a xente. E o problema que teñen agora é o de como seguir facendo para que, gobernando contra a xente, manteñan os votos. E os tempos xa chegaron e a xente vai botalos —con “b”— deste país.

Señor conselleiro, conteste as preguntas que lle formulamos e, por favor, non lea o que trae por escrito. Xa sabemos o que é o Plan Ferrol. Explique vostede qué pasou na biomasa, qué pasou no biodiésel, qué pasa no sector naval. ¿Imos ter plan industrial?, ¿sí ou non? ¿Imos ter dique flotante?, ¿sí ou non? ¿Imos ter carga de traballo?, ¿sí ou non? ¿Sabe cantos traballadores están ocupados, na principal e na industria auxiliar, señor conselleiro, no flotel? ¿Vostede sábeo? Non nos tome o pelo, por favor. Tome en serio isto.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Díaz.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Eu vivo alí, teño unha filla alí, e vou seguir vivindo alí. Vostede vese que non. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para pechar o debate, o conselleiro de Economía e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Con toda cordialidade, señora Díaz, despois de máis de dous anos escoitando que o seu modelo de Galicia é unha Galicia sen Meirama e As Pontes, é unha Galicia sen Reganosa, é unha Galicia sen actividade mineira, é unha Galicia sen aeródromo de Rozas, é unha Galicia sen eólica mariña para Navantia, é unha Galicia sen investimentos como os de Pemex, unha Galicia sen futuro, en definitiva, entenda que este goberno non concorde con ese plantexamento. (*Aplausos.*)

Eu, a verdade, é que non entendo por que permanentemente o seu grupo invoca unha e outra vez o intervencionismo a través dun instituto industrial galego, que é precisamente o contido da súa pregunta. Ese, desde logo, non é modelo deste goberno. Dende logo, o modelo deste goberno é impulsar a actividade empresarial, a actividade privada, e non regular nin a través de modelos como os doutros países latinoamericanos aos que vostede se está a referir nin tampouco dun modelo... (*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señora Díaz, señora Díaz!, está a falar o conselleiro, faga o favor, faga o favor...

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):**..., señora Díaz, dunha economía regulada a través do DOG e a través do *Boletín Oficial do Estado*. Nós entendemos que o noso é un modelo asumible, é un modelo responsable, é un modelo centrado na competitividade, na innovación e na internacionalización. E, dende logo, non deixaremos de apostar e de investir toda iniciativa empresarial nese sentido.

Por iso lle lembro, señoría, que este goberno mobilizou máis de 400 millóns de euros en proxectos de innovación. Lémbrolle que este goberno destinará máis de 50 millóns de euros á internacionalización nos próximos dous anos. Lémbrolle que estamos a traballar na axenda de competitividade industrial “Galicia Industria 4.0”, coa cal queremos apostar por unha reinvenición, por unha modernización, da nosa industria; polo tanto, por fixar tecido industrial en Galicia.

E falamos de Ferrol, e fala vostede do Plan Ferrol. E vostede coñece perfectamente cal foi a herdanza que, por exemplo, no naval deixou o Goberno bipartito que vostede apoiaba con toda a intensidade. Contratos, cero; e grazas tamén a unha xestión nefasta por parte da Comisión Europea, un expediente *tax lease* que tivemos que xestionar. Hoxe, a realidade do Plan Ferrol é un Plan Ferrol con contido, é un Plan Ferrol con proxectos estratéxicos nos que estamos a traballar. Proxectos, señoría, como a ampliación dos polígonos das Somozas, Penapurreira, A Trabe, Vilar do Colo e Narón. Estamos a falar, señoría, da concesión ferroviaria do porto exterior de Ferrol. Estamos a falar do proxecto –que nunca menciona, por certo, señoría– de Ferrol Container Terminal, cun investimento xa feito e xa realizado de 18 millóns de euros que

achegará novas oportunidades a través do tráfico marítimo en Ferrol. Estamos a falar, señoría, dentro deste Plan Ferrol, deste plan de diversificación, do futuro do *hub* de GNL, do que tampouco, señoría, quere vostede falar, cunha infraestrutura que está chamada a ser unha referencia do noroeste peninsular na distribución deste combustible, e que reforza as novas oportunidades que ten o sector loxístico e o señor naval en Ferrolterra, a través da aposta de Reganosa, a aposta de Gas Natural, a aposta do porto exterior e a aposta da Xunta de Galicia. Entendo, señoría, que vostede tampouco quere falar nin da terminal de contedores, nin do *hub* de GNL.

Pero falemos tamén do naval, señoría, porque os contratos que tiña Navantía no ano 2009 eran cero. Esa foi a herdanza que nos deixaron. Hoxe a realidade e os feitos é que Navantía está a desenvolver proxectos construtivos por máis de 600 millóns de euros. Estase a construír un flotel de Pemex, señoría; en Andalucía non. Estase a construír o Monforte de Lemos. Estase a construír o buque de acción marítima. Contratos, señoría, por máis de 600 millóns de euros que son unha realidade en Navantía. (*Aplausos.*) E sabe vostede, señoría, que onte mesmo se sumou un preacordo para a construción de tres petroleiros tipo *swift* con opción a outros tres. En definitiva, señoría, tamén podíamos falar do novo plan de acción do CIS Galicia, onde imos apostar pola innovación.

En definitiva, señoría, temos un tecido económico que fai válida a frase de Víctor Hugo, cando escribiu que o futuro ten moitos nomes e que para os valentes é oportunidade.

Señoría, Galicia avanza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor conselleiro

**Interpelación de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as propostas presentadas polo Goberno galego ao Goberno central para a súa inclusión no futuro decreto referido ao denominado `paquete lácteo**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para formular a súa interpelación, o señor García do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Bos días, conselleira.

Unha vez máis traemos a esta Cámara o problema, o eterno problema do sector lácteo. Non imos seguir incidindo no que temos xa dito aquí moitas veces, tanto vostede coma min –case é no único no que coincidimos, case é no único no que estamos de acordo–, sobre a importancia que ten este sector –polo tanto, non imos ser reiterativos– e o que supón respecto do Estado, o que supón para a nosa economía e o que supón para o noso mundo rural o sector lácteo. A verdade é que –repito– é case no único no que estamos de acordo. Pero hai unha diferenza fundamental, e iso, en todo caso, é o de menos: que a vostede lle toca gobernar e, polo tanto, ademais de dicir e de resaltar, como fai moitas veces, a importancia deste sector, ademais de –como a vostede lle gusta dicir– acompañar a este sector, vostede ten a responsabilidade de obrar en consecuencia, ou debería tela. E, polo tanto, se este sector é importante, tamén debería ser importante para vostede non seu quefacer político diario. E aí, señora conselleira, unha vez máis lle temos que dicir que vostede suspende. E non suspende cun catro e medio raspado, non é das que suspende cun catro e medio raspado. Vostede suspende estrepitosamente e vén suspendendo estrepitosamente dende que é conselleira. E ultimamente fai algo peor: que, como mal menor, xa non se presenta sequera.

Relato dos feitos: desde que vostede é conselleira, ademais de denegar as axudas dos plans de melloras, ademais de diminuír as axudas en zonas de montaña, ademais de diminuír as axudas das razas autóctonas, ademais de diminuír o CES, a vostede tocoulle por calendario abordar quizais o problema ou a situación máis importante que viviu este sector nos últimos anos, que é a desaparición do sistema de cotas. Non desaparece nin se cambia de sistema todos os anos, de feito levamos con este sistema máis de vinte e cinco anos, e, polo tanto, é un feito, suficientemente transcendental e que non se dá todos os días.

Para iso tamén había unha serie de medidas que a Unión Europea deu para que os Estados membros desenvolveran. E vostedes aprobaron o decreto no ano 2012 para desenvolver esa serie de medidas, no ano 2012. Decreto que foi, foi desgraza, tal e como nos dicíamos, totalmente inoperativo e que non funcionou. Nunca existiu ese decreto para efectos prác-

ticos, e non axudou para nada a solventar a situación. Non valeu para o que estaba concibido ou debería estar concibido, para ir adaptándose a un novo sistema de negociación de prezos e de supresión do anterior sistema de cotas.

En maio de 2014, o señor Feijóo marcha rapidísimamente a Madrid –por instancia súa, supoño– porque hai un cambio de ministro. Toma posesión a nova ministra Tejerina, e leo o titular: *“Tejerina anuncia a Feijóo la modificación del decreto en beneficio del sector productor”*. Creo que foi o 23 de maio, máis ou menos. Ese anuncio que se fai o 23 de maio, que o fai o señor Feijóo, de que se ía modificar o decreto en beneficio do sector, apróbbase en febreiro de 2015. Non está mal para gobernar a golpe de decreto. O día que haxa que facer unha lei, non sei canto tardaremos. Para sacar un decreto, que en teoría é unha medida urxente, por iso se utiliza a vía do decreto, para modificar un decreto, tardamos desde maio de 2014 ata abril de 2015. E, en todo caso, sendo isto grave, é grave non porque sexa unha cuestión de dilixencia política. É unha cuestión de que este decreto debería valer para o tránsito ao que nos temos que enfrontar dentro de 15 días. E aínda o decreto non está operativo como tal, nin vai estar, posto que o propio decreto é imposible cumprilo posto que xa teríamos que ter negociado con dous meses de antelación os contratos que van entrar agora, cousa que é materialmente imposible. E o día 1 de abril incumpriremos o decreto, como é lóxico, porque non o sacamos antes.

Pero, señora conselleira, ¿para que se modificou o decreto? ¿Cales son as novidades deste decreto coas que vostede está de acordo? ¿Está satisfeita vostede tal e como quedou este decreto? É dicir, ¿gústalle ou non lle gusta? ¿Cre vostede que con estas modificacións introducidas concorda ou dá resposta ao que dicía o señor Feijóo e a señora Tejerina de que eran modificacións en beneficio do sector produtor? ¿Coincide vostede con esa afirmación unha vez que se fixo o decreto? ¿Está satisfeita tal e como quedou? Porque vostede aínda non dixo nada. Non o dixo antes, nunca dixo qué era o que vostede quería. Rexeitou unha tras outra todas as iniciativas políticas neste Parlamento para ter unha posición de Galicia, rexeitou un acordo co sector para defender unha posición política de Galicia na modificación deste sector. Sae o decreto e aínda a día de hoxe vostede non dixo nada, absolutamente nada. ¿Que pensa vostede? Non o dixo durante o proceso. ¿Tampouco vai dicir nada agora que xa

está publicado? ¿Unha vez máis, por non suspender, non se presenta? ¿Cal é o motivo?

A xestión do Goberno central no desenvolvemento do paquete lácteo, como diría Rajoy, *fue patética*. E a xestión da Xunta de Galicia, como comunidade á que verdadeiramente afecta este problema, que verdadeiramente debería estar interesada na modificación dese decreto –e vostede é a máxima responsable–, foi de incomparecencia total.

Señora conselleira, non pintamos nada. Señora conselleira, vostede non pinta nada. Non falo a nivel persoal nin por un tema persoal, nin político, nin estético sequera. Falo porque, para a Xunta de Galicia, o sector representa o suficiente como para que pintásemos moito. E o feito é que non estamos pintando nada, Galicia non pintou nada en todo este proceso.

Tema supertaxa. No último ano de cota, no último ano do sistema, onte por fin o ministerio rectifica o informe no que se baseaba para que vostede se dedicara estes tres meses a dicirlle ao sector que tiña que rebaxar a produción, e rebaixa o seu informe que tiña de previsión de..., un pequeno detalle, prevía hai só tres meses, e vostede dicíao e sacábao aquí, 35 millóns a 2 millóns de euros, 8 millóns de quilos, un día de leite... Ese é o problema que temos. E por iso vostede dixo o que dixo durante estes dous meses, vostede e todo o seu gabinete. Asegurou en todos os lados a ameaza real que existía, fixo que a xente diminuíra a produción, fixo que a xente sacrificara vacas, fixo que a xente alquilara cota. Pero é verdade que vostede ten un problema resolto, como xa lle teño dito aquí. Vostede está encantada de terse coñecido e de que non haxa multa, si. Vostede –eu creo que para vergoña de todos– está encantada, e que, grazas a vostede, dicindo por aí esas cousas, bueno, pois os gandeiros producían menos e, polo tanto, é verdade que agora vostede non ten o problema da supertaxa, non ten que pagar multa. Pero non debería ser iso para enorgullecerse. Non entendendo como Galicia –volvemos ao de que non pinta nada– podía estar facendo e vostede podía ser a punta de lanza dun informe con ese tremendo desfase.

E, por último, tamén nestes últimos días coñecemos o informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que vén de impor unha multa de 88,2 millóns de euros a moitas industrias –a 11 concretamente– por prácticas de

repartición de gandeiros e acordo de prezos, das que moitas operan en Galicia. É dicir, que pactaban o prezo para pagarlles a todos menos aos gandeiros sen risco de perder os clientes. ¿Leu vostede o expediente? Entendo que si. Non ten desperdicio. Eu ata o encadernei. E que conste que, cando mo mandaron dixen: A ver se alguén fixo un resumo. Pero encaderneino porque é o meu libro de cabeceira na última semana. Aquí dinse cousas gravísimas por parte das industrias. ¿Esta é a industria coa que vostede di que non hai acordo por culpa dos gandeiros? ¿Esta é a maneira de operar da industria? Aquí se fala claramente de “*yo me reparto a éste, yo te dejo a éste, tú no cojas a éste; quedamos en que el precio era tanto, quedamos en que no se pagaba más. ¿Cómo tú te desmarcas pagando un poco más? No te preocupes, que fue un despiste pero ya le pago menos, porque es verdad que en la reunión dijimos que tal...*”. Está aquí todo recollido. Ou sexa, deixei o libro que estaba lendo e o encadernei, porque é de verdade para vergoña da industria, que máis que industria parece unha mafia.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** E para vergoña súa, porque vostede ante isto non fixo nada. E vostede, ante isto, que é o que din que lles está pasando aos gandeiros e que non está pasando agora moi distinto, non sabemos qué fai. É máis, nin sequera tampouco hai unha valoración súa respecto disto, señora conselleira. Vostede, unha vez máis, incomparece. Vostede, unha vez máis, non está.

¿E estes –repito– son aos que vostedes defenden? Estes son os que foron presionar para que non se modificara o decreto, estes. Estes son os que foron onde a ministra para que non se modificara o decreto. Estes son os que vostedes defenden. Estas prácticas son as que vostedes defenden. E despois vostedes fálame de libre mercado. ¿De que libre mercado me fala? ¿Dos que, a pesar da subida do 12 % da mantequilla e do 18 % este mes de xaneiro do leite en po, seguen dicindo que hai que baixar o leite neste país? Se nos mercados internacionais hai subida e está subindo o prezo, ¿por que hai que baixalo aquí? Por isto, por estas prácticas. E estes son os que vostedes están amparando. Estes son os que vostedes están defendendo, señora conselleira.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor García.

Moitas grazas, rematou o seu tempo.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Señora conselleira, en definitiva, ¿pensa vostede...

**A señora PRESIDENTA:** Rematou o seu tempo, señor García. *(O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor García, moitas grazas.

*(Aplausos.)*

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Señora presidenta, moitas grazas.

Bos días, señorías.

Señor García, o primeiro que quixera deixar claro é que debo, á luz dos datos que despois xa darei, negar a maior e sinalar que non existe unha inmensa maioría de explotacións sen contratos nin á marxe da legalidade na entrega do leite. Digo isto porque parece, pola exposición de motivos que vostede facía na iniciativa –e xa non nos colle de sorpresa que despois non coincida co que vén expoñer aquí–, que vostede prexulga a situación sen coñecer os datos. E mesmo chega a contradicirse na propia explicación. Tanto é así que é capaz de dicir que as explotacións venden o leite sen chegar a cubrir os custos de explotación e no seguinte parágrafo apuntar que se pode chegar á inviabilidade da actividade de perdurar a situación, cando estamos seguros de que a venda a perdas faiñas inviables desde o minuto un. Xa que logo, afirmar unha cousa e a súa contraria é certamente sorprendente.

Pero esta explicación mesmo roza a falta de adecuación á realidade, non sei se por falla de tempo ou por falla de iniciativa, xa que di que a modificación do decreto do paquete lácteo aínda non foi publicado, aínda que hoxe xa recoñeceu aquí que si que foi publicado o 28 de febreiro. Creo que puido ter tempo de modificalo.

Pero bueno, vou intentar contestar a todas as preguntas que vostede facía na súa interpelación. En canto á primeira,

sobre cantos contratos existen nestes momentos asinados en Galicia entre produtores e industrias e qué duración teñen, de acordo coa información subministrada pola Inlac, que é a xestora da aplicación da xestión de contratos lácteos, a 30 de novembro de 2014, que é a data máis recente que temos, existían en Galicia 8.282 contratos asinados con produtores. Tendo en conta que o número de entregas realizadas en novembro de 2014 foi de 9.643, a implantación do contrato chegou ao 85,9 % das entregas do leite. Mais quero sinalar que o feito de que non estean gravados no Gecole non significa que non existan contratos, porque despois xa nós fomos facer os controis e podemos garantir que a finais do ano 2014 o cen por cento da recollida do leite se fixo ao amparo dun contrato.

En canto á duración media dos contratos, foi de 5,18 meses, tendo que sinalar que foi de 8,8 meses nos supostos no que o receptor é unha cooperativa. E cabe destacar que o 25 % dos contratos teñen unha duración igual ou superior a 12 meses.

En canto á pregunta de cal é o índice referenciado que recollen eses contratos, de acordo coa información subministrada de novo pola Inlac, e con data de 30 de novembro de 2014, o prezo do 82 % dos contratos dos produtos galegos é fíxo, e o 18 % é variable.

Neste senso, a Xunta de Galicia leva xa moito tempo defendendo a indexación dos prezos do leite nos contratos a indicadores de evolución do mercado. Froito deste interese é a creación e a posta á disposición do sector lácteo da ferramenta informática denominada “Xacobeá”. Xacobeá ten vantaxes evidentes, como a posibilidade de reducir os efectos da alta volatilidade do prezo do leite, a evolución do tempo en prezo real co mercado lácteo tendo en conta a evolución dos custos de produción. En definitiva, Xacobeá permite que os contratos poidan ter unha maior duración e que poida aportar moita máis estabilidade ao sector facendo que, con ela e coa potencialidade que teñen as organizacións de produtores lácteos de poder negociar de xeito conxunto todos os elementos obrigatorios do contrato cos primeiros compradores, poidamos ter na man as ferramentas axeitadas para defender os intereses dos gandeiros.

En canto ao que ten que ver coa valoración que fai o Goberno galego da actual situación do prezo do leite percibido

polos produtores en Galicia, cremos que para abordar esta cuestión debemos fuxir de presupostos apriorísticos e tomar da man as estatísticas dos prezos e certas cuestións que poden dar unha liña de tendencia de como pode evolucionar este prezo. Non podemos valorar como positivo o prezo acadado en xaneiro, que é o último do que dispoñemos, se o comparamos co de hai un ano. Pero debemos de ter en conta que, se desbotamos o prezo dunha industria que acolle a máis de 1.300 gandeiros desta comunidade, este sería certamente máis alto en varias décimas. Neste senso, e xa que esta empresa está a pagar o leite dous céntimos máis barato que a media, estamos analizando as cuestións que poden influír nesta baixa, que cremos inxustificada, de cara a adoptar as medidas correspondentes.

Volvendo ao prezo en si, temos que sinalar que neste último mes o prezo en Galicia baixou un 13 % menos que no total de España. Esa é unha tendencia xeneralizada para toda Europa no caso do leite líquido. Pero tamén temos datos positivos, como vostede referenciaba, xa que podemos ver como a tendencia internacional dos prezos recoñecidos por FAO di que en febreiro o prezo dos produtos lácteos aumentou nun 4,6 %, o que supón o primeiro aumento desde febreiro de 2014, e obsérvase xa unha suba do prezo nos *commodities* nos últimos anos.

Pero estes datos tamén debemos analizalos á luz do rendemento neto que se obtén, vendo así como o prezo dos custos de produción vén baixando dende setembro de 2012, acumulando un 17 % de baixada, que, combinado cunha alza nos prezos do leite desde ese mesmo mes dun 7,35 %, nos dá que o rendemento algo mellorou respecto daquel momento. Ademais, se vemos tamén o prezo dos tramos da cota, observamos como as explotacións máis grandes poden obter arredor de 4 céntimos máis por litro de leite que as de menor tamaño, ou, o que é o mesmo, case un 14 % máis, reforzando a tese de que negociar en conxunto pode ser a ferramenta decisiva que teñen que aproveitar as organizacións de produtores lácteos.

Vostede pregúntame reiteradamente cales foron as propostas que a Xunta de Galicia lle fixo ao Goberno do Estado para recoller no real decreto que modificaría o real decreto do ano 2012. Xa llo teño explicado moitas veces, e non sei como llo teño que dicir, porque parece que non me escoita. Visto que as actuacións das organizacións de produtores lácteos non

foron suficientes para mellorar a posición negociadora do sector produtor, esta consellería, en colaboración co Magrama, tomou a iniciativa de modificar o real decreto do ano 2012 con dúas cuestións importantes entre os obxectivos: que os contratos teñan unha duración real dun mínimo dun ano e a incorporación da posibilidade de poder utilizar un sistema de mediación nos supostos de non obter un acordo nas negociacións das condicións de contrato.

Sabiamos que ambas cuestións eran complicadas, pero aínda así o Goberno central respondeu. Os contratos teñen unha duración real dun ano, excepto a limitación que impón un regulamento comunitario que lle deixa ao produtor a liberdade de poder renunciar a ese contrato. Pero coa diferenza de que o produtor llo ten que comunicar á Comunidade Autónoma argumentando por que renuncia a ese contrato. E eu pódolle asegurar que tomaremos as medias correspondentes para que isto sexa efectivo e eficaz.

E en canto á figura do mediador, está contemplado no real decreto, axustándose á legalidade da lei que quedou feita, de que a mediación non pode, baixo ningún concepto, ser máis que voluntaria, como xa lle expliquei na anterior interpelación que vostede me fixo.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Quintana.

Réplica do señor García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Señora conselleira, a tramitación parlamentaria é así. Loxicamente, cando un rexistra unha iniciativa, pasa un tempo desde que se rexistra ata que se debate. E é lóxico, baixo o meu punto de vista, que as novidades que haxa desde que se rexistrou a iniciativa ata que tal... E tampouco lle debería custar tanto a quen lle fai a vostede o papel. (*Murmurios.*) É dicir, se aquí vén falar de leite, se vimos falar de leite, poña o que poña a iniciativa, se pasaron tres cousas importantes desde que se rexistrou esa iniciativa ata hoxe, que lle escriba diso. Eu estou convencido, e téñollo dito a algún conselleiro e a algún compañeiro meu, de que algunha vez, se algún deputado chega aquí e se pega un tiro na cabeza, o conselleiro segue lendo o papel que lle preparou o asesor, sen inmutarse o máis mínimo. (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA:** Señor García...

Retíroo, retíroo.

Porque me parece inaudito que vostede me diga: É que vostede me fala dunha cousa... ¡Home!, eu creo que ten todo que ver co que está falando do sector. Ten que ver cos contratos, ten que ver co decreto e ten que ver coa multa. ¿Ou non ten nada que ver? Creo que é un tema bastante relacionable e non estou saíndo do tema.

Señora conselleira, incumpríronse os contratos. Aquí ten un contrato firmado o 25 de xaneiro sobre o leite entregado en xaneiro e que duraba un mes. Se isto non é incumprir o decreto, dígame vostede o que é. Vaino incumprir, pero non por mal. Se o decreto entrou en vigor o outro día e tiña que se ter ofertado o contrato dun ano hai dous meses, non se puido ofertar, porque o decreto non estaba aprobado. Polo tanto, o día 1 de abril, que é cando estaremos sen contrato, teremos outra nova situación de incumprimento. E iso é así, señora conselleira, non se cumpriu.

Polo tanto, señora conselleira, potencialidade..., que non se desenvolveron as potencialidades das OP e das OPL. Pero ¿que potencialidades? ¡Pero lea vostede isto!: “*En el tema de precios está siendo un año atípico, porque cuando todos habíamos acordado, negociado, la bajada de 2 pesetas, al perder ganaderos*” –unha que se lles desmandou- “*se le comunicó la no bajada de los precios. El G4, que se reúne..., como de costumbre las tres empresas*” –vou saltar o nome, non por respecto a eles, senón por respecto a min mesmo- “*se apuntaron al carro a partir de febrero con la excusa de que si los demás bajábamos ellos también tenían que bajar*”. ¿Sígolle lendo? É dicir, vostede coñece isto. E o culpable de que non haxa negociación de prezos ¿é por culpa dos outros, non destes? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, a que non entende nada é vostede, señora conselleira. E que eu non entenda nada non é grave, é o de menos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Que eu non entendese nada sería irrelevante. Agora, que vostede non entenda nada é verdadeiramente grave, señora conselleira. (*Aplausos.*) Iso si que é verdadeiramente grave, sen dúbida ningunha, porque que eu non entendera sería o menor dos problemas para este país. É máis, se a min me preguntara o señor Feijóo quen pon de conselleira, eu diríalle: poña esta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Porque por min, encantado. Pero ese non é o problema, o problema é para o sector, señora conselleira, ese é o problema. E isto non é tan difícil de entender. Non é un problema de entendemento, é un problema de querer facer as cousas ou non, é un problema de estar nas cousas ou non. E a vostedes todos, e a vostede, que é o grave, porque é a entendida na materia e é a que debería ter a responsabilidade, este sector lle vén importando un pito durante todo este proceso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señora Pacín, vénlle importando un pito en todo este proceso. E iso é o verdadeiramente grave.

Señora conselleira, fala vostede da mediación, da mediación e da duración dos contratos. ¡Pero se iso xa estaba no anterior decreto, señora conselleira! A mediación entre as dúas partes, se as dúas partes están de acordo en acollerse, xa estaba no anterior decreto, señora conselleira, xa estaba no anterior decreto. A duración dun ano salvo excepcións xa estaba no anterior decreto, señora conselleira. Entón, señora conselleira, eu fíxenlle a pregunta de para que modificabamos o decreto, e levamos oito meses falando da modificación do decreto, e á hora de modificar o decreto non damos modificado o decreto. Ese é o tema, señora conselleira. ¿Que dixo vostede durante eses meses do que quería modificar, porque non o dixo nunca? Señora conselleira, ese é o problema.

E, por último, para rematar. Vostede, unha vez que ten o decreto xa publicado, unha vez que coñece isto –repito, que me parece gravísimo, gravísimo, o que aquí se conta, que aínda por encima despois a súa directora xeral chega o outro día á comisión dicindo que a culpa de non haber negociación era das OPL–, despois de recoñecer isto...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...despois de coñecer como as gastan estes piratas, por ser suave, vostede di que a culpa é dos gandeiros que non saben negociar. ¿Vostede pensa, segue pensando, que a culpa é dos gandeiros que non saben negociar, señora conselleira? ¿É culpa deles? ¿Ségueo pensando? Se segue pensando iso, entón é moito máis grave que que non entenda nada, é moito máis grave que que non saiba nada. É moito máis grave porque o que nos está é intentando facer tontos.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor García. Moitas grazas señor García.



**O señor GARCÍA GARCÍA:** E eu xa lle digo que eu o...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas señor García.

*(O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa non ten a palabra, señor García.

*(Aplausos.)*

Réplica da conselleira do Medio Rural e do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor García, eu xa sei que eu para vostede son a peor conselleira que hai. Así se empeña en dicilo todos os días, e a min a súa opinión, como comprenderá, non me preocupa moito. Preocúpame que moitas veces si intente –por algún interese supoño eu que político, que vostede estará moi cómodo aquí sentado no Parlamento– utilizar o sector. Iso si que me preocupa. E eu téñolle que dicir que, dende o minuto un, tanto o Goberno do Estado como o Goberno do señor Feijóo dende o 2009 só temos un obxectivo, que é tratar de defender os sectores estratéxicos para Galicia. *(Aplausos.)* E a min dáme moita pena, porque nós estámolo facendo coas ferramentas xurídicas necesarias para ter un sector realmente forte. Vostede tería que explicar moitas veces onde estivo cando era senador e qué se fixo para que chegáramos o ano que chegamos sen ter un paquete lácteo e sen ter unhas ferramentas axeitadas para que o sector poida saír adiante. E non me veña aquí a falar de qué ofrece este novo decreto do paquete lácteo, porque vostede sabe moi ben, coma min, que as administracións non podemos pactar prezos. Vostedes empéñanse en dicir que fixemos un prezo, e eu dígolle que a organización de produtores... *(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señor Díaz!..., ¡Señor García!, perdón...

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** ...lácteos é a única que ten a capacidade de sentarse a negociar prezos. E o que lle estou a dicir é que eu non

necesito ler a sentenza, que xa a lin, porque mire... Perdoe un segundo presidenta. *(Pausa.)*

Eu non a encadernei, porque supoño que, así como vostede encadernou esa sentenza, terá este informe da Comisión da Competencia galega, que no ano 2013 llo remitiu ao Tribunal da Competencia. Todos os aspectos que se recollen neste informe están recollidos na sentenza. Este foi o informe que elaborou a Xunta de Galicia unha vez que analizou todo o que pasaba co sector lácteo e que se recolle punto por punto nesa sentenza. Supoño que o terá; se non, déixollo á presidenta para que llo faga chegar. *(Aplausos.)*

Tamén lle teño que dicir que durante o Goberno bipartito o tribunal da competencia fixo tamén un informe, o tribunal galego en defensa da competencia fixo un informe sobre o problema do leite. Téñolle que dicir que absolutamente todas as propostas que aparecían nas conclusións que tiña que facer a Administración autonómica fixémoslas nós desde que chegamos, todas as propostas. O único que a día de hoxe aínda non está aprobado, pero que está en camiño de selo, é o que facían referencia ao acordo de boas prácticas. E isto estase facendo, o código de boas prácticas, en consenso con todos os eslabóns da cadea. Porque vostede só me fala do real decreto que se fixo en Madrid, e eu téñolle que dicir que en moi pouco tempo, en practicamente só tres anos de goberno, se aprobou a Lei da cadea alimentaria, o Real decreto do ano 2012 do paquete lácteo e se modificou xa ese real decreto para darlles máis forza aos produtores, en tan só tres anos. ¿Que fixeron vostedes antes? ¡Home, por favor! *(Aplausos.)* É que a verdade é utilizar o sector.

Falan dos prezos. Analicen os prezos, miren realmente o gandeiro e o que lle custa producir e a qué prezo ten que vender. E iso ten que ser unha negociación deles. Nós témolo estudado e analizado, e nas reunións co sector falámolo. E eu pódolle dicir que as propostas de Galicia para modificar o real decreto se fixeron en consenso co sector, coas tres organizacións agrarias. Si, señor García.

A verdade, iso de que Galicia non pinta nada dío vostede aquí, pero eu pídolle que lea as actas que se levantan no parlamento cántabro, onde os seus amigos do Partido Socialista de Cantabria din absolutamente o contrario, que é Galicia a única que se está movendo para defender o sector lácteo.

E en canto ao tema da previsión da supertaxa, eu pídolle que vostede reflexione nas palabras que di. Previsión, ¡previsión! Conforme os datos de produción que ían aportando os gandeiros, o Ministerio ten a obriga, como así o fixemos todas as comunidades autónomas, de recordarlle ao sector que este ano había supertaxa e que, polo tanto, modificaran as súas producións porque podían ter que pagar unha multa. E eu non quero levar o sector a onde vostedes tamén o levaron, a ter que pagar multas por facer negociacións que non se podían facer, ou por deixalos pasarse na produción e ter que pagar esas multas.

De verdade, o sector o que necesita é axuda, non que lle poñamos pedras no camiño, axuda, e esa é a que teñen da Xunta de Galicia. E nesa liña vou seguir traballando.

Eu non defendo a industria, non.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira. Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Eu defendo o sector produtor, a industria e todos os eslabóns da cadea, porque son eles os que lle dan o valor a este sector.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis trinta horas, as catro e media.

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**A señora PRESIDENTA:** Boa tarde, señorías.

### **Alteración da orde do día**

**A señora PRESIDENTA:** Antes de comezar, comunico ás súas señorías dúas alteracións da orde do día: en primeiro lugar, que a pregunta 7.1, número de rexistro 34292, se substanciará en último lugar, é a pregunta da Alternativa Galega de Esquerda, do señor Fajardo, e que a pregunta 7.8 do Grupo

Socialista, número de rexistro 34223, se substanciará a continuación da interpelación que vai ter lugar a continuación.

Polo tanto, comezamos entón co desenvolvemento da orde do día.

### **Interpelación de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de persoal na xestión pública da discapacidade**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra para formular a súa interpelación a señora Gallego Calvar.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señora e señores deputados, señora conselleira de Traballo.

En primeiro lugar, quixera darlles a benvida ao debate desta interpelación a dúas representantes do Comité de Empresa da Consellería de Traballo e Benestar, que están aquí con nós hoxe para escoitar o que ten que responder a súa conselleira, porque esta interpelación está feita, señora conselleira de Traballo, para que vostede dea conta do que ata o de agora non foi capaz de dar conta diante das persoas que representan os traballadores e traballadoras da Consellería de Traballo e Benestar nos centros públicos que son da súa competencia.

Coma de costume, o Partido Popular, tamén nesta Consellería de Traballo e tamén nas políticas sociais, aproveita esta crise económica para seguir a súa folla de ruta —a folla de ruta da sanidade, a folla de ruta da educación...—, que é deteriorar os servizos públicos, recortar persoal, recortar recursos materiais, maiores copagos para as persoas usuarias e, finalmente, privatización.

Vostede, señora conselleira, dende que goberna suprimiu 800 postos de traballo ocupados por acumulación de tarefas e amortizou ou —por dicilo doutro xeito— eliminou definitivamente outros 700 postos de traballo. Vostede fai unha política inhumana; en vez de priorizar as persoas e a súa atención de calidade, prioriza vostede o custo económico. Ten unhas condicións de traballo brutais para o persoal da Consellería, que supoñen unha grave deterioración física e psicolóxica do persoal dos centros.

Falamos, conselleira, dos centros de atención ás persoas con discapacidade, tanto para prazas residenciais coma de día; das residencias de maiores con atención diúrna e residencial, con atención tamén a persoas autónomas e a dependentes; de centros de menores, con atención residencial e diúrna; centros que teñen que funcionar os trescentos sesenta e cinco días do ano e con atención integral, e, por suposto, centros públicos, conselleira.

Atención integral significa non só asear e dar de comer a quen non pode facelo pola súa man, ou procurar aseo e alimentación a aqueles que son autónomos. Atención integral, conselleira, é tamén atención sanitaria, de descanso, de lecer, de motivación, atender as persoas dignamente, atender sobre todo as persoas maiores no seu tramo final de vida dignamente.

As plantillas non están axustadas nin á realidade dos centros nin ás necesidades, nin ás especiais características das persoas usuarias. O persoal deste centros é obrigado a traballar dúas fins de semana si e unha non consecutivamente, oito de cada nove días laborais, tres noites consecutivas. As baixas cóbrense obrigando as persoas que seguen traballando a suplir a persoa que está de baixa, e igual fan coas vacacións.

Señora conselleira, xeran vostedes unha carga insoportable de traballo, que deriva nunha deterioración da saúde dos traballadores e traballadoras, e nunha menor calidade de atención ás persoas usuarias destes centros. Os traballadores e traballadoras da Consellería de Traballo e Benestar e destes centros teñen problemas musculoesqueléticos, esgotamento físico e mental, estrés continuado e depresións. De feito, é moi importante o incremento das baixas por accidentes e por todas estas cuestións nos últimos anos.

Non hai persoal de apoio nas escolas infantís ata tres anos, antes había auxiliares de enfermería e persoal de enfermería. Falta persoal, faltan medios materiais, e hai unha deterioración máis que evidente das instalacións públicas.

Conselleira, falta comida, as racións son máis pequenas, roupa de camas, luvas, cueiros, esponxas xabonosas, cintos de subxección, cremas hidratantes. As grúas son case todas manuais, e as camas, ou non son axeitadas, ou as articuladas hai que movelas con manivela ou asas, co que isto supón de carga para os traballadores e traballadoras. E por iso incre-

méntanse as baixas laborais de longa duración por accidente laboral.

Falla o mantemento e a reposición de camillas, tensiómetros, aspiradores de mucosidades, cadeiras de ducha, bañeiras xeriátricas. Hai colchonetas de ximnasio, conselleira, postas no chan ou camastros empregados para que as persoas poidan facer a súa sesta. E non o di o Grupo Socialista, pódese demostrar, conselleira, hai fotografías. Fotografías coma esta de centros públicos da Consellería de Traballo onde se ven camastros para que as persoas maiores poidan tomar a súa sesta. Fotografías con accesos imposibles para as persoas que teñen algunha dificultade de mobilidade. Fotografías, conselleira, nas que se ven colchonetas para que as persoas maiores poidan tomar aquí a súa sesta despois de comer para descansar. Esta é a situación dos centros, conselleira.

A meirande parte dos centros convertéronse polas características das persoas que residen neles neste momento en hospitais de longa estancia, e non están preparados para atender as peculiaridades deste tipo de persoas. As persoas residentes alí teñen pluripatoloxías, e non existen nin protocolos de actuación para o manexo de condutas agresivas, nin manexo de patoloxías infecto-contaxiosas, non hai cursos de actualización para o persoal, non hai suficientes e en ocasións ningún aspirador portátil, saturímetros, tomas de oxíxeno con vías para oxíxeno e nebulización, salas de emerxencia preto das zonas de comedor para atender debidamente complicacións relacionadas coa alimentación, como bronco-aspiracións e atragoamentos.

Todo isto, ¿sabe a que leva, conselleira? A que as persoas usuarias destes centros sufran, e sofren rozaduras, éscaras, úlceras. É unha deterioración cognitiva das persoas maiores tan grande que se lles precipita a morte, conselleira, coas súas políticas. (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Os materiais son dos anos setenta, dos anos noventa. Os centros, tanto pola súa deterioración coma pola falla de investimento deles, xa non se adaptan á normativa da propia comunidade autónoma. De feito, os técnicos de inspección de centros xa nin tan sequera pasan por eles porque terían que tomar medidas e o Goberno non quere.

Non hai investimentos para reparar fachadas, nin impermeabilizar tellados, nin cambiar fiestras, nin modernizar os sistemas de calefacción, nin adecentar os accesos para facelos –valla a redundancia– máis accesibles. Co cal o que temos son edificios nos que o frío e a calor se colan polas ventás, con humidades, ás veces –moitas veces– sen auga quente para poder asear as persoas usuarias, cun custo elevado de calefacción ante o insuficiente illamento, e persoas usuarias e traballadoras e traballadores sufrindo estas condicións con gripes, insuficiencias respiratorias, etc.

Todo isto que lle relato, conselleira, vostede non o descoñece, ou non debería de descoñecelo, porque todo isto que digo eu aquí hoxe díxolle por escrito o Comité de Empresa de Traballo e Benestar a vostede, centro a centro, as necesidades de cada un deles, e vostede non fixo nin caso. Vostede saíu dicindo que era un problema puntual de dous ou tres centros e dunha soa provincia, pero os comités de empresa da Consellería de Traballo dixeron que isto é o que sucede nas catro provincias, conselleira. E ante a súa desidia, ante o seu abandono e ante as mentiras reiteradas que nos conta cada vez que veñen aquí, eu creo aos comités de empresa, conselleira, porque eles aportan datos.

Porque, mire, hai sentenzas xudiciais e hai datos. O 9 de outubro do 2012 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deu-lles a razón ás centrais sindicais, a todas as que presentaron recurso sobre o dereito de descanso semanal de traballadores e traballadoras, que vulnera a Consellería nos centros públicos. O 17 de marzo do 2014 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou nula e ilegal a carteleira da Consellería de Traballo para o ano 2013. O 24 de febreiro do 2015 –sentenza que coñecemos esta mesma semana– o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou nula e ilegal a carteleira da Consellería de Traballo para o ano 2014.

E logo hai datos conselleira: recorte de 535 millóns de euros na súa consellería dende o ano 2009, incremento dos copagos de maneira brutal ás persoas usuarias, e agora tamén chantaxe aos concellos de Galicia. E cartas, cartas que lles están chegando a milleiros, a moitas familias galegas estes días, nas que se lles incrementan máis do dobre ou o triplo o copago que viñan facendo para ter dereito a unha prestación residencial ou dun centro de día. Persoas que teñen que pagar 570 euros mensuais á Consellería de Traballo, con pensións de 600 euros, para poder estar nunha residencia.

¿Que lles queda a esas persoas para vestirse, para os seus gastos persoais? Ou no caso dos que só acoden aos centros de día, ¿que lles queda para atender os seus fogares e a súa manutención, conselleira?

Ante isto, ¿que vai facer vostede? Ante a demostración empírica de que non se pode facer máis con menos, que con menos se fai menos e sofren máis quen menos teñen, ¿que fai vostede, conselleira?, ¿vai voltar presumir aquí das cifras das prazas públicas creadas, das mentiras ás que acostuma o señor Feijóo?

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Conselleira, exixo respostas, as preguntas están formuladas por escrito, e exixo actuacións: reposición das prazas públicas eliminadas nestes anos, investimento nestes centros, a actuación da inspección e rectificación destas políticas reaccionarias, que están faltando ao respecto e á dignidade que lles debemos como sociedade ás persoas maiores e ás persoas dependentes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Gallego.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Moitas grazas, presidenta.

Señorías, señoras traballadoras da Consellería de Traballo e Benestar.

Pois si, señoría, vou falar, efectivamente, do servizo público e das prazas públicas e, sobre todo, do compromiso que ten o Goberno da Xunta de Galicia por poñer en funcionamento máis prazas públicas dende o ano 2009. Eu xa sei que á señora Gallego lle molesta moitísimo que lle recordemos o número de prazas públicas que se puxeron en marcha dende o ano 2009, que son 7.800 prazas públicas entre menores e maiores. Xa sei que molesta, mesmo vostede é quen de dicir que son mentira, aínda que lle traíamos edificio por edificio, praza por praza, todas as prazas aquí a este Parlamento. Pero o que si que é certo é que esas 7.800 prazas están vencella-

das ás persoas que máis o precisan –evidentemente, tamén aos nosos maiores–: 3.100 prazas públicas postas á disposición para os nosos maiores, 800 para discapacidade, 3.800 para escolas infantís para nenos de 0 a 3 anos.

Evidentemente, señoría, todo isto non sería posible se non se fixera un grandísimo esforzo, non só polo Goberno senón tamén por todos os traballadores, que están detrás destas 7.800 prazas novas que se puxeron en funcionamento dende o ano 2009. En concreto, dos 415 millóns de euros de orzamento que ten esta área social, esta consellería pero na súa área social, preto do 47 %, o 47 % destes 415 millóns de euros está destinado para garantir o mantemento e o funcionamento desas prazas públicas, en concreto, das 24.400 prazas públicas que existen na nosa comunidade. Porque as prazas, ademais de crealas, ademais de poñelas a funcionar, hai que mantelas. De feito, esas 7.800 novas prazas públicas que existen na nosa comunidade custan ao redor de 49 millóns de euros, preto de 50 millóns de euros precisamente para podelas manter abertas, que é o que estamos a facer, dende que se poñen en funcionamento. E obviamente, ademais deste esforzo, está tamén o esforzo que facemos por manter as instalacións propias desta consellería nunhas condicións que sexan óptimas, nunhas condicións aceptables e, evidentemente, cumprindo o regulamento estrito na materia laboral e mesmo tamén na materia social.

De feito, dende o ano 2009, no que é investimento puro, non só na construción, senón mesmo tamén na reforma e no equipamento de todas as instalacións dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, investíronse 95 millóns de euros; 95 millóns de euros no peor momento para as arcas da Xunta de Galicia, cando tiñamos un 25 % menos do financiamento en total da Xunta de Galicia. Insisto: 95 millóns de euros para crear prazas novas, para obras de prazas novas, pero tamén para obras de reformas de centros da Xunta de Galicia e mesmo tamén para equipamento, como se fixo en residencias, xa que falamos das residencias de maiores e de discapacidade, como a de Marín, como a da Estrada, como a de Bande, como a de Barbadás, mesmo tamén nalgunhas delas como a da Coruña. Todas elas serviron para mellorar a atención nos centros residenciais, nos centros de atención diúrna e nos centros de persoas con discapacidade.

E aquí gustaríame anunciar o firme compromiso de que neste semestre haberá 700.000 euros máis precisamente para poder dotar todas as residencias do material que, como dicía

vostede moi ben, nos foi comunicado, vencellado ás grúas e vencellado a camas. (*Aplausos.*) Ese é o compromiso que temos dende a Consellería para este primeiro semestre, dando resposta, efectivamente, á demanda e ao contacto que dende a Consellería mantemos cos traballadores.

E, por suposto, evidentemente, señoría, o piar fundamental de calquera entidade, de calquera empresa e –como non pode ser doutro xeito– tamén da Xunta de Galicia son os traballadores e traballadoras que cada día prestan ese servizo ás persoas maiores, ás persoas con discapacidade e mesmo tamén aos pequenos, que están por riba dos gobernos, porque son eles os que están a traballar ano tras ano ao carón daqueles que máis o precisan. De nada serviría ter os medios técnicos se non temos o persoal necesario. Así que quero aproveitar aquí para facer un recoñecemento expreso ao traballo de todos os traballadores desta consellería; nada tería sido posible sen o seu compromiso e sen o seu esforzo. Estamos falando de preto de seis mil persoas que traballan directamente nesta consellería, entre a Consellería e tamén o consorcio dedicado tamén ás escolas infantís e centros residenciais e centros de día.

O saldo actual de creación e amortización –eu penso que os datos, señora Gallego, tamén é vostede unha especialista en trabucar os datos–, o saldo real que existe –porque, evidentemente, estas 7.800 prazas é absolutamente necesario que para mantelas haxa traballadores– entre os postos amortizados e creados dentro da Xunta de Galicia máis o consorcio é positivo. É dicir, creáronse 325 novos postos de traballo directos vencellados á Administración, vencellados á Consellería e vencellados á Xunta de Galicia. E isto non concorda para nada, señoría, coas responsabilidades que tiña vostede como membro do anterior Goberno bipartito cando nesta consellería, no ano 2009, cando chegou este goberno, no capítulo I –é dicir, no capítulo vencellado directamente a pagar as nóminas de traballadores– había un burato de 20 millóns de euros. Vinte millóns de euros da política que desenvolvía o bipartito de tirar cara a adiante sen saber de onde ían sacar os cartos para que ao final o resto do Goberno da Xunta de Galicia tivera que facerlles fronte ás nóminas destes traballadores e pagar ese descontrol desmedido que estaba a facer na política de persoal da Xunta de Galicia.

Podo garantir que coñezo o esforzo que están a facer cada un dos traballadores e traballadoras desta consellería, que tra-

ballan evidentemente, se cabe, máis que co bipartito, porque o que non facemos nós é deixar buratos de 20 millóns de euros no capítulo I da Consellería. Pero tamén podó afirmar que se cumpre estritamente o Estatuto dos traballadores, que se cumpre ademais o número de horas que o persoal dos centros desta consellería ten, que en ningún momento supera as 1.665 horas anuais, e que tamén se cumpren os descansos semanais, tanto entre xornadas como, evidentemente, na fin de semana, que son os legais e que recolle perfectamente o Estatuto de traballadores.

En canto ás sentenzas das que vostede fala, señoría, coñézoas moi ben, pero, evidentemente, tampouco –quero dicir– non están cuestionando estas sentenzas o fondo senón a forma. Porque o que realmente a xuíza condena foi o procedemento de negociación, que foi premeditado con demasiada premura dende a delegación da Consellería. E o que critica, que non condena nin impón, porque é unha sentenza declarativa, son as formas, non o fondo. Isto non quere dicir, señoría, que non saiba que se pode, se cabe, mellorar, e mellorar moito, e mellorar da man dos traballadores, escoitando e dialogando con eles. Evidentemente, sempre hai a posibilidade de mellorar.

Somos conscientes de que o máis valioso que temos na Consellería, –insisto– en todas as entidades, é o capital humano, e por iso traballamos e traballaremos cada día para mellorar, se cabe, as súas condicións laborais e tamén o equipamento. E por iso quérolle anunciar que xa foron convidados, xa dende a pasada semana, para que mañá mesmo poidamos reunirnos na Consellería unha vez máis noutra xuntanza cos representantes sindicais para facerlles unha proposta, que é a de mellorar as condicións laborais de todos os traballadores dos centros de Benestar. A proposta que fai a Consellería recolle a última xuntanza cos sindicatos, a última xuntanza onde solicitaron expresamente á Consellería que non querían incentivos económicos e que o que si querían todos os sindicatos era precisamente a ampliación do número de traballadores, que permitira, se cabe, ter maiores descansos.

Foron cento setenta as xuntanzas que se mantiveron dende esta consellería dende que está este goberno desde as distintas delegacións e os distintos responsables desta consellería. Pero, se cabe, por falar da secretaria xeral, que é despois da conselleira a máxima autoridade en materia de relacións

laborais dentro da Consellería, dende o ano 2012 a secretaria xeral mantivo vinte e dúas reunións cos representantes dos traballadores. Tanto é así que a nosa proposta está baseada precisamente nas demandas –insisto– da última reunión feita polos sindicatos dos traballadores, que apostaban por aumentar o número de traballadores e non por incentivos económicos. Esta reunión –a de mañá– non vai ser unha hipótese, é coas organizacións sindicais, e, evidentemente, falaremos do que eles queiran falar para darlles resposta unha vez máis ás súas demandas e mellorar, se cabe, a súa calidade no traballo.

E, señoría, é rotundamente falso que as persoas pasen fame, é rotundamente falso que non estean atendidas nas residencias. Trae vostede aquí fotografías de colchonetas no chandunha residencia para que os maiores durman a sesta. Ou sexa, nunha residencia onde dormen pola noite, ¿precisamos ter colchonetas para que durman a sesta?

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** ¡Home!...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Evidentemente, señoría, eu creo que non encaixa...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Dareille resposta a todas...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

*(A señora conselleira de Traballo e Benestar pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Réplica da señora Gallego Calvar.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Conselleira, non sei se as recoñece, son do Centro de Atención a Persoas Dependentes na Coruña, cidade da Coruña; son fotografías feitas polo persoal que traballa alí, e son, efectivamente, colchonetas para que as persoas maiores durman a sesta despois de comer.

Esta é a situación. E as humidades, os buracos no teito son estes, e isto tamén. E isto tamén pasa alí, conselleira. Vostede leva seis anos no Goberno, ¿sabe?, non chegou onte. (*Murmurios.*) Esta situación existe e se vostede non quere facerse cargo dela pois, evidentemente, esta situación seguirá dándose así. Pero esta situación é a realidade, conselleira; nós aquí traémolles as cousas como son.

Mire, das preguntas que lle fixemos, evidentemente, vostede encargouse de non contestar a ningunha, porque o que nós lle preguntabamos era exactamente en cada centro canto persoal había agora, canto persoal había antes, o persoal que... efectivamente. Vostede fala de que se incrementaron 325 prazas. Fai vostede trampa, conselleira; estoulle preguntando polos centros públicos e por prazas públicas, non lle estou preguntando por outra cousa.

Mire, vostede non está moi lexitimada aquí para falar de utilización de diñeiro público, ¿verdade?, sobre todo vostede. Porque parece que nalgún momento se lle esqueceu para que hai que empregar o diñeiro público e empregábano ou parecía que o empregaban para financiar o Partido Popular da Coruña cos cursos de formación dos traballadores, conselleira. (*Aplausos.*) Para iso é para o que empregaban vostedes o diñeiro público. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire, conselleira, cada vez que fala vostede... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Si.

**A señora PRESIDENTA:** Señora Gallego, por favor, eu non creo que haxa que facer acusacións gratuítas. (*Murmurios.*) E polo menos eu pediríalle...

**A señora GALLEGO CALVAR:** Eu non estou facendo acusacións gratuítas, conselleira...

**A señora PRESIDENTA:** Señora Gallego, estou falando eu.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...ou presidenta, o único que estou facendo...

**A señora PRESIDENTA:** Señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...é poñer de manifesto o que sae todos os días nos medios de comunicación...

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señora Gallego!

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...e que denuncian a un señor que está procesado, nada máis.

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señora Gallego!

**A señora GALLEGO CALVAR:** Nada máis.

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señora Gallego!, estou falando eu e ademais pareille o tempo.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moi ben.

**A señora PRESIDENTA:** O único que lle digo é que me parece que non pasa nasa por gardar a cortesía parlamentaria e polo menos a presunción das cousas e non facer acusacións. É simplemente o que eu lle pido. Siga vostede falando.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Presidenta, cando eu digo “parece”, parece non é afirmación, é que parece, presúmese. (*Murmurios.*) Non sei se vostede o entendeu así, eu, desde logo, entendino así. E é o que parece, conselleira, todos os días sae na prensa.

Mire, prazas públicas. Vostede vén aquí e cada vez di unha cousa. Na interpelación do pleno anterior díxolle á señora do Grupo Mixto 7.000 prazas, agora di 7.800; na de escolas infantís dixo 3.300, agora dixo 3.800; e na de persoas con discapacidade dixo 840, hoxe baixounas, dixo 800. Conselleira, deixe de bailar coas prazas públicas.

Mire, ¿sabe o que pasa coas prazas públicas? Que das 58 escolas infantís abertas dende que vostedes gobernan tan só catro foron planificadas polo Goberno Feijóo; que dos 38 centros de día e residenciais e de discapacidade abertos tan só un foi planificado polo Goberno Feijóo; que todos os centros abertos desde que goberna o presidente Feijóo están con xestión privada, agás tres: o de Sada, Cerceda e Muros. E vostedes, conselleira, en todas as ratios en comparación coas demais comunidades autónomas do Estado están por debaixo, están pola metade. Por exemplo, en atención residencial a persoas con discapacidade, vostedes están nunha

praza por cada 73 persoas, e a media do Estado unha por cada 52; en atención diúrna e ocupacional, vostedes están nunha praza por cada 58 persoas, e na media do Estado hai unha por cada 30 persoas; en prazas residenciais para persoas maiores de 65 anos, vostedes están en 2,8 prazas por cada 100 persoas, e no Estado estase en 4,3, conselleira. E se nos cinguimos só a prazas públicas: 0,6 por cada 100 en Galicia, e 1,15 na media do Estado. Eses son os datos, conselleira.

Mire, ¿que me di?, ¿que cando se enteraron vostedes de que introducimos na orde do día esta interpelación se acordaron de reunirse co Comité de Traballo da Consellería de Traballo e Benestar? ¿Foi así, conselleira? Porque as sentenzas xudiciais están para que vostede rectifique a súa política. Ou ¿que quere?, ¿que os traballadores e traballadoras cada ano teñan que ir denunciando a carteleira que vostede fai sen diálogo e que impón de maneira unilateral para que despois cando haxa a sentenza, que sae xusto cando xa rematou ese ano e, polo tanto, non se pode volver atrás, vostede faga unha foto porque veñen aí as eleccións municipais, as xerais ou as autonómicas, como fixo no seu día cos orientadores e orientadoras laborais antes das autonómicas, e tan pronto como pasaron as eleccións despídenos? (*Murmurios.*) Esta é a súa política, conselleira. Respondan....

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...rectifiquen.

Porque non se pode facer máis con menos, conselleira, porque con menos o que se fai é facer sufrir as persoas máis débiles da sociedade, e esa é a súa folla de ruta ideolóxica. Por moito que vostede veña aquí disfrazar un día si e outro tamén as cifras, que son, sempre que as dá vostede e o señor Feijóo, falsas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Moitas grazas, presidenta.

Non, a verdade é que moita cortesía non espero; non espero, evidentemente, desta señoría cortesía parlamentaria, non.

Pero si que é verdade que polo menos si que me gustaría clarear os datos que son verdade un por un. Pois eu fállolle agora de 7.800 prazas públicas –que lle escoce, que é que é verdade que cada vez que falo de novas prazas públicas lle escoce– (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). Pois é que lea o *Diario Oficial de Galicia*, onde aparece a matrícula de prazas de escolas infantís, e verá que hai dende hai quince días convocadas 500 prazas de escolas infantís, que non foron planificadas polo bipartito e que foron feitas por este Goberno. (*Aplausos.*) Señoría, planificar, (*Aplausos.*) planificar. (*Aplausos.*)

Quedará vostede contenta se toda a xestión do Goberno consiste en planificar, porque vostedes o único que fixeron parece ser que foi planificar, (*Murmurios.*) pero presupostar, comprometer, construír e manter non. (*Interrupcións.*)

**A señora PRESIDENTA:** ¡Silencio!, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Así que vostede crerá que por poñer unha planificación ou mesmo facer un planiño para ter un centro de día xa ten vostede unha praza pública. Pois, mire, non, (*Murmurios.*) hai que tela presupostada, e ademais de tela presupostada hai que mantela. E foi este Goberno –olvídense– o que creou as 7.800 novas prazas públicas, (*Aplausos.*) e o que as mantén unha por unha; (*Aplausos.*) e foron, evidentemente, creadas e mantidas.

E cando falo dos recursos estou falando de todos os centros públicos, porque para min todos os centros que están baixo o consorcio seguen sendo públicos e mesmo tamén están as prazas a ser públicas. Critica vostede, porque é unha teima continua, o da xestión privada, pero ¿ten algo de malo concertar prazas públicas con entidades?, ¿ten algo de malo? Porque, que eu saiba, hai quince días vostede estaba emperada en que concertara prazas públicas con discapacidade para Gaspar, ¿agora xa non? Agora, ¿que quere?, ¿que só falemos dos centros única e exclusivamente que dependen da Xunta de Galicia, ou tamén quere que falemos das prazas concertadas e das externalizacións? (*Murmurios.*) Como sempre é a demagogia de sempre.

Penso ás veces que se pode ter un mesmo criterio dentro do PSdG en Andalucía que en Galicia, pero ¿como vai ser posible se nin sequera a mesma persoa é quen de manter o



mesmo criterio quince días consecutivos? (*Aplausos.*) ¡É imposible! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) O 80 % das prazas públicas de Andalucía son privatizadas, segundo a linguaxe do Partido Socialista, non a miña. O 80 % das prazas públicas do Partido Socialista é privatizado, pero chegan aquí e a privatización é como unha especie de demo do que non se pode falar.

Pero indo ao caso, para min o máis importante é, evidentemente, darlles resposta ao que demandan os galegos, que son máis prazas públicas e, evidentemente, facelo da man daqueles que, estea este Goberno ou calquera outro, seguirán facendo o seu traballo, por vocación, por compromiso e por esforzo, que son os traballadores da Xunta de Galicia, e cos que falamos día a día. Xa lle contei que foron cento setenta as reunións que mantivemos dende as delegacións e dende a Consellería, que a secretaria xeral no último ano fixo cinco reunións cos sindicatos e que vai haber unha reunión máis mañá.

Evidentemente, señoría, eu lamento moito que teña... E vostede é importante, para min é moi importante, pero non o suficientemente importante como para que convoque unha xuntanza cos traballadores da Consellería. Así que temos que seguir falando con eles, para darlles fe e compromiso dos 700.000 novos euros que se van investir en material, que van garantir unha atención mellor e tamén un esforzo menor para eles, para que poidan traballar tamén máis comodamente, e, sobre todo, para darlles resposta ao que eles nos demandaron na última xuntanza, que non eran incentivos económicos, senón incrementar o número de traballadores para que así poidan ter os descansos que eles esperan e que con nós queren negociar.

Decía vostede que non lle contestaba ás preguntas en concreto. Pois, como lle dicía, respecto dos postos de traballo que suprimiu a Consellería, xa lle digo que entre a Consellería e o consorcio se crearon máis de 323 –325 en concreto– prazas novas.

Decía que cantos postos de traballo se amortizaron dende o ano 2009. Pois, efectivamente, amortizáronse prazas, pero creáronse máis, porque o que se fixo foi unha reorganización do traballo. De feito, na área que a vostede lle preocupa, que é a área de maiores, amortizáronse 96 prazas, e creáronse 170 postos. Estou falando unicamente de RPT.

Decía vostede que cal era o investimento en recursos humanos do ano 2009. Uns 20 millóns de burato, ese era o investimento en recursos humanos; 20 millóns de burato que deixou o Goberno bipartito no capítulo I para facer fronte ás nóminas dos traballadores desta consellería.

E este Goberno, en concreto...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** ...está a destinar recursos, e o máis importante a negociar cos traballadores, que é o que máis me interesa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Continuamos co desenvolvemento da orde do día, de preguntas ao Goberno, coa alteración que xa foi comunicada. Polo tanto, substanciamos a continuación a pregunta de don Juan Carlos González Santín.

**Pregunta de D. Juan Carlos González Santín e sete deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento pola Consellería de Traballo e Benestar da situación actual en que se atopan as persoas que están a ocupar unha praza na Residencia de Maiores das Gándaras, en Lugo**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para formular a súa pregunta, o señor González Santín.

**O señor GONZÁLEZ SANTÍN:** Grazas, presidenta.

Señora conselleira conselleira, boas tardes.

Eu veño aquí facerlle unha pregunta moi concreta. Eu espero que vostede non me fale do bipartito, que me fale de prazas concertadas, de prazas propias ou de calquera outra cousa. Eu o que espero é que me fale da súa xestión, da xestión da súa consellería.

Estoulle a falar da residencia de Lugo da terceira idade das Gándaras. Hai pouco tempo, uns meses, neste centro dependente directamente da súa consellería apareceu un brote de lexiónela. Nosoutros non quixemos facer demagogia con este tema, e, desde logo, creo que nos comportamos de

forma ética, pois entendemos que isto pode pasar en calquera centro. Si que lle digo que xa nos preocupou que durante tres días se ocultase esta situación. Pero o día 26 do mes pasado espertamos cun artigo de prensa –eu ata entón non tiña noticia do que acontecía– no que o comité de empresa pon en coñecemento de todos os lucenses unha situación que para min é gravísima na residencia das Gándaras. Repito: eu non tiña nin idea desta situación.

En concreto, falan da segunda planta desta residencia, e moitas das persoas que están nesta segunda planta son dependentes. Falaban de que algunha persoa maior –estamos falando dos nosos maiores– se perdera, persoas con deterioración cognitiva, que incluso tivera que ser recuperada pola Policía; maiores que estaban desorientados e que pola noite se metían na cama doutros maiores; maiores que durmían vestidos. E que os traballadores tiñan que cambiar de planta aos residentes para facerlles atencións básicas como asealos, cambiarlles o cueiro ou darlles a medicación.

Repito: nosoutros escandalizámonos con esta situación e preocupounos moito. Supoño que a vostede tamén lle preocuparía. Por iso a pregunta que lle facemos é moi clara: ¿coñece a Xunta de Galicia, en concreto vostede, a situación que se está a dar na residencia das Gándaras? e, desde logo, por suposto, ¿que é o que vai facer? Porque tamén eu –non son un especialista nestes temas– creo que hai un número de traballadores que hai que ter segundo o número de residentes. E creo, vostede confirmáramos, que esta residencia non o cumpre.

En cada planta hai en concreto vinte e seis internos, e quitando a planta –a planta número 2– hai doce auxiliares por planta; non lle falo doutro tipo de persoal, como poden ser enfermeiras, médicos, do que poderíamos falar, se vostede quere. Nesta segunda planta hai un auxiliar. ¿Que quere dicir? Que como ten que atender vinte e catro horas, e evidentemente a xente traballa oito horas. ¿Que pasaría polas noites? Que non hai ninguén ¿Que pasa as fins de semana? Que non hai ninguén. ¿Que pasa os festivos? Que non hai ninguén. E teñen que ser os seus compañeiros das outras plantas os que atendan –como lle digo– estes maiores.

Na mesma nota de prensa, a min chamoume a atención que a Consellería –pono a nota de prensa, vostede confirmáramos agora– dicía que ía incorporar cinco auxiliares máis. Cóns-

tame, señora conselleira, que así foi. A miña pregunta é clara: ¿sabe vostede o que está pasando alí, todo isto que o comité de empresa di que está a suceder? E que...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor González Santín.

*(O señor González Santín pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato Otero.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Grazas, presidenta.

Señoría, pois a verdade é que si fun informada da situación que se estaba a vivir neste centro, e como dicía vostede moi ben, foi un centro significado por un incidente que ocorreu nos últimos meses vencellado á lexionela.

Pero, antes de nada, si que me gustaría comezar facendo continuidade, se cabe, da intervención que fixen antes, cun recoñecemento expreso ao traballo que están a desenvolver non só na residencia das Gándaras, senón os preto de seis mil traballadores, en concreto, 3.000 que están vencellados aos maiores e ás persoas con discapacidade, porque, de verdade, garántolles que sei perfectamente o esforzo e o traballo que están facendo.

E, se cabe, As Gándaras é un exemplo diso, e moi bo, porque precisamente nese episodio de lexionela foron quen de dar *el do de pecho* e de facer moitísimo máis traballo, e, sobre todo, un traballo nun eido... –e a vostede agradézolle que ademais non fixera política diso–, un traballo silencioso, porque, efectivamente, este episodio de lexionela pódelle ocorrer a calquera, e, afortunadamente, xa está pasado.

O 20 de febreiro foina visitar a secretaria xeral de Política Social, non sei se coincide exactamente coa data desa publicación da que vostede fala. Pero o 20 de febreiro a secretaria xeral de Política Social visitou a residencia para coñecer de primeira man a situación que vostede describía, sobre todo, en materia de persoal e, sobre todo, vencellado á

segunda planta. E, efectivamente, constatamos que había persoal nesa segunda planta, que non é a de dependentes, moi poucas destas vinte e dúas persoas que están na segunda planta son dependentes, estamos falando de persoas autónomas. Vostede fala de persoas que teñen deterioración cognitiva, probablemente sexan as que están identificadas como persoas dependentes, pero, efectivamente, constatamos da necesidade destes cinco novos auxiliares que van vencellados directamente a esta planta para darlle cobertura a eses tempos dos que vostede falaba, e que, dalgunha maneira, garantan o non sobre esforzo do traballador ou traballadora de auxiliar que estaba nesa planta.

Esta solución para nós é unha solución provisional, e queremos que sexa definitiva. E para ser definitiva ten que estar incorporada na RPT formalmente, é dicir, que estas cinco prazas non sexan temporais e queden para sempre. E a RPT a nosa intención é aprobala para xusto no momento que despois de mañá teñamos o acordo presentado cos sindicatos sobre os descansos poder elaborar exactamente eses novas prazas, eses novos postos de traballo, que temos que concretar cos sindicatos e incluso tamén estas cinco persoas máis.

En definitiva, evidentemente, señoría, pódolle garantir que coñezo a situación das Gándaras, que, como a coñezo, puxen solución para tentar axudar no máximo posible ao desenvolvemento do traballo que fan todos os profesionais, non só os das Gándaras, e que, evidentemente, fareino da maneira que entendo que se debe facer, que non é provisional como está agora, que agora está provisional, senón facelo tamén a través da RPT, que publicaremos nuns meses despois da reunión cos sindicatos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Réplica do señor González Santín.

**O señor GONZÁLEZ SANTÍN:** Grazas.

Bueno, antes de nada, agradézolle que, polo menos, recoñeza a situación que hai no centro das Gándaras. Como vostede di é un parche, unha situación provisional. A pregunta que me corresponde facerlle agora é: esa situación provisional,

¿canto vai durar? e, sobre todo, ¿vai meter só cinco auxiliares ou vai facer como no resto das plantas, nas que hai doce? Porque estaríamos a falar do 50 %. Entón, a pregunta tamén creo que é obvia: ¿que pasa?, ¿no resto das plantas están sobredotados?

Tamén teño que coincidir con vostede noutra cousa: no sobre esforzo que está facendo o persoal e os traballadores que alí están. Porque, evidentemente, son eles os que teñen que sufrir, desde o meu punto de vista –e non o tome como algo persoal–, a falta de xestión que hai no centro. Porque, mire, evidentemente, hai un problema de persoal, e tamén vén derivado un pouco do que se falaba na anterior interpe-lación. O de facer máis con menos é imposible, señora conselleira, é imposible. Hai certas cousas que hai que dotar, e o persoal é unha delas.

Vostede sabe que ten un problema co artigo 19, que é o descanso do persoal, en concreto, cos traballadores da Xunta de Galicia que dependen da súa consellería. Hai moitos traballadores neste centro e noutros que están facendo xornadas de sete días consecutivos, hai traballadores que están facendo máis do que se lles pode exixir. E ¿sabe por que? Pois é moi sinxelo, porque a xestión que se está facendo nestes centros non é a adecuada. E ¿sabe por que non é a adecuada? Non porque os traballadores traballen mal ou porque os traballadores non fagan o que teñen que facer, que fan máis do que se lles podería exixir; está o problema en que non se dota de recursos os centros, e un exemplo disto é o centro das Gándaras. E repítolle: estamos a falar dun centro público, dun centro público no que temos aos nosos maiores. E creo que, desde logo, se esta é a forma ou, polo menos, a cara na que a súa consellería está xestionando as residencias da terceira idade, creo que iso di moi pouco da súa conselleira e debería tomar a cousa moi en serio.

Porque, repito: pouco podemos falar dun centro cando a propia conselleira está a recoñecer que hai un serio problema, e –repito– teráselle que dar unha solución definitiva...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor González Santín. Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

Réplica da conselleira de Traballo e Benestar.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Grazas, presidenta.

Señoría, en canto a canto tempo van estar estas cinco prazas dun xeito provisional, ¡home!, non me atrevería a dicirlle unha data en concreto, porque é verdade que despois da xuntanza de mañá, onde teñamos a oportunidade de concretar cantos traballadores máis imos incorporar á Consellería, despois temos que facer a RPT, que, como sabe, é unha publicación tamén obrigada no *Diario Oficial de Galicia*. Polo tanto, isto será cuestión de meses, non lle podo dar a data exacta.

E sobre a seguinte preocupación que ten vostede, se con cinco van quedar satisfeitas ou non van quedar satisfeitas, iso é algo que tamén falaremos cos sindicatos, porque o número total está negociado para toda a Consellería, é dicir, para todas as residencias, e pode ser que ás Gándaras lle toque algún, pero, evidentemente, agora non lle podo facilitar este dato.

O que si lle facilito é unha explicación, que eu creo que ademais cabe dentro da lóxica, sen chegar a dicirlle a ratio que se ten que exixir por atender unha persoa dependente ou unha persoa que non sexa dependente. Pero –como dicía vostede– estas cinco persoas incorpóranse na segunda planta, na que a maioría delas son persoas que son autónomas, que non son dependentes, e a ratio que se exige é moitísimo máis baixa.

Falaba vostede de que na primeira había doce persoas, por exemplo, fronte ás cinco, e isto é así porque os dependentes precisan dunha ratio de atención máis grande. Pero a maiores de todo iso si me gustaría tranquilizalo, se é posible, garantíndolle que no centro das Gándaras, como noutros centros, no conxunto da residencia está a cumprirse a ratio estritamente; é dicir, as ratios de atención de xerocultores auxiliares, de coidadores, de todo o persoal que precisan tanto os dependentes como non estanse a cumprir. Outra cousa é que, evidentemente, nesta negociación poidamos facilitar maiores descansos para ese persoal, que como vostede dicía traballa sete días. E, efectivamente, cumpren co Estatuto dos traballadores, estamos a cumprir o Estatuto de traballadores estritamente, mesmo tamén o número de horas semanais e os descansos aos que polo estatuto teñen dereito, que é dun día e medio, mesmo doce horas intercaladas entre

xornada e xornada. Pero, evidentemente, pódollos garantir que eu son a primeira interesada, non só polo beneficio dos atendidos, é dicir, dos residentes, senón pola satisfacción dos traballadores en que estean moitísimo máis cómodos.

E, señor Sánchez, pódolle garantir que se pode facer máis con menos. Nós fixemos máis con menos, temos un 25 % menos de presuposto na Xunta de Galicia e estamos a crear 7.800 novas prazas. Iso non significa que a política do capítulo I sexa, dende logo, a que estaba a impoñer o Goberno bipartito. Vólvolle repetir: 20 millóns de euros, señor Sánchez, 20 millóns de euros nesta consellería de débeda para pagar as nóminas en decembro, que a tivo que asumir o conxunto da Xunta de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Pola miña parte, nada máis. De todos os xeitos, comparto a súa preocupación e agradézolle que me dera a oportunidade de explicar o que faremos non só na Gándara, senón no resto das residencias.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Alejandro Gómez Alonso, do G.P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co grao de implantación do Plan de transporte metropolitano de Galicia para o ano 2015**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra o señor Gómez Alonso para formular a súa pregunta.

**O señor GÓMEZ ALONSO:** Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Señorías, desde o noso grupo parlamentario, supoñemos que os deputados da bancada socialista compartirán co grupo maioritario desta Cámara que a implantación dos transportes metropolitanos de Galicia son beneficiosos para todos os usuarios e usuarias que actualmente os están a disfrutar.

E tamén supoñemos, señorías, que vostedes lembrarán que o transporte metropolitano de Galicia é froito dun plan que foi

aprobado por un Goberno do Partido Popular no ano 2004 e que comezou a súa andaina no ano 2005 coa implantación deste servizo nas cidades da Coruña e de Ferrol.

Pero, señora conselleira, como vostede ben sabe, co Goberno bipartito este Plan de transporte metropolitano foi paralizado sistematicamente e bloqueado durante catro anos. É máis, incluso ata se deu a circunstancia de que a única proposta de resolución que se aprobaba en materia de infraestruturas mentres gobernaba o bipartito nesta Cámara, nos debates do estado da Autonomía, era un ano tras outro a implantación dos transportes metropolitanos en Galicia, cousa que, evidentemente, nunca sucedeu.

E, claro, o lamentable desa situación son os anos que se perderon na implantación deste importante servizo. O lamentable desa situación é que os socialistas, que daquela gobernaban na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, non eran nin quen nin de entenderse nin sequera cos alcaldes do seu propio partido; non foron quen de entenderse co alcalde socialista de Lugo, co alcalde socialista de Ourense e, claro, co xa famoso alcalde socialista de Vigo. Pero supoño que os deputados que mellor o coñecen, como o señor Losada e o señor Gallego Lomba, coincidirán con este grupo parlamentario en que é difícil chegar a un acordo co señor alcalde de Vigo, porque (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non é capaz nin de entenderse consigo mesmo, porque sempre quere ter a última palabra.

¿Cal é a situación na actualidade, señorías? A situación na actualidade é que está implantado en catro grandes áreas metropolitanas, que están emitidas máis de 226.000 tarxetas e que beneficia potencialmente a máis de 924.000 usuarios. A situación na actualidade, señorías, é que se acaba de asinar un importante convenio con doce concellos da área metropolitana de Vigo, na cal se sumaron todos os concellos desa área, agás Gondomar e Vigo. A explicación do Concello de Gondomar é por un problema de penetración dos seus servizos na estación de autobuses. E preguntolles ás súas señorías do Partido Socialista: ¿cal é o problema co Concello de Vigo?, ¿cal é a explicación para negarse a que Vigo entre no transporte metropolitano? (*Murmurios.*)

Señor Gallego Lomba, vostede que defende tanto ao señor Caballero...

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señor Gallego, faga o favor!

**O señor GÓMEZ ALONSO:** ...¿cal é o problema en negarse a que os cidadáns de Vigo se beneficien deste servizo? Porque non ten explicación. A única explicación posible é que o transporte metropolitano de Vigo non chega a Vigo pola tacañería política do señor Caballero, (*Aplausos.*) pola tacañería política do señor Caballero...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Gómez.

**O señor GÓMEZ ALONSO:** E por iso lle preguntamos...

**A señora PRESIDENTA:** Rematou o seu tempo.

(*O señor Gómez Alonso pronuncia palabras que non se perciben.*)

Rematou o seu tempo, señor Gómez Alonso.

Ten a palabra a señora Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidenta.

Señor deputado, señor Gómez Alonso, dende logo que Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en apostar e promover o Plan de transporte metropolitano, un transporte colectivo nas áreas metropolitanas. Unha iniciativa que deu os seus primeiros pasos nos anos 2004 e 2005 e que, dende logo, no ano 2010 contou cun paso decidido do actual Goberno da Xunta, porque nace co obxectivo fundamental de ofrecer aos cidadáns un transporte público coordinado e atractivo, e que sexa unha alternativa real ao vehículo privado nas áreas metropolitanas das grandes cidades.

A súa posta en marcha dotou dun sistema de transporte público os cidadáns, que se benefician de bonificacións no billete do autobús, que disfrutan dunha mellor coordinación e unha mellora dos servizos, mellora das infraestruturas e, dende logo, vantaxes do transporte público; dun transporte público eficiente porque libera de espazo físico o centro das cidades e reduce a contaminación, e, dende logo, fluidez de tráfico e desconxestión nas cidades.

Falamos dun plan que xa está consolidado en catro grandes áreas urbanas: A Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo, e no ano 2015 marcámonos un obxectivo: o obxectivo de impulsar, incorporar a estas catro áreas novos concellos, e, dende logo, traballar para que tamén sexa unha realidade na área de Ourense e na área de Pontevedra. E na área de Vigo avanzamos cun paso moi importante, un paso importantísimo, pois o pasado 4 de marzo asinamos o convenio coa posta en marcha do Plan de transporte metropolitano con doce concellos, con doce entidades locais. Porase en marcha na primavera e suporá un investimento de 12 millóns de euros, a achega dos 12 millóns de euros aos doce concellos da Xunta de Galicia no período 2015-2019. Estamos ante un acordo do Executivo autonómico e de doce concellos, onde selamos a vontade de entendernos entre todos e compartir servizos a favor e en beneficio dos cidadáns.

Lamentamos que o Plan de transporte metropolitano de Vigo nace sen o concello de cabeceira, sen Vigo, e sen outro concello, Gondomar, que xa en dúas ocasións a oposición rexeitou a súa incorporación. Non podemos entender dende o Goberno galego estas negativas a incorporarse a un sistema que supón vantaxes para os cidadáns, un sistema no que a Xunta de Galicia achega o 80 % e un sistema que permitiu aforrar aos galegos dende a súa posta en marcha 33 millóns de euros nos seus desprazamentos no transporte público. Gustaríame que algún día os responsables políticos das decisións que impiden incorporarse ao Plan de transporte metropolitano explicaran esas decisións, porque, pola nosa parte, señoría, vontade e diálogo para ampliar as áreas do Plan de transporte metropolitano e ampliar a área de Vigo, man tendida e portas abertas para incorporar ao concello de cabeceira. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira. Moitas grazas.

Réplica de don Alejandro Gómez Alonso.

**O señor GÓMEZ ALONSO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, están claras cales son as vantaxes do transporte metropolitano para os usuarios dos corenta e cinco concellos nos cales actualmente está implantado. Para iso non fai falta máis que pór algúns exemplos dos aforros que se están a producir nesas áreas metropolitanas. Nós imos pór

tres exemplos: un veciño de Miño que traballe en Ferrol pode aforrar ao ano grazas ao transporte metropolitano máis de 1.000 euros; un veciño de Guntín que traballe en Lugo pode aforrar ao ano máis de 1.100 euros; ou un veciño da Laracha que traballe na Coruña pode aforrar máis de 900 euros.

Antes explicabámoslles ou preguntabámoslles de forma retórica –non para interpelalos, evidentemente– aos deputados socialistas, en concreto, aos socialistas vigueses, se eles tamén comparten as vantaxes que ten a utilización do transporte metropolitano en canto a aforros e calidade do servizo para os usuarios, neste caso da cidade de Vigo. Porque se o comparten terían que falar co seu alcalde, co señor Abel Caballero, que por tacañería política se nega a implantalo na cabeceira da comarca da área metropolitana de Vigo, para que todos os cidadáns de Vigo se poidan beneficiar de aforros superiores aos 1.000 euros ao ano, señorías. *(Murmurios.)* E ademais tamén se podería buscar deste xeito unha fórmula para facer máis rendible e mellorar os servizos do transporte da ría de Vigo. Pero, claro, como hai situacións que teñen francamente difícil xustificación, quizais algún deputado socialista deste Parlamento, como non dan explicado o porqué da negativa, pois se ten que ausentar porque son incapaces de xustificar o que fai o seu xefe de filas na Alcaldía de Vigo. *(Aplausos.)* É difícil de explicar.

E, claro, agora pois teremos que esperar ao que ditaminen as urnas. Pero o que está claro é que a tacañería política do señor Caballero é prexudicial para os usuarios de Vigo, e está claro que o señor Caballero vai marcar un novo fito no...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

*(O señor Gómez Alonso pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Moitas grazas.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** Grazas, señora presidenta.

Dende a Xunta: vontade por apostar polo Plan de transporte metropolitano, vontade que se traduce en termos económicos: un 43 % case máis no exercicio 2015 de dotación económica para este plan. E traballamos co dobre obxectivo: expandir, implementar este plan nas áreas de Ourense e Pontevedra, e ampliar os beneficios no Plan de transporte metropolitano nas áreas onde xa está implantado, facendo extensivo o modelo a máis concellos. En total, nove municipios máis que xa pediron a súa incorporación: Baleira, Curtis, A Estrada, Padrón, Santa Comba, A Baña, Vila de Cruces, Carballo e Ordes. Por pór un exemplo: un veciño da Estrada que se desprace a Santiago verase beneficiado dun aforro dun 40 % no billete de autobús.

E unha vez cumpridos os trámites coa implantación efectiva na área de Vigo e a ampliación das existentes, incorporaremos máis de medio millón de galegos máis a este plan, acceso ás vantaxes deste plan (*Murmurios.*) e dende o ano 2010 consensuamos este modelo con corenta e cinco concellos, beneficiando...

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** ...a 900.000 galegos. E insisto e repito: grazas a este sistema os galegos aforraron 33 millóns de euros nos seus desprazamentos en transporte interurbano, nos que a Xunta achegou 27 millóns de euros. (*Murmurios.*) Coa incorporación de vinte e un concellos máis, os dez de Vigo e os nove concellos que solicitaron a implantación nas áreas xa existentes, serán sesenta e seis os concellos adheridos a este plan e 1,5 millóns de galegos que accederán ás vantaxes deste plan.

Lamentamos as decisións políticas que impiden que os vigueses se beneficien plenamente das vantaxes do Plan de transporte metropolitano pola negativa do alcalde de Vigo a sumarse a esta iniciativa, que permitiría transbordos gratuitos ao bus urbano e nos seus desprazamentos metropolitanos. Non alcanzamos a entender o que leva a rexeitar este plan, que no seu día contou co consenso e co apoio de alcaldes socialistas como o da Coruña, Lugo, Santiago e Ferrol, todos eles. E, dende logo, gustaríame que primase o interese xeral dos seus cidadáns, os de Vigo; gustaríame que o Concello de Vigo se incorporase nas mesmas condicións que os sesenta e seis concellos que se incorporarán a este Plan de

transporte metropolitano; gustaríame que os vigueses e os veciños de Vigo disfrutasen plenamente de todas as vantaxes do Plan de transporte metropolitano. Dende logo, a porta aberta e espero e desexo que o alcalde de Vigo se sume a ese espírito destes sesenta e seis concellos de distintas cores políticas de unir vontades e servizos en favor dos cidadáns.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdón, perdón. ¿Para que quere a palabra, señor Losada?

A ver, ¿para que quere a palabra? Imos a deixalos...

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Con base no artigo 76.1, no que di que se “no desenvolvemento dos debates se fixesen alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes sobre a persoa ou conduta dun deputado, concederáselle ao aludido, se así o solicitase, o uso da palabra, por un tempo de tres minutos”.

**A señora PRESIDENTA:** Ben, xa escoitei.

Perdoe un momento...

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Non só se me aludiu, senón que se me preguntou.

**A señora PRESIDENTA:** Espere un momento.

Xa escoitei o que quere, entón agora apáganlle o micrófono e falo eu.

Señor Losada, eu non escoitei ningún nome. ¿Que quere que lle diga? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdón, perdón, señor Losada. Pero ¿podo falar?, ¿déixanme falar?

Eu non escoitei ningún nome. Se me apura, se me apura,... (*Murmurios.*) ...pensei que se refería a outro deputado e non a vostede. Fíxese se non escoitei ningún nome. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

E, polo tanto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Quintas, ¿vostede ten a palabra? Vamos ver. *(Protestas.)*

Pois entón, se non lle importa, señor Losada, eu non escoitei o seu nome, e se non lle importa... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Perdón, perdón... Perdón.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...e a retórica enténdoa mal. Non é retórica, é campaña electoral das municipais, como vostede ben sabe.

**A señora PRESIDENTA:** Bueno, xa está.

Xa está, moi ben. Moitas grazas.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día.

*(Murmurios.)*

Perdón, por favor, imos continuar e, se lles parece, imos acabar a tarde con tranquilidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Xa está, imos acabar a tarde con tranquilidade.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a intención do Ministerio de Fomento de restrinxir a circulación de tráfico pesado en determinadas estradas de Galicia e da súa derivación cara ás autoestradas de peaxe**

**A señora PRESIDENTA:** Dado que non se atopa presente, de acordo co artigo 75.1, enténdese que renuncia a facer uso da palabra. Polo tanto, a pregunta decae.

Continuamos coa pregunta seguinte.

**Pregunta de D. Jesús Vázquez Abad e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a limpeza, rehabilitación e posta en valor da ponte romana de Ourense**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra don Jesús Vázquez Abad para formular a súa pregunta.

**O señor VÁZQUEZ ABAD:** Moitísimas grazas.

Boa tarde a todas e a todos.

Señora conselleira, desde logo que resulta para min unha honra formularlle hoxe esta pregunta a respecto do que é sen dúbida un dos principais símbolos de Ourense. Estoume a referir á súa ponte romana ou ponte vella, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* conta da que dá a súa presenza no propio escudo da cidade das Burgas...

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor. ¡Silencio!

**O señor VÁZQUEZ ABAD:** ...desde hai xa séculos, e mesmo tamén no escudo provincial. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Perdón, señor deputado.

Eu prego silencio, se non non escoitamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pido... Señor Fajardo, non empece vostede, que non ten a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*  
*(Murmurios.)*

Vamos ver, supoño,... *(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)* ...señora Gallego, que esta parte da bancada ten dereito a preguntar tamén. Entón imos deixar... *(Protestas.)* ...ao deputado que pregunte. Faga o favor.

Señor Vázquez Abad, ten vostede a palabra.

**O señor VÁZQUEZ ABAD:** Moitas grazas.

Como saben, esta infraestrutura milenaria, levantada orixinalmente no século I, probablemente na época de Augusto, co fin de facilitar a comunicación entrámbalas dúas beiras do Miño, leva séculos contemplando o devir desta cidade e dos seus habitantes, soportando tamén o paso do tempo cunha monumentalidade que aínda hoxe a propios e a extraños desde logo nos abraia.



Coido que os motivos para a posta en valor deste sobranceiro ben máis que fundados quedan ben patentes facendo un simple repaso pola súa historia. Esta ponte, considerada unha das maiores obras da enxeñería viaria do seu tempo, formaba parte dun ramal secundario da chamada Vía Nova, desvíandose ao seu paso polos arredores do enclave de Aquis Querquennis e en dirección a Lucus Augusti, para o que se facía preciso precisamente cruzar o Miño á altura de Ourense.

Sobre esta primixenia estrutura romana –da que apenas quedan uns poucos vestixios nos baseamentos– foron realizándose co devagar do tempo numerosas reformas e reconstrucións, algunhas dun calado bastante amplo, que teñen transformado notablemente a súa aparencia ata chegar á súa recoñecible silueta medieval actual, que permite salvar monumentalmente o río Miño.

Declarado monumento histórico-artístico en 1961, xunto coa capela da nosa Señora dos Remedios, foi a única vía permanente de comunicación entre ambas as marxes do río ata ben entrado o século XX, e por el transcorre ademais o Camiño sueste, tamén coñecido como Camiño Mozárabe e Vía da Prata, polo que circulan preto de 10.000 peregrinos cada ano.

En definitiva, señora conselleira, este ben patrimonial forma parte indisoluble da historia de Ourense e de Galicia, polo que entendemos que este seu indubidable valor patrimonial, turístico e mesmo simbólico ten que traducirse en actuacións que permitan a súa mellora efectiva, un labor no que deben implicarse as distintas administracións. Algunhas delas penso que non quixeron entendelo así, dende a propia Administración local, de xeito que aquelas intervencións que se consideren máis acaídas para a súa posta en valor poidan materializarse con maior eficacia e prontitude posible, á vista do riso que parece provocar nos partidos da oposición a miña cidade de Ourense.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dona Ethel Vázquez.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidenta.

Señor deputado, señor Vázquez Abad, dende logo a relevancia da ponte romana de Ourense na actualidade vai moito máis alá da súa utilidade e da súa condición de infraestrutura estratéxica desde que se executou e foi construída no século I. A transcendencia radica no seu alto valor cultural. Foi declarada monumento histórico-artístico no ano 1961 e dende logo tense convertido nun principal emblema e reclamo turístico neste concello. Estamos ante unha das obras de orixe romana máis valiosas que ten Galicia, estamos ante un ben de interese patrimonial que todos os cidadáns e as administracións temos a obriga de coidar, protexer e preservar, e así o viñemos facendo dende a Administración autonómica nos últimos anos, con labores de limpeza nos últimos anos dende o ano 2010 ao ano 2013 e traballos que se fixeron seguindo procedementos manuais, respectuosos dende logo para non danar a súa estrutura.

E, actualmente, a ponte vella presenta un bo estado na súa estrutura, non precisa de grandes obras de restauración, pero si que é conveniente e necesario e recomendable facer certas actuacións que contribúan ao bo mantemento e a unha mellor conservación, polo tanto á súa posta en valor.

Dende a Xunta queremos seguir coidando, revalorizando esta xoia, esta xoia da arquitectura civil romana, e así estamos traballando desde a Consellería de Infraestrutura en colaboración coa Consellería de Cultura, e con este obxectivo elaboramos un estudo para avaliar o estado actual e identificar as actuacións precisas para contribuír á súa posta en valor.

Este documento define un total de quince actuacións na ponte romana, pero tamén no seu contorno, e que iremos desenvolvendo de forma progresiva. As primeiras delas, unha retirada manual, dende logo realizada de forma totalmente respectuosa, e que realizaremos de forma inmediata –iniciáremola no próximo mes de abril–, e en paralelo redactaremos o proxecto construtivo que definirá unha serie de actuacións que dende logo contribuirán a reforzar o símbolo que é a ponte romana en Ourense.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Réplica do señor Vázquez Abad.

**O señor VÁZQUEZ ABAD:** Señora presidenta.

Señora conselleira, desde logo que agradezo a súa cumprida resposta e coído que queda ben patente a implicación da Xunta no que constitúe unha firme aposta pola mellora dun monumento tan importante para o patrimonio galego como é esta ponte, verdadeira encrucillada de camiños e nexo de unión e encontro dentro desde a época romana.

Estou seguro de que estas actuacións ás que vén desde logo de referirse contribuirán sen dúbida á posta en valor dun dos máis emblemáticos bens desta cidade, cuxa especial singularidade fai del un dos seus máis recoñecibles trazos de identidade. Unha secular relevancia para a articulación desde logo do noso territorio que mesmo quedou reflectida na coñecida cantiga popular xunto con outras dúas importantes citas que conformaron o devir desta cidade. Refírome precisamente ás Burgas e á propia catedral. Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos que estes valores deberían ser máis que suficientes para estimular e garantir a implicación de todas as administracións neste labor, especialmente das máis próximas ao cidadán, de xeito que entre todos se xunten esforzos para sacarlle o máximo partido cultural e turístico a esta infraestrutura e especialmente a esa fermosa cidade do interior.

Por iso, agradecemos novamente a implicación da Xunta e apelamos á responsabilidade conxunta tamén do propio concello na defensa e mellora da posta en valor e promoción deste emblemático ben patrimonial.

Sen máis, quero agradecerlle a súa resposta, pero si que me gustaría coñecer cales son e concretar as previsións e prazos de execución que se manexan para o seu desenvolvemento, para o desenvolvemento destes traballos, así como algún detalle máis que considere vostede de interese salienta.

Nada máis e moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Réplica da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidenta.

Señoría, dende o Goberno galego elaboramos o documento que recolle as intervencións que se deben executar para a posta en valor da ponte romana e tamén o coidado do seu perímetro. A primeira delas iniciáremola xa –como dixen–

de xeito inmediato, cos labores de limpeza, e o resto de actuacións serán recollidas en quince actuacións, quince actuacións que virán definidas nun proxecto construtivo que iniciaremos de forma inmediata a redactar e concretará as intervencións que convén realizar para a súa posta en valor.

Estamos a falar dun conxunto de actuacións, que realizaremos en dúas fases, que teñen por obxectivo a recuperación estética da ponte romana, a mellora do seu contorno para que colla maior protagonismo a ponte, e dende logo traballaremos tamén para a súa promoción e para un mellor coñecemento deste ben, que ten un alto valor patrimonial.

Algunha das actuacións que recollerá o proxecto construtivo será a restauración da sillería, tamén a reparación da calzada, a retirada e traslado da tubaxe de abastecemento que actualmente colga da ponte, tamén unha nova iluminación e a retirada daqueles elementos que non sexan acordes co contorno, e tamén se actuará nas inmediacións do monumento co fin de realizar unha nova pavimentación e un novo acondicionamento da rúa entre a ponte romana e a capela dos Remedios e tamén a construción dunha senda peonil.

En definitiva, estamos ante actuacións de gran relevancia para a súa posta en valor nun dos principais símbolos de Galicia na cidade das Burgas, un conxunto de actuacións nas que se vai destinar preto dun millón de euros, como xa digo, que imos iniciar xa de forma inmediata cos primeiros labores que comezan no mes de abril e redactando o proxecto construtivo do resto das actuacións.

Traballaremos, dende logo, para licitar este mesmo ano a primeira fase das actuacións, actuacións que dende logo contribuirán á posta en valor da ponte romana. Señoría, dende logo creo que é unha mostra do compromiso da Xunta de Galicia coa cidade de Ourense, unha proba máis da aposta da Xunta pola mellora da calidade de vida dos cidadáns, dende logo actuacións que redundarán no desenvolvemento económico e social desta cidade de Ourense.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os posibles efectos dos recortes anunciados pola empresa Pemex no tecido produtivo galego**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, señor Losada, para formular a súa pregunta.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías. (*Murmurios.*)

Señor conselleiro, despois de escoitar... Señora Romero, véxoa absolutamente exultante, debe ser polas obras da...

**A señora PRESIDENTA:** Señor Losada, faga a súa pregunta.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...ponte romana da súa cidade.

Os socialistas, despois de escoitar a interpelación a que respostou esta mañá, queremos deixar claras dúas cuestións – digamos– metodolóxicas. A primeira, os socialistas non cuestionamos en absoluto o talento dos traballadores e das empresas de Vigo e Ferrol; esta é a primeira. E a segunda é que os socialistas estamos absolutamente encantados de que nos estaleiros de Galicia se constrúa o maior número posible de barcos. É para que quede claro e así xa lle evito un par de parágrafos que ten aí na resposta.

Mire, hai outra cuestión xeral: a xeopolítica e a propaganda encaixan mal, señor conselleiro. A propaganda empezou o 24 de maio do ano 2012; vostede era asesor económico do presidente da Xunta, aínda non era conselleiro de Economía e Industria, seguro que recorda a suspensión da programación da Televisión de Galicia e en directo *prime time*, desde o Palacio de Rajoy, íanse facer catorce remolcadores, sete deles ao completo nos estaleiros galegos e outros sete en colaboración con estaleiros mexicanos e 250 millóns de euros, etc., etc. Os socialistas pedimos esa información, non se nos entregou.

O domingo 27 de maio do ano 2012 o conselleiro Javier Guerra dixo textualmente –tamén teño a hemeroteca, porque convén traela–: a capacidade de compra de Pemex non ten límites. Eu tamén entendo que a conxuntura económica cambia –son plenamente consciente–, pero eu creo que algunha explicación probablemente hai que dar.

En agosto do ano 2012, dous meses antes das eleccións autonómicas, Pemex movería dende Galicia 2,5 millóns de toneladas de gasolina e construíría unha terminal de 57 millóns

de euros. 19 de setembro do ano 2012, un mes antes das eleccións autonómicas, a firma de contrato de Pemex subscribirá con Barreras en Navantia para a construción de dous floteis.

O 10 de novembro do ano 13, señor conselleiro –e aí xa era vostede o conselleiro–, dixo –e, como está entrecomillado, entendo que é textual, ou polo menos non houbo desmentidos–: “Se Pemex non asume os seus compromisos con Galicia, a resposta será contundente e daremos explicacións”. Exactamente iso é o que pedimos.

En novembro do ano 2013 Pemex merca o 51 % do estaleiro Barreras, 5,1 millóns de euros. A verdade é que, tendo en conta o nivel de execución orzamentaria do Igape, eu creo que perfectamente podería telo comprado o Instituto Galego de Promoción Económica, porque deixa sen executar aproximadamente 60 millóns de euros cada ano; polo tanto, entendo que 5,1 é o 8,4 %.

Dixemos que Pemex pretendía mercar tecnoloxía, por certo, exactamente o que está acontecendo, porque os estaleiros mexicanos están intentando construír as frotas menores da compañía petrolífera mexicana. E, iso si, o 22 de maio do ano 2014, tres días antes das eleccións europeas, cortaron chapa, empezaron a cortar chapa en Ferrol.

(*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Losada, moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Losada, o primeiro agradecerlle que por primeira vez recoñeza efectivamente a importancia do sector naval, a importancia da carga de traballo nos estaleiros, e sobre todo que recoñeza na súa pregunta, na súa propia pregunta, a importancia e o papel de Pemex na recuperación do sector naval galego. A verdade é que lle levou case tres anos e aínda hoxe, señor Losada, o seu grupo non pediu desculpas por ter negado e torpedeado permanentemente todos os esforzos deste goberno para, efectivamente, traballar con

Pemex e facilitar a recuperación do sector. Hoxe Pemex está construíndo dous floteis en Galicia e xa ocupan preto de 1.000 traballadores nas rías de Vigo e Ferrol. Creo que hoxe na réplica ten unha magnífica oportunidade, señor Losada, para pedir desculpas, en representación do seu grupo parlamentario. *(Aplausos.)*

Señor Losada, nas súas palabras quedan claras as razóns polas que fai todo este tipo de presentacións: pretender sementar novas dúbidas sobre Pemex para intentar erosionar este goberno. Señor Losada, no seu día dubidaron dos contactos de Pemex, no seu día o Grupo Socialista dubidou dos contratos de Pemex, e hoxe pretenden dubidar do seu cumprimento. Pois, señor Losada, lamentablemente teño que dicirlle, con toda contundencia, que en Galicia Pemex está construíndo dous floteis, un en Barreiras e outro en Navantía, e que os estaleiros galegos Armón e Freire están participando no deseño, abastecemento e construción da renovación da frota menor de Pemex. Con toda contundencia e con toda cordialidade llo podo trasladar.

En todo caso, señoría, como lle digo, agradézolle a súa preocupación polo sector naval, e, como sabe, este goberno está totalmente comprometido co sector naval galego. Estamos traballando –e así o trasladamos– no financiamento, na internacionalización e na innovación do sector naval galego; seguiremos traballando, seguimos traballando apoiando todo o sector, os estaleiros públicos e os estaleiros privados, con axudas financeiras. Como sabe, no eido da innovación, o sector naval é un sector estratéxico, e, como xa ten trasladado este goberno, o CIS Galicia será o centro de referencia para impulsar a innovación no sector naval galego e tamén reforzaremos loxicamente a posición do sector no eido internacional.

Señoría, hoxe a realidade do naval é moi distinta da que herdamos, hoxe a realidade do sector naval galego está nas gradas.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, grazas, conselleiro.

Réplica do señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Señora presidenta, moitas grazas.

Señor conselleiro, mire, nós non sementabamos dúbidas, nós pediamos información polo artigo 9, á que temos dereito como grupo parlamentario, e non se nos proporcionaba; as dúbidas sementábanas vostedes ocultando esa información.

Mire, o 17 de febreiro do ano 2015 Pemex anuncia unha redución do seu orzamento do 11 %, 3.700 millóns de euros, e di formalmente nunha nota de prensa que vai renegociar todos os contratos de subministración de bens e servizos. Vostedes non dixeron nada. E iso é do que queremos falar, señor conselleiro, porque ao señor Feijóo acabóuselle falar de Touriño, falar de Zapatero, falar de Almunia, falar do *tax lease*, e agora do que fala, na última declaración sobre este tema, o que dixo o señor Feijóo –e, por certo, vostede parece que tamén, digamos, respaldou– é que é cuestión das empresas buscar encargos de traballo. ¡Oia!, iso xa o sabemos. E, entón, ¿vostedes para que están? Porque se é cuestión das empresas, os orzamentos van á baixa, as execucións son verdadeiramente vergonzantes, señor conselleiro, e sábeo, pode vir aquí e –non sei– contarnos algunha outra historia, pero sabe perfectamente que é así.

Entón, ¿pódeme explicar vostede para que están exactamente? Están para publicidade e propaganda, porque mire, o señor ministro de Industria, Enerxía e Turismo, o día 2 de febreiro do ano 2014, dixo: “*Pemex traerá una importante carga de trabajo en los próximos años.*” ¡Oia!, todo o mundo sabía que a situación financeira de Pemex era moi mala, o prezo do petróleo inda non estaba tan baixo como agora pero xa estaba baixando, todas as grandes empresas petroleiras do mundo estaban reducindo os seus pedidos, e lamentablemente o señor Soria neste caso, e o señor Feijóo e vostedes, seguían alimentando unha auténtica burbulla propagandística, que ao final o único que era era un auténtico insulto a ese 30 % de persoas que hai na comarca de Ferrol en desemprego e a ese 25 % que hai en Vigo...

**A señora PRESIDENTA:** Señor Losada, acabou o seu tempo.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Negar a implicación deste Goberno na recuperación do sector naval é simplemente vivir nunha ilusión política, que é na ilusión na que vive o Partido Socialista de Galicia.

Señor Losada, con toda contundencia, os floteis de Pemex estanse a construír en Barreras e Pemex. Intentar poñer en dúbida que Pemex está asumindo os seus compromisos e está desenvolvendo os seus compromisos pois loxicamente é simplemente faltar á realidade, e a realidade, efectivamente, é que a recuperación do sector naval, despois dunha herdanza na que vostedes –o bipartito– deixaron cero contratos –cero contratos– en Navantia e cunha situación do sector naval efectivamente decadente, e que o Partido Socialista, eu estou seguro de que seguramente nos podía dar algún tipo de explicación concreta, pero a través do seu ex secretario xeral, como sabe, o señor Almunia, que tramitou todo un expediente de *tax lease* que paralizou o sector naval galego e español, pois loxicamente sería bo que puidera dar explicacións. Eu lamento que non utilizara o seu turno de réplica para trasladar as desculpas a este Goberno. En calquera caso, terá unha oportunidade posterior. (*Murmurios.*)

En calquera caso, o sector naval segue a recuperarse, o sector naval ten comprometidos 1.400 millóns de euros en diferentes contratos, sabe perfectamente que 600 millóns son en Navantia e outros 800 millóns nos estaleiros privados, e sabe tamén que os estaleiros seguen traballando para conquistar contratos e que este Goberno segue implicado en colaborar co sector naval en todo aquilo que lle permita conseguir unha maior carga de traballo.

E ese dinamismo estano a demostrar efectivamente os estaleiros. Sabe perfectamente da firma desa construción do oceano-gráfico da Armada peruana ou da adxudicación do buque escola á Armada de Indonesia por parte de Freire, e coñece tamén perfectamente o buque contra incendios para Iraq firmado por Cardama. Polo tanto, unha tendencia clara de recuperación do sector naval, tanto na ría de Ferrol como na ría de Vigo.

Nós seguimos traballando. O naval galego, efectivamente, ten ante si a oportunidade de traballar en diferentes mercados. O impacto da industria do petróleo é evidente no sector naval. Hai outras oportunidades: no transporte marítimo, na industria pesqueira, na diversificación do propio sector naval a través

da participación na construción do eólico *offshore*, con este contrato por exemplo que Navantia asinou con Iberdrola e que se está tamén a desenvolver, e polo tanto o sector naval segue no camiño da recuperación. Este Goberno segue implicado na recuperación do sector naval, e dende logo seguiremos traballando co sector para, efectivamente, que os traballadores poidan ter un futuro consolidado no sector naval galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego ante a nova situación da petroleira mexicana Pemex**

**A señora PRESIDENTA:** Dado que a deputada non está presente, enténdese, de acordo co artigo 75.1, que renuncia a facer uso da palabra e polo tanto a pregunta decae.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez e D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas de apoio económico e material suplementarias que vai achegar o Goberno galego para fornecer, a través dun plan plurianual, os programas que está a desenvolver a asociación Aspaneps**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, señora Solla, para formular a súa pregunta.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Pois temos xa debatido na comisión a situación que vive a asociación Aspaneps de Ferrol. O meu grupo ten trasladado xa que a atención á dependencia, á diversidade funcional e cognitiva, á sanidade e aos servizos sociais deberan ser asegurados mediante servizos públicos. A ausencia de moitos servizos e atencións, que deberan ser un dereito, levou, como xa saben as súas señorías, en moitos casos, hai moitos anos, a que as familias se organizasen para defender os dereitos de todas estas persoas e prestar os servizos que non prestaban as administracións.

Aspaneps (Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais) é unha desas organizacións sen ánimo de lucro

que, con moito traballo das familias e dos profesionais, foi saíndo a adiante durante estes anos. Hoxe levan vinte e catro anos de traballo, atendendo programas de intervención coas familias, nenos e nenas con problemas e mesmo programas de sensibilización fronte ás diversidades funcionais e cognitivas.

Este programa, sobre todo o de intervención familiar, actúa en familias multiproblemáticas, co cal, ademais dos nenos e nenas, atenden unidades familiares dunha cidade tan castigada como é Ferrol.

A importancia é elevadísima na atención infanto-xuvenil, sobre todo no relativo á intervención relacionada coa saúde mental, xa que evitan afortunadamente que algúns problemas vaian a maiores, evitando ingresos e traballando en prevención das drogadiccións.

Este grupo ten xa denunciado a situación en comisión, na que este colectivo se ve abocado a realizar a súa actividade dende a necesidade, por exemplo, de melloras nas dependencias nas que traballan –levamos algunha iniciativa sobre o local no que están desenrolando a súa actividade, defendémolo en 2013– e tamén pois os recortes orzamentarios. Por unha banda, o Concello leva recortado os recursos dende o ano 2009, recortes aos que se suman tamén os realizados por parte da Xunta de Galicia, que levan a que a asociación teña que soportar unha diminución ata un 25 % do seu orzamento.

Entenderán vostedes que con eses recortes non poidan realizar as actividades nas condicións nas que lle gustaría; unha retallada tan elevada que, para manter a actividade, hai dous anos, este recorte xa propiciaron un ERE temporal e parcial para evitar pois os despedimentos do persoal e a asunción ademais por parte dos profesionais dun recorte do 25 % de salario.

Recentemente o pleno municipal aprobou, a instancias do Grupo Municipal de Esquerda Unida, unha iniciativa para recuperar o orzamento municipal, levándoo aos valores de 2009, e agora mesmo toca preguntarlle polo tanto á Xunta de Galicia: ¿que vai facer pola súa parte e que medidas de apoio económico e material suplementarias vai achegar o Goberno galego para fornecer ese traballo a través dun plan plurianual para os programas que desenvolve agora mesmo Aspaneps? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Solla.

Resposta da conselleira de Sanidade.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Ten vostede razón, señoría, en que a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps) vén desenvolvendo ininterrompidamente dende o ano 1991 o seu labor en relación coa atención á saúde mental infanto-xuvenil na poboación de Ferrol e da súa área de referencia. Trátase, efectivamente tamén, dun caso único na organización da prestación do Servizo Galego de Saúde, xa que é a única área onde a asistencia á saúde mental infanto-xuvenil non está directamente prestada polos recursos asistenciais do Servizo Galego de Saúde. Aínda así, valoramos moi positivamente, á vista dos resultados asistenciais e de calidade, o labor desenvolvido por Aspaneps.

Como vostedes saben, e como acaba de dicir tamén, Aspaneps é unha entidade sen ánimo de lucro, que, ademais de realizar as actividades que teñen no convenio co Servizo Galego de Saúde, realiza outras actividades, como é un programa social e de integración na comunidade a través dun centro ocupacional situado en Fene, cun contrato asinado coa Consellería de Traballo e Benestar, ou tamén o programa “Ponte no meu lugar.”

Así mesmo, desenvolve un programa de atención socioeducativa á familia, ao neno e á nena con necesidades específicas e ás súas familias, que ten financiamento tanto público, doutras entidades, non só da Xunta de Galicia, senón tamén ingresos dende o punto de vista privado e de carácter privado.

Dentro do que é o convenio co Servizo Galego de Saúde, desenvolve actividades de asistencia directa, que inclúen primeiras consultas, avaliación diagnóstica, psicoterapéutica, revisión e seguimento, rehabilitación e reinserción, asistencia indirecta –que inclúe a prevención a través de programas sanitarios realizados conxuntamente co Servizo Galego de Saúde e coa Consellería de Sanidade e con financiamen-

to moitas veces específico–, apoio e asesoramento a institucións relacionadas co menor, a institucións educativas, e información e derivación á rede asistencial naqueles casos que o precisan.

Podemos indicar que no ano 2013 a actividade realizada foron 388 entrevistas de acollida, 349 primeiras consultas, 75 retornos, que son aqueles pacientes que permanecen ininterrompidamente un mínimo de dous anos sen ningún contacto co terapeuta, e 3.694 consultas.

Para isto, a Consellería de Sanidade mantén –e mantivo durante todos estes anos– un convenio de colaboración, que se mantén tamén neste ano 2015, e que xa está asinado. O ano pasado asinámoslo no mes de xuño, mentres que agora este ano conseguimos asinalo neste primeiro trimestre.

Somos conscientes de que ao longo destes anos lle pedimos un esforzo a Aspaneps, ao igual que lle pedimos a todos os nosos organismos dependentes, porque non sería razoable que o mesmo esforzo que pedimos aos nosos profesionais non se pida tamén a unha entidade privada, que á súa vez sufraga os soldos dos seus traballadores con estes fondos públicos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, grazas, conselleira.

Réplica. Señora Solla.

**A señora Solla Fernández:** O que lle preguntabamos era que esforzo ía facer a Xunta de Galicia. Vese que vostedes non van facer esforzo ningún.

Díxenlle na intervención que son os profesionais os que están facendo o esforzo que vostedes non fan, que xa se aplicaron un ERE, que xa se aplicaron un recorte do 25 % do seu salario, que levan ademais todos estes anos coa incerteza que supón asinar anualmente un convenio, polo tanto non poden asegurar dun ano para outro se van poder manter os programas que están a desenrolar.

Vostede acaba de relatar aquí a importancia do traballo que fai a asociación, co cal o que non é razoable é que vostedes continúen aplicando os recortes ano tras ano a unha asociación que fai un traballo tan importante.

En 2009, 187.000 euros de orzamento público da Consellería para esta asociación, a día de hoxe son só 141.169 euros, señora conselleira. Este ano vostedes aplican outro recorte dun 2 % a un orzamento dunha asociación que xa está traballando baixo o límite do orzamento que poden asumir para manter eses programas de intervención nunha sociedade como é a ferrolá, tan castigada tamén polas súas propias políticas. As súas políticas, as da Xunta de Galicia, condenan á fame a Ferrol, á destrución da súa industria, á morte do naval, e castíganos tamén cos servizos sociais.

Hai pouco debatemos aquí como está a situación de residencia de Caranza. ¿Vanos tamén castigar reducindo os servizos en atención mental infanto-xuvenil a esta cidade, que está nesta situación, grazas tamén ás súas políticas?

Aclare tamén aquí –debería aclararnos– se vostedes están a investir na área de Ferrol o mesmo que noutras áreas sanitarias en canto á saúde mental infanto-xuvenil; non vaia ser que, como esta asociación é a que se fai cargo, resulte que co investimento vostedes están a aproveitar para practicar recortes que non fan noutras áreas. Debería vostede aclarar aquí cal é o problema que teñen con Ferrol e por que vostedes perpetúan uns recortes que o único que fan é cebarse nas persoas máis débiles. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, grazas, señora Solla.

Turno de peche. Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** Grazas, señor presidente.

Pois si, é certo que no ano 2015 a cantidade que se consigna no convenio para Aspaneps é de 141.169 euros, que entendemos que debe permitir dispensar unha axeitada atención á poboación de referencia.

Como digo, firmamos este convenio neste primeiro trimestre, e así mesmo o anticipo desta subvención subiu do 10 ao 25 %, o que supón un anticipo de 1,5 millón de euros, un feito que entendemos que pode resultar moi beneficioso para a propia asociación, xa que lle vai permitir unha maior flexibilidade na súa tesourería. O obxectivo, considerando a situación económica actual, é facilitarlles o antes posible a

liquidez necesaria para que poidan exercer o seu labor nas mellores condicións posibles.

Tamén nos comprometemos coa asociación a tentar proporcionar aos seus profesionais unha mellor facilidade para o seu traballo co acceso a IANUS, á historia clínica electrónica, e como primeiro paso xa foron os nosos servizos de informática, acudiron ás súas instalacións para auditar a súa rede e realizar as avaliacións técnicas precisas para valorar as posibilidades para facilitarlles ese acceso. Este é un compromiso da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia de case 6 millóns de euros este ano 2015 para as asociacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento da asistencia sanitaria a pacientes con trastornos auditivos e de saúde mental infanto-xuvenil.

Quero recordarlle, señoría, que o maior recorte que sufriu Aspaneps durante todos eses anos foi do 2009 respecto do 2008, que se reduciu un 10 % a súa aportación. É certo que nestes anos lles vimos pedindo un esforzo, un esforzo coma a todo o resto da Consellería e do Servizo Galego de Saúde, un esforzo que non parecía razoable que non tiveran estes profesionais cando o estaban a ter todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde.

E –repito– creo que estas dúas accións, o firmar o convenio o antes posible neste primeiro trimestre e subir a aportación, o adianto, do 10 ao 25 %, vaille permitir á asociación ter máis dispoñibilidade de tesourería. E tenlle que chegar, señoría, (*Murmurios.*) tenlle que chegar, para seguir prestando a mellor atención que prestan... (*Interrupcións.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, señorías.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** ...aos nenos de Ferrol. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e seis deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a depuración de responsabilidades en relación co proceso de venda de Novagalicia Banco**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Bueno, boa tarde a todos e a todas, tamén ao conselleiro.

Debería aclarar en primeiro termo cal foi ese acto que lle impediu contestar esta pregunta como primeira parte da orde do día desta tarde.

E a pregunta ten que ver cunha noticia que sacudiu os galegos nas últimas datas, unha noticia que deixou ben claro que ao que chamaron crise non era unha crise, era unha estafa de primeira orde, que demostraba que estamos nun novo modelo de capitalismo tardío, de capitalismo de saqueo, que basicamente consiste en que o diñeiro de todos sexa malgastado para salvagardar os intereses dos catro de sempre.

É tanto así que o proceso de venda de Abanca significa que logo de que gastemos 9.000 millóns de euros públicos llo entreguemos a unha empresa por apenas 1.000 millóns e que resulte que no primeiro ano esta empresa obtén uns beneficios de 1.157 millóns, dos cales 556 son beneficios fiscais. Isto para nós só ten un nome: é unha estafa, un roubo. E é, polo tanto, un elemento absolutamente deplorable que terá que explicar o Goberno como se dá, e tamén terá que depurar as responsabilidades de quen toma unha decisión, primeiro, de malvender esta caixa galega, pero tamén de apurarse nesta mala venda.

E dicímolo porque para nós hai algunhas cuestións que son francamente deplorables. Imaxinen vostedes que a todos eses milleiros de galegos que non teñen unha casa o Goberno galego con cartos públicos lles adecentase unha casa en ruínas, llela amoblase e despois llela vendese polo 10 % do que custa, e que estes durante o primeiro ano puidesen, dese 10 % que pagaron, ter unha exención fiscal moito maior que o seu custo. Iso sería un beneficio social. Resulta que cos veciños, coas persoas que necesitan unha casa non se poden ter estas atencións, pero cos bancos, con bancos ademais de capital estranxeiro –como neste caso, de Venezuela–, si que teñen estas atencións; regálanselles da orde de 11.000 millóns de euros de todos e todas, o cal significa unha verdadeira estafa.

Miren vostedes se é unha estafa –imos facer comparacións–. 11.000 millóns de euros públicos que tiveran servido soa-



mente para que en Galicia se atendese o orzamento da Consellería de Traballo e Benestar ata o 2030, con eses 11.000 millóns de euros que se lle regaláron a un banco privado que agora fai negocio. Pero non só iso. Imaxinen vostedes o que poderían facer en Galicia con eses 556 millóns de euros que se lle deron en beneficios fiscais para que agora os seus beneficios sexan multimillonarios e que soamente no ano pasado os seus directivos en Galicia embolsasen 6 millóns de euros. Con eses 556 millóns de euros poderíanse atender en Galicia coa Risga 106.382 persoas. ¿Sabe cantas atendemos durante este ano? Apenas 10.000 persoas. Estamos, polo tanto, falando dunha nova estafa. Aquí soamente se ten atención social cos bancos e déixanse morrer os nosos veciños cando estamos a malgastar o noso carto público en xerar beneficios para unha banca privada que ademais nin sequer ten residencia en Galicia, senón en Venezuela. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Fajardo.

Resposta do conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

Hoxe á mañá o presidente contestaba unha pregunta similar formulada polo Bloque Nacionalista Galego. Como comentaba en primeiro lugar o presidente, a nosa finalidade dende o 2009 non foi outra que contar cunha entidade estable, eficiente e vinculada con Galicia, tanto a nivel crediticio como a nivel social. A oferta gañadora na subhasta do FROB sería mellor se traía consigo un maior compromiso coas familias e as empresas galegas, un maior compromiso coa obra social, o mantemento de servizos centrais en Galicia e unha mellor garantía do mantemento dos postos de traballo.

Se nos situamos no momento da venda, a finais de 2013, a venda foi un procedemento público, aberto e transparente. A venda foi a primeira que permitiu recuperar fondos públicos. A oferta gañadora representaba o dobre da segunda mellor; e incluso, se repasamos as hemerotecas, constatáramos que incluso se chegou a dicir en foros económicos cualificados que o prezo pagado era excesivo. A venda, pois, foi boa para Galicia, porque cumpría o que queríamos e obtivo o mellor prezo posible nas circunstancias propias de finais de 2013.

Como tamén cremos que foron boas para Galicia as consecuencias neste primeiro ano desde a venda. Cremos que é bo contar cunha entidade crediticia en Galicia que, por exemplo, é a prestamista de 3 de cada 10 euros que se prestan en Galicia; que ten un coñecemento da realidade do tecido empresarial galego e das familias, que a fai, polo tanto, máis próxima á demanda dos seus clientes, o que xera un valor engadido de xeito directo pero tamén indirecto polas empresas que lle prestan diferentes servizos. Que unha entidade con sede en Galicia cunha elevada cota de mercado teña un beneficio na súa actividade bancaria parécenos positivo, porque positivo é que aínda máis –como parece– ese resultado se destinará a fortalecer recursos propios, é dicir, a mellorar a súa solvencia, porque ser máis solvente permitirá poder xerar máis crédito para as empresas e as familias galegas, ao tempo que se consolida este novo proxecto.

Sen máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Mire, señor conselleiro, eu tiña claro que non me ían contestar. Non van contestar, entre outras cousas, porque tampouco o fixeron ás máis de seis solicitudes que lles fixemos por escrito dende xuño de 2013 para que entregasen toda a documentación á Comisión das Caixas ao respecto deses informes que quedaba claro que podían dicir que non era o momento da súa fusión, ou tampouco puxeron encima da mesa os documentos que demostraban que esa premura pola venda significou un erro para Galicia.

¿Como pode plantexar vostede que ese era o momento oportuno? ¿Que pasaría se esa caixa fose pública e, polo tanto, os 500 millóns de euros de beneficio, quitados de exencións fiscais, fosen xa directamente da Administración pública? Pois que teríamos 500 millóns de euros que poderían ser utilizados para os nosos servizos públicos, para a nosa atención a quen máis o necesita. Pero agora non, agora están nos bolsillos dunha entidade que, por certo, non é galega, é unha entidade que é venezolana. E vostede debería saber, coma min, que esa entidade venezolana ten agora o seu maior negocio na caixa galega, porque é incluso máis impor-

tante que calquera dos outros negocios que tiña en Venezuela. Iso para nós é cumprir o obxectivo do Partido Popular. Vostede díxomo moi ben: cumpriron o seu obxectivo, que é saquear o diñeiro público, saquear a banca pública e entregarllela a aqueles que vostedes defenden, que non son outro que o capital financeiro e neste caso o capital financeiro internacional.

¿Como é posible que teña a posibilidade vostede de dicir que é unha boa venda e que nos permite ingresar un montante importante de diñeiro? Dos 9.000 millóns de euros que custou o seu saneamento non imos ingresar nada, apenas temos cobrado 400 millóns desa venda, e resulta que no primeiro ano de exercicio xa o banco é capaz de ingresar o dobre do que nos pagou por esa venda. Se para vostede esa é unha boa operación, o que ten que facer inmediatamente é deixar de ser conselleiro, a pesar de que apenas leva un mes. Porque se vostede defende esa operación, non pode seguir plantexando que vai formar parte dun Goberno que malvende o que debe de ser de todos e que sería hoxe unha banca pública que activase a nosa economía, que tanto se necesita.

¿Sabe cal é o peor problema da economía galega neste momento? O acceso ao crédito das pemes, dos autónomos e das familias.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** E iso non está solucionado con esta mala venda. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Fajardo. Rematou o seu tempo.

Turno de peche. Señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Despois de todo o sucedido desde o 2009 coas entidades financeiras –insisto–, quero lembrarlle que a nosa postura pasou sempre por manter unha entidade con sede en Galicia e vinculada a Galicia. Por certo, noutras comunidades autónomas non se pode dicir o mesmo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E agora que mantemos esa entidade, que teña beneficios sen dúbida é unha boa noticia, como tamén é

unha boa noticia que eses beneficios se dediquen a consolidar a súa solvencia, como tamén que a actividade como banco lle permita manter o emprego en Galicia, como tamén ser capaces de dar solucións ao cadro de persoal convencendo institucións europeas para a paralización do ERE que estaba en marcha, como tamén que se conseguise manter un maior número de oficinas en Galicia evitando a exclusión financeira que poñía en risco a presenza de entidades en concellos pequenos, como tamén que se consiga concretar un plan de financiamento da obra social de máis de 150 millóns de euros en trinta anos, como tamén –e sobre todo– que a actividade lle permita achegar crédito ás empresas e ás familias galegas. Por todo isto é unha boa noticia.

Hoxe á mañá o propio presidente, en resposta a unha pregunta formulada polo seu propio grupo, cando se analizaban os datos do PIB, confirmaba como determinadas mensaxes non se corresponden coa totalidade das cifras cando se analiza, por exemplo, a evolución do PIB no ano 2014. En determinadas mensaxes, cando analizamos as compoñentes da demanda interna, dámonos conta de como o consumo final público das administracións tiña un crecemento sinaladamente superior e a contribución do 0,6 % fronte ao 1 % en España. *(Murmurios.)* O mesmo sucede con este caso. Cando analizamos as compoñentes da oferta, resulta que no sector servizos o subsector de actividades financeiras en Galicia respecto de España é o que presenta en 2014 un diferencial maior. Repasen as cifras e comprobarán como en Galicia hai un posicionamento positivo e a contribución do 0,3 fronte a un decaemento en España do 5, algo. En consecuencia, esa mensaxe que acaba de introducir vostede nestes momentos é totalmente incorrecta.

E, ademais, esa constatación pola vía das compoñentes da oferta nos distintos subsectores do sector servizos –en concreto, de actividades financeiras– ten o que significa un adianto en termos económicos, porque significa que as empresas empezan a obter mellor financiamento, significa que as familias empezan a ter un mellor financiamento, e iso significa mellor e maior emprego.

Polo tanto, quero corroborar esa última apreciación que fixo vostede e manter –como dicía anteriormente, do que nos sentimos moi orgullosos– a postura nestes difíciles seis anos para obter unha entidade en Galicia que presta servizos dentro do conxunto das entidades financeiras para un mellor...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ...crecemento económico e emprego.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

Esgotados os puntos da orde día, érguese a sesión.

*Remata a sesión ás seis e quince minutos da tarde.*



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25